

## **vilalba**

Comeza a funcionar a nova zona azul en varias rúas do centro da vila. **Pax. 3**

## **a pastoriza**

A Deputación investirá case medio millón de euros en varias actuacións. **Pax. 12**

## **muras**

O Concello acollerá a primeira sesión do congreso de fotografía LEA o día 28. **Pax. 16**

## **xermade**

Un ano máis, o Concello convocou o Premio de Investigación Xermade na Historia. **Pax. 20**

## **deportes**

Remata a tempada para os equipos de fútbol e fútbol sala con varios éxitos. **Pax. 27 e 29**

# Posta a punto do verán

As instalacións de ocio volven abrir sen restricións, algunhas de estrea, como o Club Fluvial de Friol, remodelado completamente



## Presentan o proxecto da nova papeleira

A fábrica de papel tisú de Ence converterá As Pontes nun centro de economía circular. **Pax. 6**

## O GDR concorrerá aos fondos Leader

Nesta convocatoria realizarase, durante os próximos meses, unha estratexia local participativa. **Pax. 23**

## A Deputación será a anfitroia da Copa Creativa

Este título recoñece iniciativas que promocionen o desenvolvemento sostible. **Pax. 26**

## Cantería, callos e artesanía



A Carballeira de Parga acollerá unha nova edición da Feira. **Pax. 14**

## Festa en Castro



As festas patronais volverán á normalidade tras dous anos sen festexos. **Pax. 17**

## Festa dos Coches



ACEA Meira repite este ano a Festa dos Coches polo San Cristovo. **Pax. 22**

**REBAIXAS**  
O momento para cambiar de gafas

**A nosa calidade agora a prezos sorprendentes**

PERÍODO DE REBAIXAS DO 1 DE XULLO AO 31 DE AGOSTO

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

**Vilalba**  
C/ Plácido Peña, 9, 27900  
Tel: 982 51 01 00

**As Pontes**  
Av. Galicia, 91, 15320  
Tel: 981 45 15 04

## A vila estrea mobiliario con plástico reciclado



O Concello de Vilalba dá un novo paso na súa aposta pola sustentabilidade coa instalación de novo mobiliario urbano para o descanso dos veciños feito con material reciclado. En concreto, instaláronse xa oito bancos na avenida Terra Chá realizados con plástico reciclado de alta calidade, 100% reciclables e ademais non necesitan mantemento. Nas próximas datas colocaranse máis bancos e cadeiras realizados

con este material, todos eles co certificado alemán Blauer Engel para produtos e servizos respectuosos co medio ambiente. “Dámoslle unha utilidade a un residuo como o plástico con bancos de moita calidade para o descanso e o lecer dos nosos veciños, apostando pola economía circular e o respecto medioambiental”, afirma Luís Fernández, concelleiro de Infraestruturas.



**MILITANTE HISTÓRICO.** Os socialistas de Vilalba celebraron o seu xantar anual no Restaurante Terra Chá, no que participaron máis de 130 persoas para homenaxar a César Novo Fernández coa entrega dunha placa. Con 98 anos, é un dos militantes históricos da provincia e foi un dos fundadores do partido socialista nesta vila.

## Vilalba recupera os Seráns Musicais os venres de verán

Vilalba presenta os Seráns musicais polas rúas de Vilalba, unha programación cultural con diferentes actuacións musicais durante os meses de verán, entre o 8 de xullo e o 12 de agosto, dándolle prioridade aos grupos locais.

O programa comeza o próximo venres 8 de xullo con Mestura de Nete ás 21:00 horas, continuando o seguinte venres 15 con Buxos Verdes á mesma hora. O venres 22 de xullo, A. C. Cerna de Árbol actuará en Vilalba ás 21:00. O 25 de xullo, Día de Galicia, o programa inclúe dúas actuacións: ás 11:30 horas, Entre Lusco e Fusco, e ás 13:00 horas o concerto da Banda Municipal de Música de Vilalba, nesta ocasión no parque Rosalía de Castro. Para pechar o mes, o venres 29 de xullo inclúe as actuacións de Os do fondo da barra (a través do Agadic) e da Charanga de Vilalba, ás 21:00. O mes de agosto traerá o día 5 á Banda de Gaitas Mato Vizoso e o 12 de agosto será o concerto de A.C. Andrade, ambas ás 21:00.

O peche dos Seráns Musicais polas rúas de Vilalba correrá a cargo do grupo Son da Rúa (lescha), o 12 de agosto ás 22:30 horas no palco da música da praza da Constitución.

**ESPAZO XOVE.** O Espazo Xove iniciou a programación de verán que se desenvolverá de martes a domingo ata o 29 de xullo. As actividades pretenden axudar na conciliación das familias ao tempo que se promove a adquisición e mellora de habilidades. Estas están dirixidas a mozos e mozas

a partir dos 12 anos. Celebraranse de martes a venres de 11:00 a 13:00 horas, agás algunhas vespertinas.

As actividades son gratuítas pero requiren de inscrición previa que pode facerse a través de espazoXovevilalba.xuventude@xunta.gal ou no teléfono 982 82 83 40, ademais de persoalmente no Espazo Xove.

Do 12 ao 15 de xullo falarase de reciclaxe e repetirase o taller de robótica e os das emocións, que tamén haberá a seguinte semana, na que tamén contarán con xadrez creativo.

Pecharán a programación con improvisación teatral con Paloma Luxilde e robótica.



## Volve a Romaría da Madalena

A parroquia vilalbesa de Mourence acollerá este sábado, tras unha longa ausencia, unha noa edición da Romería da Madalena, que dará comezo co oficio relixioso e a procesión ás 13.00 horas na capela do mesmo nome.

Seguidamente terá lugar a sesión vermú, que estará ao cargo do dúo Manu y Alber para dar paso ao xantar popular no que poderán participar todos os veciños que o desexen aínda que teñen que apuntarse con anterioridade coa organización o no local Frutas Castelo.

O menú que se degustará consta de xamón cocido, polbo, churrasco con ensalada, pan, bebida, café e

chupito por un importe de 26 euros para adultos e da metade para os pequenos entre 7 e 11 anos. Para os menores será gratuíto.

Na sobremesa faranse os sorteos das tradicionais diferentes cestas de produtos, doadas por empresas da localidade.

A tarde tamén será para os poequenos que terán a súa festa propia a cargo de Picariños, con xogos populares, con merenda. Esta sesión prolongarase ata as 20.00 horas.

A partir das 18.00 a música farase protagonista da xornada ata a medianoite con cargo ao trío Sintonía e o mesmo dúo que fixo a sesión vermú.

Faite socio  
da Asociación de  
Desenvolvemento  
Comarcal da  
Terra Chá

**Abrindo portas:** Prazo permanentemente aberto para que te poidas asociar ao GDR Terra Chá  
Máis información en: [gdrterracha.org](http://gdrterracha.org)



Rúa Carmiña Prieto, s/n 27800 Vilalba (Lugo)  
[terrachanaturalmente@gmail.com](mailto:terrachanaturalmente@gmail.com) · Tfnos: 982 51 23 69/982 52 30 13

## Preto dun centenar de traballos presentáronse ao Certame de Poesía

O premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba continúa mantendo unha alta participación e, polo tanto, posicionándose como un dos galardóns de referencia da literatura galega na súa 48ª edición.

Co prazo de presentación das obras pechado, o Concello de Vilalba contabilizou un total de 99 traballos, dos cales cumpren coas bases do concurso e acéptanse 92. Agora, o xurado será o encargado de decidir a obra gañadora.

O Certame Literario de Vilalba é un premio de poesía en galego con case 50 anos de historia, cuxa entrega de premios celébrase tradicionalmente en agosto. Está dotado con 7.000 euros en metálico e a publicación da obra premiada para o mellor poemario inédito escrito en lingua galega.

## Comeza a funcionar a zona azul en varias rúas do centro da vila

Vén de poñerse en marcha este mes a zona azul en determinadas rúas do casco urbano, unha medida destinada a dinamizar o estacionamento e o fluxo de vehículos e persoas. A zona azul aplicarase na rúa da Pravia; rúa Plácido Peña ata a intersección da rúa das Pontes de García Rodríguez; rúa Campo da Ponte ata Domingo Goás, e na rúa José María Chao Ledo ata a intersección coa rúa Guitiriz.

O horario da zona azul é de luns a sábado de 9.00 a 14.00 horas, estando permitido o estacionamento de xeito gratuito nun período máximo de noventa minutos.

Tamén se regula o aparcadoiro subterráneo da praza da Constitución de luns a venres de 09:00 a 19:00 horas e os sábados de 09:00 a 14:00 horas, de xeito que os vehículos só pode-



rán estacionar neste lugar o máximo permitido de noventa minutos. Non se implementará esta norma en Vilalba nin os domingos nin os días de feira.

Para facilitar o bo funcionamento do servizo, o concello repartirá reloxo para que os condutores e as condu-

toras indiquen a hora de chegada á praza de estacionamento.

Os reloxo estarán a disposición das persoas interesadas nas dependencias do concello, e poderán retirarse un máximo de dous reloxo por persoa segundo as necesidades. O mes de xullo será de proba.

**PP.** A voceira do Grupo Municipal Popular, Sandra Vázquez, cualifica de "sen sentido" a forma de implantación da zona azul gratuita en Vilalba porque "o goberno local non informou previamente aos veciños que seguen descoñecendo o seu funcionamento, nin onde consultalo, nin como facerse cos discos horarios nin cales son as posibles sancións, entre outras cuestións.

## A Xunta apoiará o servizo de comedor na Escola Infantil

O Goberno galego vai renovar o convenio de colaboración asinado co Concello de Vilalba para o financiamento do servizo de comedor escolar durante os próximos dous cursos 2022/23 e 2023/24.

No caso concreto da Escola de Educación Infantil de Vilalba beneficiáranse 45 usuarios (tres menos).

No marco destes convenios de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométese á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

A maior parte dos comedores escolares están xestionados por parte da propia consellería, cun total de 417 que atenden 62.375 usuarios.

## O casco urbano conta xa con novos paneis de sinalización

O Concello rematou a instalación dos novos paneis con sinalización informativa no casco urbano, co obxectivo de mellorar os servizos para os seus veciños e os visitantes que chegan ao municipio.

A alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, e o concelleiro de Infraestruturas, Luis Fernández, percorreron esta mañá as ubicacións onde se instalou a nova sinalización, moderna, adaptada ás necesidades actuais e que cumpre con todas as normativas europeas.

As sinais recollen 160 indicacións en 32 postes: 12 delas ao Parador; 18 aos diferentes espazos de aparcadoiro; 6 ao auditorio; 6 para indicar a



saída do concello; 13 ao centro urbano; 13 á oficina de turismo, e 12 ao polígono industrial.

Hai instaladas outras 12 indicacións ao campo da Feira; 16 ao centro de saúde; 10 ao pavillón; 13 ás zonas escolares; 13 á Garda Civil; 2 para A Madalena; 8 á casa do Concello; 6 aos museos do municipio, e 4 á estación de autobuses.

"Un paso máis para mellorar os servizos municipais e as comunicacións no casco urbano, neste caso no casco cunha mellora na rede de sinalización que beneficiará tamén ás persoas que veñen a Vilalba por traballo ou turismo", explica Elba Veleiro.

Falta aínda a instalación dalgunha sinal de reforzo e modificaranse un par delas, que o concello devolverá a fábrica por algún erro puntual.

## O novo mural de Diego As estará na rúa de Plácido Peña

O Goberno local xa ten ubicación para o novo mural no municipio, que realizará o artista urbano Diego AS na rúa Plácido Peña número 80.

No marco do proxecto do goberno local para impulsar este tipo de obras artísticas, o concello abriu un prazo para que os veciños puidesen propor espazos para Diego AS, recibindo oito propostas.

"Agradecemos a colaboración da veciñanza e, de feito, algunha das propostas poderemos utilizala nun futuro, pero nesta ocasión tanto o artista como o concello consideramos que a ubicación ideal é a do número 80 da rúa Plácido Peña", explica o concelleiro Luis Fernán-



dez. O Concello de Vilalba agarda que a obra estea rematada antes do mes de setembro. Diego AS é un dos artistas urbanos de referencia, autor do coñecido mural de Julio César en Lugo, estreado con motivo do pasado Arde Lvcvs.

<p><b>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</b></p> <p>NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES MECANIZADOS</p>	<p><b>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</b></p> <p>CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS</p>	<p><b>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</b></p> <p>JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS BZ TIMKEN</p>	<p><b>Y PARA TU JARDÍN...</b></p> <p>Cub Cadet ANOVA DUCATI</p>	<p><b>EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.</b></p> <p><b>RYS SESACAR</b></p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com</p>
---	--	--	---	---

## EN BREVE

**DIGOCHOEU.** O xurado dos primeiros premios #DigochoEu de Ouro da CRTVG outorgaron un premio especial ao vídeo presentado polo IES Basanta Silva de Vilalba, que supón 200 euros e a emisión do seu vídeo. Nos premios, a CRTVG conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e de Gadis.

**SLG.** O Sindicato Labrego Galego mantén aberta a inscrición para unha nova convocatoria do Curso de Elaboración de Queixos e outros Produtos Lácteos, impartido polo mestre e afinador queixeiro José Luís Martín. Desta volta a formación terá lugar en Vilalba, na Escola Habanera de Santaballa, os días 18 ao 22 de xullo, en horario de mañá (10.00 a 14.00) ou tarde (16.00 a 20.00). Poden acceder a esta formación persoas laboralmente activas: empregadas, autónomas e demandantes de emprego.

**ESMUVI.** A Escola de Música de Vilalba presentou unha nova iniciativa na que se traballa conxuntamente coa Banda de Música de Vilalba e para a que contan co apoio do Conservatorio Profesional de Música: a creación dunha Minibanda para a que a inscrición estará aberta durante os meses de xullo e agosto e para a que se necesitan músicos de vento madeira, vento metal ou percusión. Por outra parte, abriuse o proceso de inscrición para o curso 2022-2023 do alumnado de novo ingreso.

**HORARIO.** Como todos os anos, o Concello de Vilalba mudou o horario dos edificios públicos debido ao comezo da tempada de verán. Este horario permanecerá así ata o 15 de setembro. A oficina de turismo está aberta de martes a venres, de 9.30 a 14 horas, e de 17 a 19. Os sábados o horario será de 9.30 a 13.30. Pola súa conta a biblioteca municipal funcionará de luns a venres entre as 8.30 e as 14.30 horas. Así mesmo, a casa da cultura muda o seu horario de luns a venres, de 10.30 a 13.30, e de 18 a 20 horas e os sábados será de 10.30 a 13.30 horas.

## O PP urxe actuar na mellora de pistas rurais

A voceira do Grupo Municipal Popular, Sandra Vázquez, urxe ao goberno local vilalbés a programar canto antes actuacións de mellora nas pistas municipais ante o seu mal estado. “Nesta época do ano, tiñan que estar xa en marcha as obras de mellora do pavimento aproveitando o bo tempo porque este tipo de actuacións débense realizar en condicións climatolóxicas favorables. Este é un exemplo máis da falta de previsión e xestión por parte deste goberno socialista”. Os populares teñen xa advertido do mal estado da rede viaria en numerosas ocasións. No pleno celebrado a finais do mes de xaneiro, o Grupo Municipal Popular defendeu unha iniciativa dirixida a planificar a reparación e o mantemento das pistas que contou co voto en contra do grupo socialista. Ante a súa falta de actuación ao respecto, os populares volveron manifestar durante a sesión plenaria da corporación a necesidade de acometer traballos de mellora nas estradas; pero “fixéronnos caso omiso. Se tomaran nota e se puxeran a traballar, agora podíanse estar a facer esas labores”.

O Grupo Municipal Popular volveu



reiterar que “o Concello arranxe de maneira urxente as diferentes pistas das parroquias que se atopan nun estado lamentable”.

**POLÍGONO.** Os populares urxen tamén e ao goberno local a executar os acordos aprobados no último pleno sobre o polígono industrial. “Non nos chega con aprobar as reivindicacións da Asociación de Empresarios Sete Pontes e que o propio Grupo Municipal Popular leva moito tempo reclamando. Queremos que o goberno execute o acordado. Non é difícil porque non require unha gran dotación orzamentaria, senón xestión por parte do goberno local socialista. É cuestión de interese”.

## Agustín Baamonde renuncia como deputado provincial do PP

O grupo provincial do PP procede a executar o relevo previsto nas súas filas en función do pacto alcanzado no seo do partido ao principio do mandato. O portavoz popular na Deputación, Javier Castiñeira, anuncia que “no día de onte, o deputado provincial polo Partido Popular Agustín Baamonde presentou a súa renuncia no pazo de San Marcos”. Sinala: “A verdade é que os seus compañeiros, os membros do grupo provincial do PP non temos máis que palabras de afago e de agradecemento, por compartir este tres anos. Agradecemento pola súa actitude, polo seu carácter, polo seu respecto



aos compañeiros e aos rivais políticos, pola súa excelente capacidade oratoria e pola forma de plasmar a súa experiencia tanto no eido local como no eido autonómico”.

## Vilalba Aberta pide melloras para as traballadoras do SAF

Vilalba Aberta reclama a mellora das condicións laborais no Servizo de Axuda no Fogar. Así o anunciou o seu voceiro, Modesto Renda, á saída dunha reunión programada pola formación co fin de “escoitar” o marco de reivindicacións das traballadoras.

“As traballadoras do SAF levan loitando moitos anos pola súa profesionalización”, lembrou un Modesto Renda que chamou a “facer efectivos os convenios do sector, co fin de avanzar na mellora das condicións laborais das traballadoras dun servizo esencial para a veciñanza de vila e parroquias”.

Unha opinión compartida pola membro da Coordinadora de VA, Tamara Rodríguez, que instou á Concelleira de Políticas Sociais, Marta Rouco, a asumir as súas responsabilidades, coa “mellora da coordinación concello/empresa” e o “fin da ineficiente política do servizo á carta”, como puntos de partida.

Así, defendeu preponderancia dos “plans individuais de actuación”, como único xeito de compatibilizar a prestación dun servizo “digno

para os usuarios” cunha “calidade de vida digna para as traballadoras”.

**MONUMENTO DOS CAÍDOS.** A responsable de Organización de VA, Mónica González, anunciou que a formación municipalista pedirá explicacións ao goberno en relación coa reparación do panteón que homenaxea aos Caídos, na parroquia de San Xoán de Alba.

Unha interpelación – denunciou – que chega “un ano e dous meses despois de que o goberno do PSOE anunciara a bombo e pratos a vindeira catalogación de elementos que incumpran a lexislación en materia de Memoria Histórica, paso previo para a súa retirada.

Así, González censurou que o executivo socialista “non só non cumpre nin cos seus compromisos nin coa lexislación vixente”, se non que, aínda por riba, permita unha restauración “abertamente ilegal” que, por se fora pouco, “non contaría coas preceptivas autorización de Patrimonio e Camiño de Santiago”, ámbalas dúas, obrigatorias e derivadas da súa ubicación.

## O BNG entrega máis de 450 sinaturas para reclamar melloras no centro de saúde e no PAC

O Bloque Nacionalista Galego entregou máis de 450 sinaturas para reclamar á Xunta a mellora do servizo no centro de saúde e PAC da localidade. No momento da entrega participou a deputada no Parlamento de Galiza, Olalla Rodil, xunto coa responsábel local do BNG, Mónica García e membros da organización.

Estas sinaturas foron recollidas dentro da campaña pola recuperación dos servizos sanitarios que o BNG desenvolveu a partir do pasado mes de marzo do 2022.

No formulario asinado solicítase á Consellería de Sanidade: a dotación total das prazas de persoal facultativo coas que conta o centro de saúde e PAC de Vilalba, a restitución urxente do servizo de pediatría e, por último, a dotación de recursos materiais suficientes para garantir o pleno funcionamento do centro de saúde e PAC de Vilalba.

Hai que destacar que este servizo sanitario tamén afecta aos concellos de Xermade, Muras, Cospeito e Abadín.

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS  
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓNS FOTOVOLTÁICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

**ATABERNA**

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA  
NUESTRA CARTA  
RACIONES  
PASTAS  
HAMBURGUESAS  
ALCO  
PASTAS  
RAXO PATATAS  
COMPARTIR TAPAS  
NUESTROS DELICIOSOS  
TORTILLAS  
SABOREAR  
ALCO  
PASTAS  
RAXO PATATAS  
COMPARTIR TAPAS

# Rematan as obras nos Castros e licitan as da Ferrería

Remataron as obras de humanización da Travesía dos Castros, un proxecto que lle da prioridade aos peóns sobre os vehículos, gañando espazo público para a cidadanía e mellorando a imaxe da zona, dende o seu cruce coa rúa do Calvario ata o cruce coa avenida da Terra Chá.

A actuación para mellorar o entorno incluíu a renovación do alumeadado público con tecnoloxía LED, a instalación de mobiliario urbano e un incremento das zonas arboladas e verdes, antes inexistentes.

Para priorizar o espazo da travesía para os peóns, o concello transformou a actual calzada nun espazo de plataforma única, cun ancho de paso para os vehículos de 3,30 metros.

O sentido da circulación mantense dirección Avenida da Terra Chá hacia Rúa Calvario. O orzamento do proxecto foi de 142.000 euros e conlevo tamén a posta en marcha dunha nova rede de saneamento na Travesía dos Castros.

Todos os materiais da actuación son novedosos, cunha calzada en plataforma única con capa de rodadura de cor, zonas coreadas con pintura epoxi para exteriores, un espazo público con solera de formigón armado con acabado de formigón lavado desactivado de grano fino color ver-



de, e xardineiras de formigón con taboleiros de madeira de pino. Na travesía destaca o mural de Lula Goce.

**FERRERÍA.** O Concello sacou a licitación as obras para renovar e humanizar a travesía da Ferrería, que comunica e fai de eixe entre a rúa das Pedreiras e a rúa da Ferrería. O investimento nesta actuación supera os 120.000 euros.

A actuación consistirá en transformar a actual calzada nun espazo de plataforma única cun ancho medio de paso de vehículos de 3,30 metros, continuando cunha dirección única na rúa.

Para mellorar a imaxe da rúa, utilizarase adoquín de xunta verde no chan apto para o tráfico lixeiro, e adoquín

convencional nas zonas máis próximas ás vivendas, creando unhas plataformas de zona limpa para o acceso ás mesmas.

Ademais, aproveitando os quiebrós da rúa proxecciónanse nas zonas máis abertas espazos de descanso coa incorporación de zonas verdes, árbores e asentos. Á marxe das obras, executaranse na travesía da Ferrería novas instalacións de saneamento, alumeadado, abastecemento, gas natural e telecomunicacións.

**SANTABALLA.** Tamén saíron a licitación as obras para ampliar a rede municipal de abastecemento de auga potable a diferentes núcleos da parroquia de Santaballa. O orzamento dos traballos é de 161.268 euros. O entronque á rede xeral municipal



de abastecemento de auga se realizará no barrio de O Castro e o barrio de Tuñade. A ampliación da rede realizarase tamén nos barrios de O Outeiro; Folgueira, Gunxar e O Apaxo; Vilasuso; O Castro; Carballido e Casela.

Será un proxecto con 95 entronques con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental da Xunta. Beneficiará tamén á cooperativa de Santaballa.

**ALUMEADO.** Adxudicáronse as obras para a renovación das instalacións e o alumeadado exterior nos núcleos de poboación de O Carrizo e Feiranova (parroquia de Santaballa) e As Campelas (Rioaveso). Os traballos estarán rematados en novembro.

Con esta actuación, o concello re-

nova un total de 201 puntos de luz con tecnoloxía LED (87 en Balneario O Carrizo, 48 en Feiranova e 66 nas Campelas), mellorando desta forma a eficiencia enerxética e rebaxando o consumo de enerxía e a contaminación lumínica.

O proxecto inclúe tamén a renovación dos cadros e caixas, xa que o conxunto de instalacións que xestionan o alumeadado nestes núcleos está en mal estado. Tamén se substituirán o cableado e os condutores da rede de distribución, tanto os subterráneos como os aéreos.

O orzamento da obra supera os 200.000 euros, pero o concello conseguiu unha subvención do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), que aporta o 80% do investimento.

**A FESTA DE TODAS AS FESTAS**

Día de Galicia 25 XULLO

En Galicia a celebrar non hai quen nos gane: festexamos a nosa historia, a nosa gastronomía, o día a día e o que faga falta. E tamén festexamos todo o que nos une celebrando o noso día e facendo del a festa de todas as festas.

**FELIZ DÍA DE GALICIA**

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21-22

## Confirmado o peche da planta pontesa de Endesa

O delegado do Goberno, José Miño, confirmou que Endesa recibirá en breve o permiso definitivo de peche da súa planta térmica das Pontes aínda que non quixo concretar os prazos do cesamento definitivo da actividade na central.

O delegado sinalou que a partir dese momento comezará o proceso de desmantelamento das instalacións e destacou que eses traballos xerarán tamén emprego na zona. En principio, as tarefas de desmantelamento poderíanse prolongar durante un período de cinco anos.

**CHEMINEA.** O grupo de traballo local por unha transición xunta esixe a convocatoria dunha reunión urxente co presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e co vicepresidente primeiro, Francisco Conde, ante o inicio dos trámites para declarar a cheminea da central térmica da vila como Ben de Interese Cultural (BIC), decisión adoptada de xeito unilateral polo executivo autonómico.

Reclama ao goberno autonómico unha explicación sobre os motivos polos cales se puxo en marcha este



proceso administrativo así como a súa afección a curto, medio e longo prazo en termos socioeconómicos. Dada a cautelas propias dun ben protexido coas que contará a cheminea de ser declarada BIC, o grupo de traballo local reclama a convocatoria inmediata desta reunión para aclarar e coñecer o impacto que podería ter, entre outras cuestións, o mantemento da infraestrutura, as posibles limitacións que existirían para a implantación de novos proxectos industriais para a zona, o impacto sobre o proceso de desmantelamento así como no emprego vencellado.

## Mellora de tres camiños

O Concello ten previsto acometer a renovación da capa de rodadura dos camiños rurais de Alvarón, Casas Ermas e na parroquia de Marraxón.

As obras, cun orzamento de 64.157,12 euros inclúen a limpeza xeral de cunetas e noiros en todo o percorrido dos tres viarios, a roza de maleza e vexetación existente en bordos así como o rebaixe das ac-

tuais beiravías.

Rematadas estas tarefas procederase á extensión dunha nova capa de rodadura. Reforzarase, en primeiro lugar, o pavimento actual co rebacheo, limpeza e varrido da superficie, para seguidamente proceder ao rego asfáltico de aglomerado en quente. Así mesmo, excutárase un reforzo de bordos.

## Xunta, Concello e Ence presentan o proxecto da nova papeleira

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, asegurou que a fábrica de papel tisú que Ence proxecta no municipio converterá As Pontes no "centro dun polo de economía circular" e beneficiará a máis dun centenar de pequenas e medianas empresas.

Conde, que participou, xunto co alcalde, Valentín González Formoso, e o conselleiro delegado da empresa, Ignacio Colmenares, na presentación do proxecto ás entidades locais, destacou a "colaboración" das administracións e a firma para "dar resposta ás necesidades industriais da comarca de Ferrolterra, unha vez que se decidiu pechar a central térmica".

A planta supón, explicou o conselleiro, "unha iniciativa nova a nivel internacional" que permitirá "desenvolver unha tecnoloxía para recuperar papel e cartón" para producir tisú. Pero, sobre todo, puxo en valor o rol de Ence como "empresa tractora" que terá un "impacto moi grande en pemes dedicadas á loxística, o transporte, o mantemento, a recollida de materia prima, etc".

O conselleiro de Economía explicou que este proxecto súmase a outras que se presentaron a semana pasada para a zona, como a planta de hidróxeno verde que impulsa Reganosa ou a de pneumáticos de Sentury, que, lembrou, "xa iniciaron a súa tramitación".

"O máis importante é que as administracións colaborem", incidiu Conde, que agradeceu a implicación do Concello das Pontes e do Goberno central a través dos fondos europeos, así como o "compromiso de



Ence con Galicia". "Este proxecto é complementario, nunca alternativo, a Lourizán e, de feito, nas Pontes vai utilizar unha parte da produción que se xera en Lourizán".

Pola súa banda, o alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, agradeceu "o traballo de Xunta e empresa para que este proxecto sexa unha realidade" e adiantou que "aquí ato-

parán todas as facilidades do mundo para que o sexa e para recuperar e consolidar a vocación industrial das Pontes".

"Hoxe é un día importante, porque, pese ao momento complexo e incerto que vive o municipio, a iniciativa de Ence permite poñer en valor As Pontes como emprazamento industrial", concluíu.

## A planta de hidróxeno acollerá alumnos locais en prácticas

A instancias da concelleira de Educación, Tania Pardo Cabarco, e a concelleira de Promoción Industrial, Ana María Pena Purriños, o concello das Pontes organizou unha reunión entre os promotores da futura planta de produción de hidróxeno, Reganosa e EDPR, e os representantes do Departamento da Familia Química do IES Moncho Valcarce, onde se imparte o Ciclo Formativo de Grao Superior de Laboratorio de Análise e Control de Calidade, en vistas a establecer unha colaboración.

O alumnado do ciclo fórmase para traballar en empresas ou laboratorios de calquera sector industrial, sendo un perfil moi versátil e tendo cabida dentro do departamento de control de calidade presente en todo proceso produtivo.

As partes instáronse a visitas e reunións posteriores e deixaron abertas diferentes vías de colaboración, que van dende a realización de actividades e determinacións orientadas ao futuro proxecto, ata a acollida do alumnado en prácticas, xa sexa en réxime ordinario ou dual.

## O mega verán da túa fibra!

Fibra 1.000 Mb  
Móbil 50 GB

+20 GB EXTRA GRATIS  
durante 3 meses

CON CHAMADAS ILIMITADAS

+2ª LÍÑA MÓBIL 20GB GRATIS

17€  
/mes

DURANTE 6 MESES

CHAMA GRATIS  
900 651 728

Visítanos en

adamo.es

adamo  
A mega fibra



2ª líña  
móbil  
GRATIS!



A revolución da Wi-Fi chega con Adamo!

Instalámosche gratis o mellor router do mercado



Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non hayan contratado Adamo en los últimos 3 meses y que contraten entre el 01/07/2022 al 21/08/2022, ambos inclusive. No combinable con otras promociones. Internet FAST! + Móvil ilimitado 50GB con la promoción, durante los primeros 6 meses, solo pagarás 17€/mes, luego PVP total 44€/mes. Línea adicional MEGA 20GB gratis durante 12 meses incluida sujeta a disponibilidad en el sistema. En caso de no estar disponible en el momento de la contratación, se provisionará al cliente más tarde. Precio final con IVA y cuota de línea incluidos. Promoción sujeta a permanencia de los servicios de Adamo durante 12 meses. Cuota de activación de 12,10€ (IVA incluido) que incluye la instalación de un router premium. En caso de que el cliente solicite la cancelación del servicio y se diera de baja antes de transcurrir 12 meses, tendrá un cargo de la parte proporcional de 163,35€ (IVA incluido) en concepto de permanencia. Líneas adicionales limitadas a un máximo de 4 por cliente. Además, se contrata durante los meses de julio e agosto, obterás 20 GB extra/mes durante os 3 meses seguintes ao teu contrato.

# Realizan melloras na AG-64 e na marxe dereita da estrada a Goente

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou por 1.315.222 euros a execución das obras de mellora do firme na AG-64, ao seu paso polo concello das Pontes.

A intervención comprende o acondicionamento e rehabilitación do firme nos primeiros 40 quilómetros desta autovía que une Ferrol e Vilalba, de cara a mellorar a seguridade viaria. Os traballos contan cun prazo de execución de seis meses.

Máis en concreto, actuarase no treito da AG-64 comprendido entre os puntos quilométricos 0 e o 39+790. Os traballos centraranse na reparación do firme que se atope en mal estado, coa mellora da capa de rodadura, así como das condicións de adherencia.



Por outra banda, o Concello das Pontes, tras acometer as obras na marxe esquerda da AC 564 ao seu paso por Goente, ten previsto continuar coa mellora deste viario coa execución dun proxecto de características similares na súa marxe dereita.

O proxecto, cun orzamento de 150.658 euro permitirá á reposición dos actuais servizos de saneamento, abastecemento e iluminación así como a mellora da beirarrúa existentes, entre o punto quilométrico 17,200 e o 17,800.

## Comeza un proxecto para menores de participación cidadá

Nace A Vila do Mañá, un proxecto de participación cidadá que recupera as ideas propostas por Aldo Van Eyck, e as premisas e Francesco Tonucci, creador do programa A cidade dos nenos, co obxectivo de que actúen como vangarda da recuperación do territorio para a cidadanía.

O obxectivo é que a poboación máis nova estea presente de forma activa nos procesos de construción do espazo común (praza, barrio, vila) dotándoos das ferramentas precisas para desenvolver a súa creatividade provocando o despertar dunha nova mirada sobre os espazos nos que desenvolven a súa vida.

O proxecto que se desenvolverán desde o 11 ao 15 de xuño, en horario de 10:00 a 14:00 horas e de



16:00 a 20:00 horas, está dirixido a nenos e nenas maiores de cinco anos e inclúe distintas actividades de urbanismo táctico, en distintos espazos da vila, que permitirá á adolescencia e infancia estar presente, de forma activa, no proceso de construción dos espazos comúns, dotándoos das ferramentas para desenvolver a súa creatividade de arte e a arquitectura.

# Abren prazos para as axudas a colectivos

**ENTIDADES SOCIAIS.** O Concello destinará 170.00 euros ás achegas destinadas ás entidades sociais do municipio no ano 2022, un 6% máis que o ano anterior.

Estas subvencións están dirixidas ás entidades sociais, sen ánimo de lucro, inscritas no rexistro de asociacións de Galicia, no rexistro de Asociacións do Concello das Pontes e que desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial do concello ou sobre temas de interés para o municipio das Pontes.

A través destas achegas as entidades solicitantes poderán cubrir os gastos derivados das actividades que leven a cabo durante o ano 2022. Así, serán subvencionables os gastos derivados da organización e realización das actividades; o ma-

terial funxible non inventariable relacionado directamente con ditas actividades, seguros de responsabilidade civil e accidentes, retribucións a persoal técnico e de monitores/as, os gastos correspondentes a voluntarios/as ou monitores/as que colaboren coa entidade ou asociación impartindo algunha actividade, curso, etc, de forma esporádica, dereitos de arbitraje, conferenciantes, entre outros.

**ESCOLARES.** Doutra banda, destinará 38.000 euros para a convocatoria de axudas ás familias para a escolarización. O obxectivo desta convocatoria de axudas destinadas a material escolar é a promoción da igualdade no dereito á educación e compensar ás familias polos gastos derivados da

escolarización no inicio do curso.

A contía individual para cada persoa beneficiaria segundo o seu curso é de 30 € para Educación Infantil (de 0 a 3 anos) e de 100 € para Educación Infantil (de 3 a 6 anos) e Educación Primaria e Secundaria. No caso de cursar a FP Básica a axuda será de 80 € e de 140€ para alumnado de Bacharelato ou Ciclos formativos así como unha contía de 40 euros para o alumnado de grao elemental do Conservatorio de Música Profesional das Pontes e de 60 euros no caso do alumnado de grao profesional.

O prazo para solicitar estas axudas remata o día 2 de agosto. Doutra banda, para todo aquel alumnado que por obrigación teña que formalizar a matrícula en setembro, abrirase un prazo extraordinario do 19

ao 30 de setembro de 2022.

**ENTIDADES CULTURAIS.** O Goberno local destinará 180.000 euros ás achegas para as entidades culturais do municipio no ano 2022, un 15% máis que o ano anterior.

Así, serán subvencionables os gastos de persoal con contrato laboral coa entidade, gastos de seguros de responsabilidade civil ou de cobertura de accidentes, gastos de transporte para a realización de viaxes culturais, gastos de publicidade, de loxística (megafonía, son, iluminación e infraestruturas imprescindibles e necesarios para o desenvolvemento das actividades)

Tamén serán subvencionables os gastos xerados para o desenvolvemento de actuacións culturais.

## As Pontes contará cunha nova feira de dinamización do comercio local

A Deputación da Coruña desenvolverá durante os meses de xullo, agosto e setembro un novo proxecto de dinamización do comercio local con seis feiras en varios concellos, incluído As Pontes.

A Deputación realizou un contrato para o desenvolvemento destas feiras entre concellos con poboación entre 10.000 e 50.000 habitantes que contan con Asociación de comerciantes e con mesa de comercio propia ou mesa de comercio da Deputación.

O fin das mesmas é fundamentalmente apoiar aos comerciantes e artesáns da provincia. As Pontes será a segunda, do 19 ao 21 de agosto.

**constru fer**  
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO  
PABLO RABADE PAREDES  
Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

**RESTAURANTE PARRILLADA**  
**O' Adro**  
COMIDA PARA LEVAR  
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...  
Ven a probar os nosos cocidos  
O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

## Santa Isabel contará con dúas piscinas públicas e un centro BTT



Santa Isabel contará con dúas piscinas públicas e un centro BTT para bicicletas de montaña cun investimento total previsto de máis de 1,1 millóns de euros.

O obxectivo da intervención será dotar ao municipio dunha nova área deportiva e recreativa que terá como elemento principal o complexo acuático e os servizos complementarios asociados. O convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello permitirá acometer e incorporar ao patrimonio as obras resultantes xa está firmado.

O ámbito de intervención correspóndese cunha parcela que ten unha superficie aproximada de 2.688 metros cadrados, localizada en Santa Isabel, preto da área recreativa do mesmo nome ao carón do Miño. O primeiro paso será a adecuación dos terreos nos que se proxecta o complexo, para de seguido acometer a construción das instalacións previstas e a urbanización do entorno.

A instalación central serán as dúas piscinas municipais ao aire libre, unha delas de uso infantil e a outra para adultos, que contarán con zonas destinadas a usos complementa-

rios así como para aseos e vestiarios de uso público e área de enfermería. A tal fin, o proxecto inclúe a construción dunha edificación que albergue, ademais das instalacións para dar servizo ás piscinas, estancias aptas para outras actividades. En concreto, unha cafetería con espazo para almacén, cociña e baños; e un centro BTT cunha zona taller para reparación das bicicletas, unha área exterior de lavado e aseos de uso exclusivo e independente para os seus usuarios. No caso de Outeiro de Rei, o compromiso de financiamento das obras para as anualidades de 2022, 2023 e 2024 ascende a 1.101.955,82 euros, dos cales o 70% será achegado polo departamento galego e o 30% restante polo Goberno municipal. Ademais, a Consellería asumirá a contratación da execución e da dirección das obras, a xestión das mesmas ata que se completen os traballos conforme ao previsto, e a formalización dos actos de recepción. Pola súa banda, o Concello encargárase da redacción do proxecto no que se definan as actuacións a executar, e unha vez recepcionadas, da súa explotación, mantemento e conservación.

## O BNG instalou, un ano máis, un paso de peóns provisional na N-VI

O BNG de Outeiro de Rei volveu a realizar un acto reivindicativo para reclamar o acondicionamento de pasos seguros para persoas na N-VI. Os nacionalistas instalaron un paso de peóns temporal e simbólico para demandar o que cualificaron como “unha necesidade para todas as persoas que, a diario, teñen que xorgarse a vida para cruzar a N-VI para ir dun lado ao outro da vila”. Durante aproximadamente un cuarto de hora a estrada N-VI contou cun paso de peóns, cuestión que o BNG leva anos demandando dende hai anos a todas as administracións.

**PAZO DOS GAIOSO.** A deputada Olalla Rodil presentou no Parlamento unhas preguntas sobre a desaparición das pedras da porta que estaba no Camiño Real, detrás do Pazo dos



Gaioso, no propio centro da vila. “Agora, despois de moitos séculos, esa porta xa no existe porque foi derrubada e no seu lugar tan só queda unha morea de pedras, algunhas das cales poderían formar parte da porta orixinal”, dixo. Para o BNG é fundamental que se paralice calquera actuación, intentado evitar que “desaparezan” ou

se deterioren aínda máis as pezas desta porta, e é por iso se presentaron preguntas sobre se a Xunta era coñecedora do acontecido nas obras do centro de día, tamén preguntou se estaban catalogadas ou inventariadas as portas, o valor patrimonial da mesma, así como as medidas a tomar para evitar que o alcalde faga desaparecer ditas pedras.

### Lara Pita pasa a encabezar o BNG

A asemblea do BNG escolleu por á fronte da formación local a Lara Pita, veciña de Francos, que ten 35 anos e é traballadora no Sergas. A nova responsábel, Lara Pita, declarou “é unha honra que as compañeiras e compañeiros do BNG depositaran en min toda a confianza para proxectar a organización”. Lara Pita destacou os obxectivos desta nova andaina “en Outeiro témolo claro, o BNG é a única garantía para cambiar o rumbo do noso concello, polo que saímos a por todas para gañar a alcaldía nas vindeiras eleccións do 2023”.



**CONCURSO.** Con motivo da celebración da XIV Feira da Artesanía, tivo lugar o segundo o campionato de escultura con motoserra. O primeiro premio, dotado con 200 euros, foi para a obra *Tallando*, de Iván Matos Recouso. O segundo, de 150, correspondeu a Marcos Escudiero Pérez por *Coroza*.



**CONCELLO DE CASTRO DE REI**

**CASTRO DE REI**

**O CONCELLO ONDE REENCONTRARSE**



**FEIRA DE CASTRO RIBEIRAS DE LEA**  
(Tódolos mércores)



**FEIRA DE CASTRO DE REI**  
(Domingos alternos)



# PROGRAMACIÓN CULTURAL

## FESTA DA FRAGA XULLO 2022

SABADO 23 DE XULLO  
FESTIVAL FOLK DA FRAGA

Andrés Penabaz  
Concerto @ 22:00 horas



Muxarega  
Concerto @ 23:30 horas



Os d'abaixo  
Concerto @ 00:30 horas



Andrés Penabaz  
DJ Set @ 01:45 horas



LOUBAND  
BB+  
DGT  
CELTAS

DOMINGO 24 DE XULLO  
FESTIVAL FOLK DA FRAGA

Os Carapaus e  
A Ferriña Furtiva  
Pasacalles @ 12:30 horas

Os Feroces da Galgreira  
e No Cómboro  
Pasacalles @ 18:00 horas

Xabier Díaz e  
Aldufeiras do Salitre  
Concerto @ 19:30 horas



Lilaina  
Concerto @ 22:30 horas



Xisco Feijoo  
Concerto @ 23:45 horas



La Duendeneta  
DJ Set @ 01:45 horas

LUNS 25 DE XULLO  
ROMARÍA DA FRAGA

Orquestra La Ola  
Sesión Vermú @ 13:30 horas



Ao longo da xomada  
haberá na carballeira  
actuacións das charangas



Orquestra La Ola  
Verbena @ 22:00 horas



# PROGRAMACIÓN CULTURAL

## FESTAS DO CARMEN AS PONTES XULLO 2022

Campus multideporte  
Organiza Club Polín As Pontes

1 de xullo @ 9:00 a 18:00 horas

XXV Cacería do raposo  
Organiza Radio Club-Eume

2 de xullo @ Pazo de Eume @ 11 horas



87. Cuando fuimos los mejores  
Documental

4 de xullo @ Cine Infante @ 21 horas



Festival Son As Pontes

Máis información en [www.sonaspontes.com](http://www.sonaspontes.com)



Gran premio Tutino 100  
platos Foso Olímpico  
Organiza Sociedade Deportiva Pena da Revolta

1 de xullo @ Campo de San José Pena da Revolta

1ª Clásica de Regularidade  
Vila de As Pontes  
Organiza Automóvil Club As Pontes (ACAP)

2 de xullo @ Pazo de Eume @ 11 horas

XXXII Vila de As Pontes 100  
platos Foso Olímpico  
Organiza Sociedade Deportiva Pena da Revolta

10 de xullo @ Campo de San José Pena da Revolta

Samurai Xtreme Race Lago  
de As Pontes 2022

Organiza Samurai Sports Club

10 de xullo @ Lago As Pontes @ 11:00 horas



Pregón  
Actuación grupal de marachas

18 de xullo @ Pazo de Eume @ 20:00 horas



Travis Birds e Tu Otra Bonita  
Concerto

12 de xullo @ Pazo de Eume @ 21:00 horas



Orquestra Olympus  
Verbena

12 de xullo @ Pazo de Eume @ 22:00 horas



Pasacalles tradicionais  
No Cómboro, Os freixos e Canaveleira

14 de xullo @ 12 horas

Banda das Pontes  
Concerto

16 de xullo @ Campo de Eume @ 22 horas



Orquestra Miramar  
Sesión Vermú

17 de xullo @ Pazo de Eume @ 22:00 horas



A danza dos paxaros  
Parque @ctivo, Espectáculo itinerante

18 de xullo @ Campo de Eume @ 18 horas

Tanxugueiras  
Concerto

18 de xullo @ Pazo de Eume @ 21 horas



Orquestras Miramar e  
Paris de Noia  
Verbena

18 de xullo @ Pazo de Eume @ 22:00 horas



Pasacalles tradicionais  
Os freixos

17 de xullo @ 12 horas

Orquestra Foliada  
Sesión Vermú

17 de xullo @ Pazo de Eume @ 22 horas



Magin Blanco e a Banda  
das abertas  
Parque @ctivo, Concerto infantil

17 de xullo @ Campo de Eume @ 18 horas

Pasacalles  
Bandas participantes no certame  
de bandas

17 de xullo @ 18 horas

XXIII Certame de bandas

17 de xullo @ Pazo de Eume @ 19:00 horas

Sabela  
Concerto

17 de xullo @ Pazo de Eume @ 22 horas



Orquestra Foliada e Coleguitas  
Verbena

17 de xullo @ Pazo de Eume @ 22:00 horas

Pasacalles tradicionais  
No Cómboro, Os freixos e Canaveleira

18 de xullo @ 11:00 horas

Parque @ctivo

18 de xullo @ 20 de xullo @ Consultar @ Consultar

Parque infantil  
Inchables, xogos, festa dos escultas

18 de xullo @ Campo de Eume @ 16:00 horas

Festival Internacional de folclore

18 de xullo @ Pazo de Eume @ 20:00 horas

Orquestra Los Satélites e  
Claxxon  
Verbena

18 de xullo @ Pazo de Eume @ 22:00 horas



## Volve a Rapa das Bestas á parroquia de Carballo

A comunidade do monte veciñal de Carballo celebrará a súa tradicional Rapa das Bestas, o 31 de xullo. Este ano recuperan unha celebración castigada pola pandemia, unha actividade que forma parte dun proxecto que naceu co orgullo de colaborar na recuperación do Cabalo Pura Raza Galega.

A celebración adoita comenzar coa subida das bestas ao curro a primeira hora da mañá. Para elo, xente a pé, cabaleiros e amazonas saíran na súa busca polo monte, para posteriormente conducilas ao curro. Separando os poldros, dará comezo o gran espectáculo da pelexa corpo a corpo entre aloitadores e bestas, na que prima o bo trato aos animais e na que se aproveita a ocasión para realizar



os axeitados tratamentos sanitarios. Rematará co recoñecemento aos aloitadores e cabaleiros que participaron.

A tarde resérvase para as carreiras de galope, a intrépida xincana e a beleza técnica das carreiras de andadura que darán fin a xornada.

## O Club Fluvial reabre ao completo o día 15 trala reforma integral

O Club Fluvial de Friol reabrirá na súa totalidade o día 15 deste mes tras rematar o proceso de reforma das instalacións no que se investiron 970.000 euros. Nun principio o orzamento era de 700.000 euros pero ampliouse debido ás necesidades que foron xurdindo. Grazas a un convenio de colaboración, o 70% do orzamento foi sufragado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O obxecto do proxecto é acometer unha serie de obras de edificación e urbanización na contorna do club fluvial, unha instalación pública e aberta a toda a veciñanza que leva máis de 40 anos en funcionamento. Concretamente, as obras en Friol consistiron na edificación practica-



mente de novo do edificio central ademais das dúas piscinas exteriores, unha de adultos e outra infantil, que ten o recinto. Tamén se executaron traballos de urbanización e a creación de espazos axardinados. As piscinas remataron con anterioridade xa que abriron xa as súas portas

este verán, cuns días de retraso con relación a outros anos.

Por outra banda, a previsión é continuar coa urbanización de parte da contorna da praia fluvial, localizada nunha das marxes do río Narla coa renovación do paseo e a construción dunha ponte sobre o río.

## Presentan o libro que recolle os premios de investigación

O centro sociocultural de Friol acollerá o sábado 23 de xullo a presentación do libro Premios de investigación histórica, cultural e etnográfica, organizado pola asociación Carballo Vivo e o Concello de Friol.

A presentación terá lugar ás 17.00 horas e intervirán na mesma representantes dos dous organismos

convocantes así como dos coordinadores da obra. Ademais, está invitado a participar Felipe Arias Vilas, ex director do Museo do Castro de Viladonga e actuará como moderador David Espiño.

Ás 19.00 horas terá lugar a actuación musical de Pandereteiras sen fronteiras.

## Entregan o equipo para rescate ao GES local



O director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, fixo entrega de cadanseu equipo de excarceración para tarefas de rescate e actuacións en emerxencias aos GES de Friol e Mos e ao servizo municipal de emerxencias de Noia. Os equipos de excarceración están destinados a atender determinadas intervencións como accidentes de tráfico con persoas atrapadas, rescates en espazos confinados

ou outras estruturas colapsadas, así como calquera tipo de emerxencias de salvamento ou rescate onde sexa necesario empregar ferramentas hidráulicas de corte, separación, tracción e elevación. Constan dos elementos necesarios para a intervención en rescate como 1 bomba hidráulica, 2 mangueras hidráulicas, 2 cizallas, un separador, un cilindro RAM separador, 2 puntais de estabilización.

## San Paio de Narla contará con actividades de verán

A Rede Museística Provincial presentou no Museo de Lugo as actividades de verán, con distintos obradoiros e propostas didácticas arredor dos recursos e coleccións dos museos pensadas para nenas e nenos de distintas idades.

As actividades desenvolveranse nos meses de xullo e agosto tamén en San Paio de Narla. Desde sesións para coñecer o traballo en escavacións arqueolóxicas, dirixidas polo arqueólogo Enrique Alcorta, ata obradoiros de distintas disciplinas artísticas coa implicación de artistas locais, convivencias interxeneracionais a redor da tradición oral e viaxes aos distintos museos provinciais.

A axenda de actividades pode consultarse na plataforma multicanle da Rede Museística Provincial, comunidadermpl.com, onde tamén se accede á solicitude de preinscripción en cada unha das actividades.

## Pontón propuxo na localidade un plan de rescate do rural

A portavoz nacional, Ana Pontón, visitou en Friol proxectos innovadores e sustentables no medio rural, promovidos por mulleres, que puxo como exemplos de que é posible un rural vivo e con futuro se se conta cunha boa política de goberno. "Queremos un medio rural vivo", salientou, por iso o BNG propón un

Plan estratéxico estruturado en dez liñas de actuación que ten como principal baza unha política de discriminación positiva en materia de servizos públicos, con medidas concretas: manter os servizos educativos, revertir os recortes sanitarios garantir os servizos bancarios e reforzar todos os servizos sociais.



**VENTA DE 7 PARCELAS EDIFICABLES EN FRIOL**  
 Infórmate sin compromiso  
**¡FACILIDADES DE PAGO!**

**Promociones TEIXIDO**  
 982 371 416

## Renovan o firme en dúas estradas ao seu paso polo centro urbano

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade executou traballos de renovación do firme na estrada autonómica LU-934 ao seu paso polo núcleo urbano, nos que realiza un investimento de 70.000 euros.

A actuación comprende un ámbito de 770 metros de lonxitude na Avenida de Lugo, desde a entrada ata o centro da localidade -puntos quilométricos 00+000 a 00+770-. Vaise renovar integramente a capa de rodadura con mestura de bituminosas en todo o treito, así como a sinalización horizontal.

Arias destacou que a reforma achega maior seguridade para a circulación nunha zona urbana como esta, con moito tránsito de peóns. "A Xunta -afirmou- realiza un traballo constante de mantemento e conservación nas estradas autonómicas, para que estean en condicións óptimas e proporcionen o maior nivel posible de eficiencia e confort ao tráfico rodado e peonil".

**ESTRADA A LUGO.** Por outra banda, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a executar traballos de renovación do firme



O alcalde e o delegado da Xunta, supervisando as obras

na estrada autonómica LU-234, en nove quilómetros entre os municipios de Lugo e Friol, concretamente no treito que une Ombreiro con Cotá, entre os puntos quilométricos 04+000 e 12+660.

A Xunta de Galicia inviste 519.685 euros nesta importante actuación que afecta a unha das vías de circulación de máis circulación, ao seu paso polos municipios de Lugo e de Friol.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou hoxe a marcha das obras, que comezaron o pasado día 20 e que rematarán, segundo as previsións, o vindeiro 1 de xullo. Esta actua-

ción comezou coa limpeza previa das cunetas e continuou co reforzo da capa de rodadura cunha mestura bituminosa en quente nunha lonxitude de 8,66 quilómetros da estrada LU-234. Concretamente actuarase entre o punto quilométrico 04+000 ao 08+570, polo municipio de Lugo, e entre os puntos quilométricos 08+570 e o 12+660, no concello de Friol.

Unha vez rematadas as obras de reforzo do firme acometeranse o repintado da sinalización horizontal en toda a estrada, entre os puntos quilométricos 00+000 e 12+660, unha actuación que rematará nos primeiros días de xullo.

## Friol presenta un campo de voluntariado sobre o pasado castrexo da vila



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, participou na presentación do campo de voluntariado Friulio, que se desenvolverá entre o 28 de agosto e o 9 de setembro na localidade lucense de Friol. O programa, destinado a quince mozos de entre 18 e 30 anos, forma parte da campaña de verán O verán que queres contar posta en marcha pola Xunta. Este campo de voluntariado, de carácter etnográfico, xira arredor do festival que lle dá nome, Friulio, celebrado desde 2017. A celebración recrea a chegada dun destacamento romano a un poboado castrexo e dá a coñecer o proceso

de romanización que tivo lugar no século II d.C.

Os participantes neste campo de voluntariado poñerán en valor os restos arqueolóxicos que forman parte do festival, realizarán tarefas de limpeza, de sinalización e de plantación de árbores, e formarán parte de obradoiros de cestería, pan, queixo e construción de pallozas. Ademais, tamén terán sesións de música e baile e visitas culturais a lugares destacados en Lugo capital, Sobrado dos Monxes ou o mesmo Friol. Os participantes resumirán as actividades do festival nunha pequena peza audiovisual para as redes sociais.

Hijos de  
Ramón Rubal

COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

## Abre o prazo para o novo curso no PAI

O Concello da Pastoriza ten aberto o prazo de solicitudes para os novos ingresos no punto de atención a infancia ata o día 22 de xullo.

A inscrición para o curso que se inicia en setembro pode realizarse nas oficinas municipais previa cita telefónica, no rexistro electrónico do Concello ou a través do correo electrónico [administracion@concellopastoriza.es](mailto:administracion@concellopastoriza.es).

Haberá que presentar ademais de fotocopias dos DNIs ou libro de familia, un certificado de empadramento, a declaración da renda, a última nómina, a certificación do INEM, ou outros documentos acreditativos.

## O PP critica que o goberno local rexeitara unha brigada contra incendios

O presidente da xestora do PP da Pastoriza, Marcos García Lombardero, lamenta que o goberno local non solicitara tampouco este ano ante a Xunta a axuda para contratar a unha brigada municipal de prevención e loita contra incendios forestais. "O goberno local deixa pasar a oportunidade de crear emprego, realizar tarefas de prevención e contar con efectivos que poidan actuar rapidamente, no caso de ser necesario", manifesta. O popular afirma que o pasado verán do ano 2021 o Concello da Pastoriza tampouco solicitou esta axuda para conformar unha brigada municipal. Tendo en conta que "o Concello debe dispoñer do servizo de brigada municipal de incendios con motobomba activa, polo menos, durante o verán"; os populares rexistraron o pasado 12 de maio a súa petición para que o goberno local a solicitara este ano. "É necesario dispoñer dela debido á gran cantidade de terreo forestal co que conta o noso municipio".

# A Deputación investirá case medio millón de euros en varias actuacións

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, anunciou na Pastoriza xunto ao alcalde deste municipio, Primitivo Iglesias, novos traballos de mellora que a institución vai acometer na avenida Principal cun investimento de 363.000€. Uns traballos que xa se atopan en fase de licitación e que, previsiblemente, comezarán en setembro.

Tomé Roca detallou que as actuacións contempladas nesta estrada provincial, a LU-P-4401, servirán para dotar de novas beirarrúas ás marxes da vía, rehabilitar o firme, instalar nova sinalización mediante marcas reflexivas brancas e mellorar na iluminación. As obras faranse no treito da Avenida comprendido entre o seu inicio ata o punto quilométrico 1,550.

O mandatario provincial tamén comprobou o estado doutro proxecto que a Deputación está acometendo nesta mesma vía e que complementan os recién anunciados. Estase a arranxar, por tramos, o pavimento de preto de 11 quilómetros dende o punto quilométrico 0 ata o 10,9, e



tamén se renova a pintura de toda a estrada por un importe de máis de 300.000€, o que redundará na mellora da comodidade e seguridade.

**ACCESIBILIDADE E ALUMEADO.** Tomé Roca tamén asinou co alcalde un convenio de colaboración por un importe total de 135.000€ para melloras de accesibilidade e instalación de alumeados en distintos puntos do concello chairego. José Tomé destacou a importancia deste acordo, ao que a institución provincial achega preto de 108.000€, que beneficiará á

veciñanza de Bretoña, Fontao, Biduido e Alvite, e aos usuarios da zona do Carrizal, onde conflúen tres vías provinciais que conectan A Pastoriza cos concellos de Abadín e Cospeito. Entre as melloras que o Concello poderá realizar grazas á aportación da Deputación está a pavimentación da conexión de Bretoña coa estrada LU-125 con aglomerado en quente. Os traballos, cun orzamento total de 43.200€, levaranse a cabo nuns 700 metros da vía na contorna do núcleo de Fontao. Tamén se actuará en 300 metros do firme do acceso a este nú-

cleo, cun investimento de 12.500€, dos que a institución provincial achega máis de 10.000€.

Neste convenio inclúense unha actuación que beneficiará aos veciños e veciñas do núcleo de Alvite, mellorando o acceso coa dotación dun novo firme cun orzamento de 22.000€. Por outro lado, levarase a cabo a rehabilitación de 300 metros da conexión do Biduido coa estrada LU-122, cunha achega provincial de 10.300€ e un investimento total de preto de 13.000€.

Por último, levarase a cabo tamén a instalación dunha rede de alumeados público na zona do Carrizal, cun investimento de 38.600€, dos que a Deputación achega 30.900€ para a súa execución. Estes traballos levaranse a cabo nun punto no que se encontran tres vías provinciais que conectan A Pastoriza cos concellos de Abadín e Cospeito. Instalaranse 20 luminarias, 16 delas colocadas nos accesos á rotonda repartidas en catro grupos e, outras catro, no centro da rotonda orientadas a cada un dos accesos da mesma.



**INTERCAMBIO.** 56 escolares de entre 11 e 12 anos do CEIP O Salvador da Pastoriza e do Centro Rural Agrupado Bajo Gállego de Zaragoza, de intercambio, foron recibidos polas autoridades. Ambos centros recibiron un premio do Ministerio de Educación polo seu proxecto conxunto Sustentabilidade, saúde e deporte no medio rural, e participaron nun intercambio que se enmarca nese recoñecemento.

## A piscina presenta un programa de actividades de verán

A piscina da Pastoriza contará este verán cunha serie de actividades dirixidas a público infantil de todas as idades para os meses de xullo e agosto.

Así, por unha banda, terá lugar un campus de mañás activas que se desenvolverán de luns a venres, de 11.00 a 13 horas con dúas horas de actividade, unha hora na auga e outra no exterior ou na sala.

Tamén continuarán os cursos de natación pero con outros horarios. Haberá para menores de 3 anos os martes ás 17.00 horas e os xoves ás 16.00. Para os pequenos de 4 a 8 anos serán

os luns, martes, mércores e venres ás 16.00 horas e ata os 12 anos serán ás 17.00 horas os luns, mércores, xoves e venres.

Así mesmo haberá zumba para pequenos os venres ás 18.00 horas.

O prazo de inscrición xa está aberto e será necesario anotarse na recepción da piscina ou vía telefónica 982 332 013.

Os cursos de natación e as actividades dirixidas a público infantil que se veñen desenvolvendo na Piscina da Pastoriza terán a partir de agora un parón nos meses de xullo e agosto.

**TAHONA CURRÁS**

**Gestas almuerzo**

Un detalle ideal para calquera tipo de celebración

**620417388**

**A Lareira**

Taberna Galega  
Restaurante

Rúa do Sol, 4  
27800 Vilalba, Lugo  
Tel.: 982 512 842

# SERÁNS MUSICAIS POLAS RÚAS DE VILALBA

8 XULLO - 21:00H.

MESTURA DE NETE

15 XULLO - 21:00H.

BUXOS VERDES

22 XULLO - 21:00H.

A.C. CERNA DE ÁRBOL

25 XULLO - DÍA DE GALICIA - 11:30H.

ENTRE LUSCO E FUSCO

13:00H. - PARQUE ROSALÍA DE CASTRO

CONCERTO DA

BANDA DE MÚSICA DE VILALBA

29 XULLO - 21:00H.

OS DO FONDO DA BARRA

CHARANGA DE VILALBA

5 AGOSTO - 21:00H.

BANDA DE GAITAS MATO VIZOSO

12 AGOSTO - 21:00H.

A.C. ANDRADE

12 AGOSTO - 22:30H.

PALCO DA MÚSICA DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN

SON DA RÚA

## ZONA AZUL

GRATUÍTA  
1h30m



Concello de Vilalba

### 1 POR QUE ZONA AZUL EN VILALBA?

É unha medida destinada a dinamizar o estacionamento co fin de que sean máis as persoas que teñan a oportunidade de aparcarse para facer compras e xestións.

### 2 EN QUE RÚAS?

Rúa da Pravia, Plácido Peña, Campo da Ponte e José María Chao Ledo e no aparcadoiro subterráneo.





### 3 TEN UN HORARIO DEFINIDO?

Si. É gratuito pero só poderás estacionar durante 90 minutos dentro do horario: ZONA AZUL de luns a venres, de 9 a 14h. APARCADOIRO SUBTERRÁNEO de luns a venres de 9 a 19h, e sábados de 9 a 14h. Excepto domingos, festivos e feiras!

### 4 COMO INDICO A HORA DE CHEGADA?

Cuns discos de reloxo que reparte o concello, ou calquer outro medio que indique a hora de chegada.

### 5 ONDE CONSIGO OS DISCOS?

-  CONCELLO
-  CASA DA CULTURA
-  OFICINA DE TURISMO
-  POLICÍA

Máis información en  
[www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal)


Concello de Vilalba

## Manuel López Rodríguez gaña o certame Díaz Castro

A sexta edición do certame de poesía Díaz Castro do Concello de Guitiriz xa ten gañador: Manuel López Rodríguez, natural de Noia, coa súa obra *Breve peza dramática para figurantes Z*.

O xurado, formado por Armando Requeixo, Ánxela Gracián e Miguel Anxo Fernán Vello, reuniuse hoxe pola tarde, vía telemática, para valorar as 18 obras que se presentaron a esta edición do certame de poesía.

Finalmente foi Manuel López Rodríguez o gañador dun premio dotado con 2.000 euros. O xurado destaca da súa obra *Breve peza dramática para figurantes Z* "a calidade das súas imaxes, a forza da súa voz poética, a complexidade do mundo recreado e, sobre todo, a súa orquestración paradramática, na que alterna a voz principal con outras corais, compoñendo un irisado vitral que espella unha realidade en continua metamorfose, chea de luces e sombras e onde o



eu lírico se afana en atopar o viero propio polo que camiñar".

Manuel López Rodríguez xa conta cunha ampla traxectoria no mundo da poesía. É cofundador do Colectivo literario sacou, da AC Éteatro e da Asociación Audiovisual Paradiso. Ademais, previamente gañou outros certames como o Premio Suso Vaamonde de Poesía, o Eduardo Pondal, o do Concello de Carral e o López Ardeiro, entre outros. Ten publicado libros individuais así como outros poemas e poemarios.

## Parga acollerá a XXVII Feira da Cantería, Callos e Artesanía o 17

O Concello de Guitiriz organiza o domingo 17 de xullo, xunto coa Comunidade de Montes Veciñais Santo Estevo de Parga, a edición número vinteseite da Feira de Cantería, Callos e Artesanía, que terá lugar na Carballeira de Parga.

A rexedora quixo agradecer "o esforzo que fai a comunidade de Montes para organizar esta festa xunto co Concello" e invitou "a todas e todos a que se acheguen o domingo á Carballeira de Parga, se dean unha volta pola mostra de artesanía, degusten os callos, bailen e participen nos actos que se programaron".

O presidente da Comunidade de Montes apuntou que "hai 15 canteiros confirmados" e explicou que "colocaremos sobre 17 pedras para que cada un vaia escollendo a súa a medida que vaia chegando e poida traballar durante toda a mañá". "A ración de callos estará en 6 euros", afirmou.



**PROGRAMACIÓN.** A xornada dará comezo ás 08:15 coa chegada dos canteiros e a elección de pedras. Ás 08:30 levarase a cabo o lanzamento de Bombas e apertura do XXIV Certame de Cantería, para posteriormente, ás 10:00, realizar a apertura da mostra de artesanía. Ás 11:30 terá lugar a actuación da Charanga Os Trileiros e ás 12:30h será a quenda para o Grupo de gaitas Municipal de Guitiriz.

Xa cara as 12:30 dará comezo a

venda dos callos na Carballeira e ás 14:00 realizarase o peche do certame de Cantería. Desde as 16:00h ata as 19:00 haberá inchables gratuítos para as crianzas. Ás 17:30 revelarase o fallo do Xurado e realizarase a correspondente entrega de premios do certame de cantería. Ás 18:00 terá lugar o peche da mostra de artesanía e a continuación haberá un gran fin de festa coa actuación do Dúo Caramelo.

## Volve en agosto a Aula da Calma

Abre o prazo de inscrición para unha nova edición da Aula da Calma dirixida a nenos e nenas e adolescentes que se desenvolverá durante o mes de agosto. Levarase a cabo do 2 ao 30 de agosto todos os martes e xoves na Casa Barxa. Alí, os participantes practicarán mindfulness na natureza, ioga, xogos de atención, meditación guiada, ximnasia cerebral, e moito movemento.

O prazo para anotarse remata o 29 de xullo e haberá dos grupos: de nenos e nenas de 6 a 11 anos (que comezarán ás 12 h.) e outro de 12 a 16 anos (a partir das 13 h.). A inscrición poderase formalizar a través da sede electrónica ou de xeito presencial pedindo cita previa no teléfono 982 370 109.

## Verán na Aula CeMIT

A Aula da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica da Xunta de Galicia, Rede CeMIT, do concello de Guitiriz celebrará unha nova edición de Verán Dixital.

Co obxectivo de introducir aos máis pequenos no mundo das novas tecnoloxías, de forma divertida e práctica, irán adquirindo habilidade e experiencia no uso do ordenador e familiarizaranse cos programas que máis se adecúan á súa idade e intereses.

Esta actividade da Aula CeMIT Guitiriz desenvolverase entre os meses de xullo e agosto, os luns e mércores de 10:30h a 12:00h, e está destinada aos cativos e cati-

vas de entre 9 a 12 anos de idade. A actividade conta con prazas limitadas. A inscrición realizarase na propia aula aula Cemit en horario de 10 a 12 horas. O prazo de inscrición é ata o 21 de xuño.

**STEAM.** Por outra banda, Agasal desenvolverá o Programa STEAM, no que, a través dos obradoiros de verán, procura motivar e favorecer un uso creativo da tecnoloxía así como igualitario entre rapazas e rapaces, derrubando estereotipos. Serán de agosto, o 9 para a rapazada de entre 8 e 11 anos en horario de 10:00 a 13:00, e o 11 de agosto para a rapazada de entre 9 a 12 anos en horario de 10:00 a 13:00.

## Abre o prazo para o programa Concilia Guitiriz do novo curso

O Goberno local abre o prazo para enviar as solicitudes para participar durante o curso escolar 2022-2023 en Guitiriz Concilia, o servizo de conciliación municipal da vida laboral e familiar dirixido a crianzas de 3 a 12 anos de idade (nados entre 2010 e 2019).

Esta actividade levarase a cabo no CEIP Lagostelle e hai a opción de Guitiriz Madrugador de 8 a 9:30 horas para atender aos nenos e nenas antes da entrada na escola e Guitiriz Tardes de 16 a 19 horas para o horario posterior ao colexio. Nos meses de xuño e setembro polas tardes comezará ás 15:15 horas.

Estableceuse unha taxa para todo

o curso, que varía segundo a modalidade que se escolla. No caso de Guitiriz Madrugador se se anotan 3 días ou máis por semana terá un custo total de 75 euros, 1 ou 2 días por semana serán 50 euros e un máximo de 3 días ao mes será de 20 euros. Para o Guitiriz Tardes, máis de 3 días por semana suporá un total de 100 euros, 1 ou 2 días por semana 75 euros e un máximo de 3 veces ao mes 35 euros.

O prazo para presentar as solicitudes finaliza o 25 de agosto. As familias interesadas poden presentar a documentación requirida a través da sede electrónica municipal ou de xeito presencial no Concello.

MEMBER OF  
**Dow Jones Sustainability Indices**  
In Collaboration with RobecoSAM

**Changing Tomorrow Now**

**ya llevamos 14 años cambiando hoy el mañana**

**edp**

edp.com

# A Feira de Parga, tradición versus modernidade

A Feira de Parga, a máis antiga de carácter privada que existe en Galicia e unha das máis fortes da zona, vén de dar un dobre xiro este ano. Por unha banda, cambiou a súa directiva, que muda cada 5 anos, rexíndose polos estatutos do ano 1927. Segue como presidente Xesús Anxo Barreiro Núñez e ocupa o cargo de Secretario Carlos Pereira Morandeira e tesoureiro Lorenzo Fernández Núñez.

A segunda decisión que se tomou foi ao respecto da súa xestión. A propia assemblea da Feira de Parga encargouse dela directamente os últimos cinco anos, pero optaron por recuperar o sistema anterior e volver arrendala. O obxectivo non era outro que facilitar a xestión da mesma para os directivos. Anteriormente recuperaran a xestión xa que a feira levaba co mesmo xestor 34 anos.

**O NOVO XESTOR.** A persoa que se ocupará os próximos dous anos desta tradicional feira é Daniel Pereira Méndez. A normativa explica que para a adxudicación da feira habería que facer unha poxa á saída de misa de 12.00 no adro da igrexa, entre as persoas interesadas no alugueiro, tendo prioridade os propietarios so-

bre o resto de interesados. As reunións xa non se fan á saída de misa, pero si se mantén a tradición, polo que foi na asemblea onde se tomou a decisión. Finalmente nesta ocasión só Daniel Pereira fixo a súa oferta e ao entender que se cubrían os gastos correntes da feira, como son luz, auga, xestería, etc, a súa proposta foi aprobada. O cambio produxose na última asemblea tralo acordo dos participantes, que acadaron o quorum regulamentario na súa reunión e tras cambiar a xunta directiva.

**A HISTORIA.** Esta feira de Parga non deixa de ser un exemplo de lonxevidade. Funciona como unha comunidade de propietarios e ríxese polo dereito xermánico, como as comunidades de montes. É privada, a única que queda en Galicia e a propiedade é de 92 familias que foron herdando ao longo dos anos a súa porcentaxe. A feira de Parga ten as súas orixes na idade media, nunha contorna rodeada do castelo, a torre e a igrexa. Parga tiña condición de vila, por concesión real, porque un dos requisitos para iso era que tivera feira ou mercado. Mantívose con maior ou menor fortuna ata a chegada do ferrocarril, no

ano 1875, cando a situación obriga a trasladar a feira de ubicación, situándose no seu emprazamento actual, entre o río e a vía do tren.

Outro cambio importante produxose no ano 1927, baixo o Goberno de Primo de Rivera, cando o concello de Trasparga intenta apropiarse da feira, porque xeraba ingresos moi elevados. Foi nese momento cando as 92 familias puxeron cada unha 1.000 reais (o equivalente a 250 pesetas), que era máis do que valía unha vaca, para facerse coa propiedade. Moitos investiron aí os cartos procedentes da emigración e outros optaron por vender algunha das súas propiedades máis apreciadas, como as vacas. Ese diñeiro empregouse para avogados principalmente, para iniciar un proceso contra o Concello reclamando a titularidade da feira. Sorprendentemente para aqueles tempos, en plena dictadura, a sentenza xudicial dá a propiedade aos veciños, conxunta para esas 92 familias, representadas cada unha pola vivenda existente na localidade. A importancia desta sentenza quedou reflectida no feito de que decidiu conservarse no Reino de Galicia.

O terceiro cambio importante da fei-



ra foi no referente a súa celebración. Salvando a celebración do primeiro domingo de mes, esta tiña como data fixada o día 28 pero durante a década dos 80 as progresivas perdas de asistentes e feirantes cando coincidía entre semana levaron a dividir aos propietarios en dous grupos, os que se negaban a cambiar de data e os que querían mudala para un domingo. Finalmente e só por un voto a segunda opción foi a que tivo o respaldo da maioría e foi cando pasou a celebrarse o último domingo de mes. Para moitos esta decisión salvou a feira.

**A FEIRA, HOXE.** Así continuou a xestión ata os nosos días. Antes da pandemia e tras 34 anos co mesmo xestor, a directiva anterior decidiu levar a xestión directamente, decisión que

se tomou en votación. Pero, despois de 5 anos, ao final cun novo cambio de directiva, tamén mudou esta decisión e por iso decidiron volver ao sistema anterior.

O novo propietario ten como unha obriga no alugueiro facerse cargo dos baños, a xardinería, do coidado da carballeira centenaria na que está situada e da área recreativa do río. Deberá facer fronte aos gastos e recibirá como compensación as taxas de ocupación da feira.

O que non pode facer o novo propietario é poñer os prezos, estes póñense en asemblea.

Pero esta cita co máis tradicional gallego, a feira, non deixou atrás a modernidade, a conta coas súas redes sociais, remodelou os seus alpendres e mantén un estrito coidado da súa ancestral contorna co obxectivo de seguir a ser un referente.

## CENTRO DE INFORMACIÓN DO ALTO MIÑO EN FONMIÑÁ (A Pastoriza- Lugo)



Concello  
**A PASTORIZA**



GOBIERNO DE ESPAÑA

VICEPRESIDENCIA  
TERCERA DEL GOBIERNO

MINISTERIO  
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓXICA  
Y EL RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN  
HIDROGRÁFICA  
DEL MIÑO-SIL, S.L.A.







**A Pastoriza acollerá un lugar de referencia nun enclave emblemático e privilexiado para a divulgación dos valores dos ríos da demarcación Miño-Sil así como dos ecosistemas que os circundan.**

**A edificación proxéctase evitando o impacto visual, pensando nunha edificación sinxela, reinterpretando a arquitectura tradicional e con materiais da zona.**

**INVERSIÓN → 340.000 €**

## Volven celebrar este verán os campamentos interxeracionais

Muras repite este ano a súa aposta pola conciliación polo que organizará este verán unha vez máis o campamento interxeracional dirixido tanto a menores, de entre 3 e 16 anos, como a maiores, a partir de 65 anos. “Desde ou Concello vaise proceder a apertura dun espazo interxeracional que facilitará a conciliación e constituirá unha forma de respiro familiar”, explican. Neste campamento traballa-

ránse contidos como accións lúdicas, cognitivas, físicas e de corresponsabilidade. Os campamentos celebraranse por quincenas nos meses de xullo, agosto e setembro e un mesmo usuario pode inscribirse en varios (4-15 de xullo, 18-29 de xullo, 1-12 de agosto, 15-31 de agosto). Estes celebraranse na Casa do Médico, o Local Social e a área recreativa da Veiga.

## Presentan alegacións contra o proxecto de mellora da LU-540

No prazo de 30 días outorgado pola Consellería de Infraestruturas e mobilidade, no trámite de información pública do proxecto de mellora da capacidade e seguridade da estrada LU-540 (Viveiro -Cabreiros), o concello de Muras presentou varias alegacións co obxectivo de que realicen unha revisión das intervencións propostas que antepoñen nun Concello gandeiro a mellora da capacidade en detrimento da seguridade viaria.

Un exemplo é a creación dun carril central de adelantamento en rampa entre os PK 27+900 e 27+000, que supón unha lonxitude real de adelantamento de 575 metros para mellorar a capacidade da vía. Este novo carril producirá unha situación de maior inseguridade ao ser unha lonxitude insuficiente, e que ademais coinciden dúas reincorporacións ao carril desde as dúas marxes, creándose unha evidente situación de perigo.

O equipo de goberno mostra a súa disconformidade co proxecto presentado pola Xunta pois parte pola metade o Concello deixando as explotacións gandeiras illadas con fincas a un lado e outro da estrada e sen posibilidade de comunicación. Entre outras alegacións, o concello tamén reclamou a construción de tres pasos, dous inferiores e dun paso superior no lugar de Furco, na Xestosa todos eles para coches e animais.

## Muras acollerá a primeira sesión do congreso de fotografía LEA

Como moitas outras actividades, o Congreso de fotografía de longa exposición de Ares (LEA V), que veu organizando a Asociación Fotógrafa Ferrolterra, estivo en suspenso ao longo dos últimos dous anos. Pero, por fin, este 2022 volve celebrarse, tal e como anunciaron Mikel Díaz e Marcos López, presidente e vicepresidente da entidade.

O colectivo pon en marcha este ano a quinta edición dun congreso no que participarán expertos en fotografía diurna de longa exposición como Luís Cagiao, ou en paisaxe nocturna e estrelas como Julio Castro. O congreso, que se desenvolverá do 28 ao 30 de xullo no Mosteiro de Santa Catalina en Ares, levará a cabo a primeira xornada en Muras, unha das zonas starlight na que a asociación desenvolve moitas das actividades de astrofotografía.



Julio Castro e Rafa Ruiz protagonizarán unha master class de Fotografía ademais dunha exposición de astrofotografía que se poderá visitar na casa do médico. A sesión, que se desenvolverá durante a noite, leva incluída unha acampada libre e gratuita no cámping de caravanas. Os días 29 e 30 será o mosteiro are-

sano situado en Montefaro o lugar no que tamén estarán relatores da talla de Antonio M. Tomás, Paulino Gasalla, Frodo Álvarez ou Felicita Russo que achegarán aos asistentes ás técnicas de astrofotografía, Lightpainting e Darklight. A inscrición xa está aberta a través deste enlace.

## O Concello remata as obras da ponte de Samil sobre o Eume



O Concello de Muras deu por finalizadas as obras de rehabilitación da ponte de Samil, sobre o río Eume. Trátase dunha ponte que se atopaba moi deteriorada polo uso e o paso do tempo e que é moi usada polos veciños da zona para acceder ás fincas e propiedades do outro lado do río.

O proxecto foi realizado polo estudo coruñés Barja Felpeto Arquitectos e o contratista foi a ferrolana

Cofragsa. O proxecto tivo un custe final de 46.653,50 euros.

A ponte nova refíxose en madeira pero cunha varanda para protexer de caída e vigas para darlle consistencia á infraestrutura. Ten unha lonxitude de 12 metros e un ancho de 3,30.

Aínda que o seu uso é peonil, a nova estrutura podería permitir o paso de vehículos nunha emerxencia.



¡Consúltenos!

**VA VEIGUELA ABOGADOS**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS




SI ERES EMPRESARIO O AUTÓNOMO, CONTRATA NUESTRO SERVICIO DE TARIFA PLANA EN ASESORAMIENTO JURÍDICO CONTINUADO

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados veiguela abogados



## As Pontes



# Festas do Carme e A Fraga

Do 15 ao 25 de xullo



Desexámosvos unhas Boas Festas.

# NOVALUX

óptica & centro auditivo

Av. Galicia, 91 · As Pontes

☎ 981 451 504

Placido Peña,9 · Vilalba

☎ 982 510 100

Nº Registro Sanitario F. 13-000024  
Nº Registro Sanitario F. 13-000270

Nº Registro Sanitario F. 27-000251  
Nº Registro Sanitario F. 27-000272



# PROGRAMACIÓN

## As Festas do Carme e da Fraga están en marcha

Organizadas este ano polo Concello, recuperan unha programación sen restricións

As Pontes celebrará a partir do 15 de xullo as súas festas patronais do Carme e da Fraga, dúas celebracións diferentes que se unen nun programa festivo que conta cunha ampla programación e que combina as actividades culturais coas deportivas. A Concellería de Cultura elaborou un amplo programa con moitas actividades, pensadas para todas as idades, que aínda que oficialmente abrirá o día 12 co pregón tivo xa a fin de semana previa varias actividades que se incorporan ao programa dunha celebración que se prolongará ata o 25 de este mesmo mes, un luns que coincidirá festivo.

Así, previamente ao inicio oficial das festas celébrase o Festival Son As Pontes, sen dúbida unha cita cultural de obrigado cumprimento que abre boca para todo o programa que se desenvolverá a continuación. Trátase da quinta edición do festival de música clásica organizado polas Xuventudes Musicais da Coruña en colaboración co Conservatorio Profesional de Música das Pontes.

Haberá concertos previstos ata o 14 de xullo xusto antes de que abra a programación oficial.

Xunto a este festival foi a fin de semana das citas deportivas como o XXXII Gran premio Tutiro 200 platos Foso Olímpico, a XXV edición da Cacería do Zorro ou a Samurai Xtreme Race Lago das Pontes. A estas



citas clásicas uniuse este ano a Primeira Clásica de Regularidade Vila das Pontes, organizada polo club ACAP.

Tamén este sábado haberá un documental co título *87, cuando fuimos los mejores* pola noite na Casa Dopeso.

O 15 polo tanto abrirase a programación co pregón, á 20.30 horas na praza do Concello, amenizado por un grupo de mariachis. Nesta ocasión, quere renderse unha homenaxe a todos os colectivos que se mantiveron en activo e comprometidos durante o tempo de pandemia. Un novo pregón colectivo, habitual na organización destas festas.

Catro grandes eixes marcan a programación, a infantil, os grandes concertos, a música tradicional e a volta das noites de verbena.

No primeiro apartado, os nenos

terán as súas actividades polas tardes entre os días 15 e 18 con parque infantil e actuacións de diversa índole, todas para as súas idades. No parque infantil poderán gozar de inchables, xogos e festa da escuma.

Entre os grandes concertos, tres citas importantes. O sábado 16 estará nas Pontes Travis Birds e Tu Otra Bonita na avenida 8 de Marzo, ás 21.30 horas. Non poderían faltar as Tanxugueiras, tamén o sábado 16 a partir das 23.00. E o terceiro gran concerto estará a cargo da artista local Sabela, que as 22.00 horas do domingo 17 volverá a encandilar coa súa voz.

No apartado de música tradicional destacan os pasacalles de Cómbaro, Os Trevillas e Canavella os tres días principais de festas, agás o 17, cando o

farán as bandas participantes no Certame que terá lugar ese mesmo día ás 19.30 horas no Cine Alovi. Completa o apartado o Festival Internacional de Folclore, que será o luns a partir das 20.30 horas. Un clásico como é a Banda das Pontes non podía faltar na programación, o sábado ás 13.00 horas no campo da feira.

Finalmente se recuperan sesións vermú e verbenas, das que se ocuparán grupos e orquestras como Olympus, Miramar, París de Noia, Foliada, Los Satélites e Claxxon.

**FESTAS DA FRAGA.** A seguinte fin de semana continuará a festa nas Pontes coas da Fraga, que este ano contan cunha programación máis diferenciada e co seu propio cartel.

A música será a gran protagonista con concertos nos que a

Moita música,  
actividades  
deportivas,  
e vehículos,  
encherán  
a vila coa  
programación  
cultural

FP

Ferretería Puentes, S.L. FERRETERÍA EN GENERAL MATERIALES PARA LA CONSTRUCCIÓN

Artículos de regalo - loza - cristal - vidrios - electrodomésticos - material eléctrico  
pinturas - tuberías - saneamientos - hierros - mobiliario de baño y complementos

Polígono Industrial, Parcela 4  
Tfno.: 982 511 115

Rúa da Pravía, 25/27  
Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503


VILALBA - LUGO / fpuentes@infonegocio.com

Integrada en:



Grupo Alcongal

las rías



música folk e os grpos locais segue sendo protagonistas. O 23 actuarán sucesivamente Andrés Penabad (22.00 horas), Muxarega (23.30), Os d'abaixo (0.30) e repite Andrés Penabad en DJ Set (1.45). O domingo haberá pasacalles ás 12.30 horas con Os Carapaus e A Ferriña Furtiva; e As 18.00 con Os Feroces da Glaeuria e No Cómbaro. Abrirán os concertos Xabier Díaz e Aldufeiras do Salitre, ás 19.30 horas, seguidas de Lilaina (22.30) e Xisco Feijoo (23.45). La Duendeneta pechará a xornada ás 1.45 horas. Finlamente o 25, día da Romaría da Fraga haberá sesión vermú ás 13.30 horas e verbena ás 22.00 con La Ola, Durante o día haberá actuación na carballeira das charangas Louband, BB+, DGT e Celtas.

**A MARCA DA FRAGA.** Como é tradicional, os ponteses e as pontesas que participarán na Romaría da Fraga teñen un primeiro labor, delimitar o terreo no que se instalarán as pandillas a fin de semana do 25. Sen dúbida esta actividade non deixa de ser o pistoletazo de saída aos festexos.

Esta acción xa tivo lugar polo que as pandillas das Pontes xa pasaron polo lugar o venres 8 para deixar ocupado o seu lugar, no que comezarán a construír o se pendello. Facía tres anos que esto non se facía polo que ninguén faltou á cita co metro. Algúns foron temprano para estar listos para o momento no que se abría o tempo e outros tiveron sorte aínda que chegaron xustos. Pero, con terreo delimitado ou non a festa prevese multitudinaria.

**MISAS.** As celebracións litúrxicas non faltarán coa Novena entre os días 8 e 16 con horario de 7.40 e 19.30 horas. O 16, día de finalización da Novena, o horario muda ás 20.00 horas. A continuación, ás 21:30 solemne procesión de baixada da Virxe do Carme á igrexa parroquial. O 17 de xullo, solemne misa patronal ás 12:30 tamén na igrexa parroquial. A continuación, procesión de subida da Virxe á capela e ofrenda floral. O 18 a misa será ás 12.30 horas na honra a Santa María Magdalena na capela para rematar o día 25 de xullo co oficio ás 13.00 horas na igrexa parroquial.

**OUTRAS CITAS FESTIVAS DO ANO**

Ademais das Festas do Carme e a Fraga, o concello das Pontes conta cun importante programa cultural e gastronómico que se desenvolve durante todo o ano. As máis destacadas son:

**FEIRA DO QUEIXO E DO MEL**

No mes de outubro a parroquia de Goente celebra a Feira do Queixo e da Mel, unha festa de exaltación de dous dos produtos máis populares da gastronomía local. Unha vintena de artesáns participan no evento no que se poden adquirir produtos gastronómicos ou visitar as exposicións de maquinaria ou motocicletas antigas. Ao mediodía, os asistentes poden participar nunha comida. Tamén poden degustar un menú especial que inclúe requeixo, mel, freixós e queixo. E para o ocio dos máis pequenos, instálase unha zona con xogos e inchables.

**FEIRA DE FUNGOS E COGOMELOS**

En novembro é a tradicional Feira de Fungos e Cogomelos cun amplo programa de actividades que inclúen dende espectáculos musicais, exposicións a unha degustación gastronómica popular, que fai das Pontes o epicentro da gastronomía galega, cunha aposta pola calidade

dun produto tan propio desta tempada como os cogomelos. A xornada adicada aos cogomelos arrinca co tradicional Certame de Cestas e o programa aposta pola promoción da gastronomía da bisbarra, con exposición e venda.

**FEIRA DO GRELO**

A Feira do Grelo, a primeira que se adicou en Galicia e este produto, celebrouse por primeira vez no ano. Dende aquela vén celebrándose con carácter anual, cada domingo de Entroido. Ao longo da xornada succédense diversos actos entre os que destacan o concurso de grelos. Xa preto do mediodía pódese gozar da degustación elaborada con grelos e outros produtos da zona. Outro dos grandes atractivos desta feira son os freixós, que se cociñan nunha freixoeira de grandes dimensións. Entre as actividades paralelas destaca a mostra de artesanía e un festival de comparsas. O entroido é unha tradición moi arraigada.

**CITA COA HISTORIA DAS PONTES**

A Cita coa Historia das Pontes percorre os períodos históricos máis importantes da historia da comarca do Eume, traendo ata o presente personaxes, costumes e

tradicións doutras épocas pasadas. Dende os primeiros asentamentos dos pobos celtas ata o século XIV, no que García Rodríguez recibe o ducado de As Pontes. Este evento substitúe á tradicional feira medieval que se celebraba dende fai anos en setembro. A continuidade este ano non está aínda confirmada.

**FESTA DO FREIXÓ**

Un sábado do mes de abril, normalmente a primeiros, As Pontes ten unha cita gastronómica coa Festa do Freixó, que se leva a cabo na parroquia de San Xoán do Freixo e na que todos os asistentes poden degustar un menú composto de empanada, cocido, freixós con mel ou nata e requeixo. Durante a xornada, os asistentes tamén poden visitar unha Exposición de Artesanía e Produtos do País.

**FEIRA QUINCENAL**

As orixes da feira da vila das Pontes remóntanse a tempos inmemoriais. Son e segue sendo feira franca de rango comarcal e celébrase os días 1 e 15 de cada mes. Ese día chegan ao municipio veciños de todas as parroquias do contorno onde os foráneos e veciños pode adquirir produtos de todo tipo.

**herranz**  
odontólogos

ESTÉTICA DENTAL  
IMPLANTOLOGÍA  
PERIODONCIA  
ODONTOLOGÍA RESTAURADORA  
BRUXISMO Y ATM  
ORTODONCIA  
INVISALIGN®

Alfredo Vicenti 2, 2C. 15004, A Coruña  
Rosalia de Castro 4, baixo. 15320, As Pontes  
www.herranzodontologos.com  
981 255 874

**herranz**  
estética

Dra.: Alejandra Herranz  
Dra.: María Pombo  
Nº de Autorización Sanitaria C-15-000401

Rosalía de Castro, 4 As Pontes 981 452 795

**PONTESA**  
MARMOLES Y GRANITOS

Polígono Industrial Os Airios, sector 2 parcela 11B  
As Pontes de García Rodríguez - A Coruña  
Tlf.: 981 450 899 / email: info@pontesa.es

# ENTREVISTA

## Vicente Roca, concelleiro de Cultura das Pontes

“Despois da pandemia consideramos que tiñamos que asumir o compromiso de organizar as festas”

**Que é o máis destacado das festas deste ano?**

A novidade principal é volver á normalidade, despois de dous anos nos que fixemos actividades e propostas para solventar a situación pandémica pero este ano volvemos ás festas patronais como as coñecemos, todo en aberto e sen restricións de público nin medidas, agás as dadas pola seguridade de eventos no exterior. Como novidades gustárame destacar que ademais das orquestras tradicionais imos ter unha alternativa de concertos dunha entidade importante que se desenvolverán na rúa 8 de marzo, no Canal IV, cun escenario dunhas dimensións de maior relevancia para dar cabida a alternativas musicais que teñen un público máis amplo como Tanxugueiras, e mesmo alternativas dun público minoritario ou indie, como Travis Birds e Tu Otra bonita, ademais do concerto de Sabela Ramil. Estes concertos non van ser simultáneos coas orquestras, xa que terán horarios diferentes. Repartimos así tamén o movemento da xente para que non toda estea no mesmo lugar.

**Recupérase a alfombra floral?**



Vai haber alfombra floral. Farase unha alfombra na honra da Virxe do Carme, na praza que leva o seu nome, durante a madrugada do sábado ao domingo, quedando rematada a primeira hora da mañá e lista para a procesión diurna do Carme. Hai un grupo de personas que levan anos elaborando as alfombras florais, este ano continúan e como sempre, é un proxecto aberto á participación de toda a veciñanza.

**Outra cita imprescindible que se recupera é a Romaría da Fraga.** Si, este ano recupérase tamén a Romaría da Fraga tal cual a coñecemos. Xa dende o 23, sábado, iniciaremos as actividades. Ese día está reservado para grupos das Pontes que farán pasacalles dentro da carballeira e á noite tocará o noso acordeonista, dos mellores do panorama musical, Andrés Penabad.

Tamén haberá un concerto do grupo histórico local Muxarega, acompañados polo grupo Os d' abaixo. O día 24 tamén haberá pasacalles pola carballeira con grupos tradicionais como Carapaus e tamén formacións das Pontes. Iniciarase o festival folk o domingo con Xabier Díaz e Adulfeiras do Salitre, Xisco Feijoo e Lilaina para rematar con La Duendeneta, con Cris DJ, que ten unha sesión exclusiva de música en galego feita por mulleres que é a nosa proposta este ano. E xa o día 25 será a propia Romaría da Fraga coa sesión vermú e durante toda a tarde tocarán as charangas que nos últimos anos, durante a pandemia, trouxemos para dinamizar as rúas. Foron unhas charangas que deron moixo xogo e que encaixarán moi ben na Fraga. Rematarase co pase nocturno da orquestra La Ola.

**Entón temos unha combinación de**

**música moderna, música tradicional e orquestras?**

A base deste ano é facer a maioría das actuacións con empresas galegas e artistas galegos, retomando a senda do folk tradicional e eses grupos que son dos máis punteiros na escena musical galega e combinándoos con orquestras e tamén outros grupos que son xa referentes da música de alto nivel. Este ano imos intentar diferenciar a Festa do Carme da Festa da Fraga. De feito, temos un cartel diferente para cada celebración.

**Como se escolleu o pegoiro?**

Desde o Concello eramos conscientes de que tiñamos unha débeda cos diferentes colectivos que velaron pola nosa saúde e seguridade no peor da pandemia. Serán eles os encargados de levar a cabo o pregón, xente de Protección Civil,

“Recuperamos algo que facía tempo que non tiñamos, que son as sesións vermú pero con orquestra, que se van ter sábado e domingo”



**MUEBLES EUME**

SALONES • DORMITORIOS  
SOFÁS • JUVENILES  
DESCANSO • Y MUCHO MÁS!...

**Avd. Habana Nº87,  
15320 As Pontes  
A Coruña  
Tel.: 981 453 228**



sanitarios, Policía Local e outros servizos básicos, como a xente nos supermercados, por exemplo, eses colectivos que coidaron de nós. Estes pregóns colectivos levan anos facéndose nas Pontes, é algo habitual, sinal de identidade do noso alcalde.

#### Hai apartado tamén para deportes?

Retómanse os eventos deportivos propios da festa, como os campionatos que se fan na Sociedade Deportiva Pena da Revolta, unha clásica de regularidade de coches clásicos, o Samurai Xtreme, torneo de tenis... os eventos tradicionais destas datas, que levan xa 25 edicións, 32 noutros casos, e tamén unha concentración moteira. Algúns destes actos teñen lugar a fin de semana anterior ou a posterior pero se integran tamén na programación das festas.

#### Por que se fai este ano cargo da organización das festas o Concello?

Durante moitos anos a comisión de festas, cun núcleo duro conformado por Pablo, Fina e Ramón e que cada ano ía cambiando a xente para axudalos, fixeron este traballo

de forma altruísta e xenerosa, un labor que me consta que é árduo e de moito traballo, ingrato tamén moitas veces porque non todo é do gusto de todo o mundo e sempre hai alguén descontento. Despois de dous anos de pandemia, un deles cunha festa alternativa, consideramos que tiñamos que asumir nós ese compromiso porque, a día de hoxe, a nivel de espectáculos públicos xa estaba ben de delegar nesa xente esa responsabilidade. Non quita que o vindeiro ano non poda retormarse esa versión da comisión coa financiación do Concello pero nesta ocasión, sendo as primeiras despois de todo isto, consideramos que tiñamos que ser nós.

#### Nas festas non só está implicada a concellería de Cultura?

Parece que a organización das festas é só Cultura pero por exemplo o departamento de obras e servizos é fundamental e imprescindible. Sen eles non se pode levar a cabo nada disto. Non se lles ve pero se non están non se fai nada. Tamén dende Turismo, Elena foi copartícipe en todas e cada unha das actividades que se realizan. De feito sempre estamos man a man xa que a Cultu-

ra tamén é un dos motores para atraer turismo. Estas actividades son un reclamo para a veciñanza pero tamén para os foráneos. Na organización das festas pero tamén no resto das actividades e todo o ano imos man a man. En agosto haberá actividades tamén importantes no lago e todo sae das dúas concellerías.

#### As festas son un reclamo para a contorna?

Sí, creo que son as festas máis potentes a nivel comarcal, salvando a cidade de Ferrol e Narón pero creo que son dos reclamos máis importantes. Sempre se trouxeron o máis potente das orquestras galegas e alternativas musicais de primeira índole. Este ano, a evidencia é o prato forte, as Tanxugueiras. Os días grandes das festas buscamos o mellorciño como París de Noia, Panorama, Los Satélites. Ademais recuperamos algo que facía tempo que non tiñamos, que son as sesións vermú pero con orquestra, que se van ter sábado e domingo.

#### Tamén contades cun importante respaldo ao folclore.

Como todos os anos contamos

co Festival Folclórico Internacional, unha tradición na nosa vila, que reúne grupos folclóricos de relevo que se achegan á nosa vila e que este ano retomamos no seu formato máis potente no pavillón municipal. Previamente dende hai tres anos temos tamén o festival Son as Pontes que se está convertindo na referencia a nivel comarcal na música clásica porque veñen do mellor e máis granado do panorama galego de concertistas, e tamén de xente de fóra das nosas fronteiras. Tamén estreamos un concurso internacional de música de cámara que se celebra na semana previa, do 9 ao 14 de xullo, que leva xa tres anos con nós e está calando na vila e se achega xente de fóra porque é unha proposta de primeiro orde.

#### E para os máis pequenos?

Tamén teremos espectáculos itinerantes para os máis pequenos. Se nos acompaña o tempo faremos as cousas no exterior como no resto de actividades. Tamén teremos a exposición Unha foto e un poema, outro clásico, que recolle a historia de mulleres que fixeron das Pontes, será no xardín do campo da feira.

“Desde o Concello eramos conscientes de que tiñamos unha débeda cos diferentes colectivos que velaron pola nosa saúde e seguridade no peor da pandemia”

**TODO EN ALIMENTACIÓN**  
Refrigerados y Congelados

- \* Hostelería
- \* Colegios
- \* Colectividades
- \* Panaderías
- \* Tienda Tradicional

REPRESENTACIONES CABARCOS

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / [www.representacionescabarcos.com](http://www.representacionescabarcos.com)

# TRADICIÓN

## A alfombra floral volverá recibir á Virxe

Os veciños das Pontes volverán elaborar este sinal de identidade das festas na noite do sábado

Outra das tradicións máis antigas das festas do Carme é a realización da alfombra floral. O obxectivo da mesma é cubrir unha parte do percorrido da Virxe no seu camiño de volta a súa casa o domingo. A noite anterior, a imaxe da Virxe deixa a súa Capela en procesión para subir ata a Igrexa. Durante a noite, un colectivo de fonda tradición e relixiosidade ocúpase arduamente de elaborar unha alfombra floral, que será colocada pola noite para embelecer o retorno á capela, acompañada dos pequenos de comunión.

Este ano a tradición da alfombra regresa tras dous anos sen celebrarse e faino coa mesma ansia de sempre. O principal, ter un tema a desenvolver e traballar arreo durante toda a noite para conformar un debuxo orixinal que todos os anos leva á vila a miles de visitantes.

O colectivo que elabora as alfombras florais leva xa tempo traballando na confección, na recompilación das frores necesarias e todos os anos invita á veciñanza a sumarse a esta iniciativa que require dun traballo duro realizado a altas horas da noite e a madrugada. Non faltan veciños que colaboran nesta tradición ascentral que todos os anos busca un tema que dé pulo ao máis representativo da localidade. Aquí non hai idade límite para participar, nin por riba nin por baixo, polo que cada ano súmanse algún pequeno á iniciativa, aínda que como lembran desde a organización, “son



unhas horas un pouco complicadas para incentivar á xente a colaborar”.

Os alfombristas elaboran tamén diferentes panos para que non se pisen durante todo o día e podan ser admirados por veciños e visitantes, unha mirada que adquire un valor impresionante a vista de paxaro.

### BEN DE INTERESE

Os alfombristas galegos deron un paso á fronte ao solicitar á Xunta que se declaren as súas creacións florais como un ben de interese cultural, como xa pasou noutras comunidades autónomas. Nesta petición formal na que están asociacións de Pontearreas, Bueu, Moaña, Rianxo, Ames, Cela (Bueu),

Redondela, Cangas, Burela, Miño e Pontevedra achégase un informe histórico e antropológico no que se recolle que a primeira alfombra feita en Galicia foi en Ourense, en 1323, e máis tarde, en Pontevedra. Sen dúbida sería unha importante noticia para este colectivo que leva traballando máis de 30 anos na súa elaboración ano a ano.

### DATOS

- Domingo 18 de xullo
- 12.30 horas
- Igrexa parroquial
- Acompañamento musical da Banda de Música das Pontes e Grupo Canabella.

FELICES FIESTAS

# TEXAS

— MODA JOVEN —

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083  
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

Texas Moda Joven

# GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

Avda. Villalba, 6 - bajo  
15320 AS PONTES (A Coruña)  
981 440 098 - 699 145 568  
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamín Paz, 25 bajo  
27800 VILALBA (Lugo)  
982 523 034 - 645 851 946  
contacto@gestoriagayoso.com

# A lectura do pregón abrirá as festas o día 15

Este ano está dedicado ás mulleres e homes que plantaron cara á pandemia durante o ano 2020

**Q**ueda lonxe aquel mes de marzo de 2020, cando de maneira espontánea e durante case dous meses, comezamos a saír ás xanelas e balcóns das nosas casas para aplaudir a todas aquelas persoas que, día tras día, daban o mellor de si para que ninguén quedase atrás, para que ningunha persoa que crese abandonada á súa sorte, para que ningunha persoa maior sentise soa, para que nas nosas casas non faltase a comida ou para que as nosas fillas e fillos puidesen ter unha celebración de aniversario especial aínda que non fose a soñada. A historia do ano 2020 estará marcada, sen dúbida, por unha

crise sanitaria sen precedentes. Unha pandemia que cambiou a nosa forma de vivir e que nos ensinou a valorar o que realmente importa.

A pandemia obrigounos ao distanciamento pero soubemos romper esa barreira e atoparnos, cada tarde, ás 20:00 horas para aplaudir á vida e para buscar a forza que necesitabamos para seguir adiante.

A pandemia tróxonos dor, sufrimento e soidade pero tamén trouxo a solidariedade e permitiunos recuperar valores esenciais, que tingüeron o noso espírito de esperanza e ilusión, sabendo que non estabamos sós e que centos de persoas velaban pola nosa vida.

Agora chegou o momento de



volver aplaudir e mostrar toda a nosa gratitude a aquelas mulleres e homes, veciñas e veciños do noso pobo que plantaron cara á pandemia, na primeira liña de batalla, nos momentos de maior incerteza. As Pontes ten o deber e a obriga de recoñecer o seu traballo, o seu esforzo e o seu sacrificio.

Elas e eles son os protagonistas do pregón das nosas festas patronais. Mulleres e homes que dedicaron a súa vida para coidar doutras vidas e que levaron a súa xenerosidade e o seu compromiso ata o extremo. Este é a nosa pequena mostra de gratitude e recoñecemento á

forza, compromiso e valentía que durante aqueles meses mostraron os traballadores e traballadoras municipais do servizo de Obras, do departamento de Benestar Social, do Servizo de Axuda no Hogar, aos persoais da Policía Local e a Garda Civil e Bombeiros, ás voluntarias e voluntarios de Protección Civil, ao sector dos transportistas, ao tecido comercial do noso pobo, ao persoal das farmacias e ás sanitarias e sanitarios das Pontes. Quizá a historia non lembre os seus nomes, pero nós non os esqueceremos nunca. A elas e a eles debémolles todo. Grazas por coidarnos!

Será na praza do Concello, ás 20.30 horas amenizado por un grupo de mariachis


É o momento de desfrutar, de estar ao lado dos nosos. De vivir só o bo. Días para reencontrarse e de quererse. Fins de semana longas e noites sen fin. Momentos para lembrar e festas para enmarcar.

**FELICES  
FESTAS  
DO CARME 2022  
AS PONTES**

**GADIS**

#EnConfianza



 Xacobeo 21-22

## martes 12

20:30h Festival de música clásica **Son As Pontes**, concerto **Zoar Ensemble** na Casa Dopeso.

## venres 15

18:00h Parque@ctivo. Espectáculo *Atemporal* do **Mago Charlangas**. Xardíns Campo da Feira.

20:00h Misa na Capela do Carme. **Ofrenda floral**.

20:30h **Pregón** homenaxe a colectivos covid. Actuación do grupo de Mariachis. Praza do Concello.

21:30h Actuación de **Travis Birds** e **Tu otra bonita**. Avenida 8 de Marzo.

00:15h Verbena coa Orquestra **Olympus**. Praza do Carme.

## luns 18

11:30h Pasacalles cos grupos tradicionais: **No Cómbaro, Os Trevillas e Canavella**

12:30h Misa de Santa María Magdalena e procesión. Capela do Carme.

12:30h Parque@ctivo **La Troupe Malabo**. Espectáculo *Karpaty*.

16:30h Parque infantil con inchables, xogos e **fiesta da escuma**. Xardíns Campo da Feira.

18:30h **Pasacalles** dos grupos folclóricos do Festival Internacional polas rúas do Concello.

20:30h **Festival Internacional de Folclore**. Avenida 8 de Marzo.

22:00h Verbena coas orquestras **Satelites** e **Claxxon**. Praza do Carme.



## mércores 13

22:30h Festival de música clásica **Son As Pontes**, ciclo Novos Intérpretes na Casa Dopeso.

## sábado 16

12:00h Pasacalles: **No Cómbaro, Os Trevillas e Canavella**.

13:00h Concerto da **Banda de Música das Pontes**. Xardíns do Campo da Feira.

13:30h Sesión vermú. Orquestra **Miramar**. Praza do Carme.

19:00h Parque@ctivo. Espectáculo itinerante **A Danza dos Paxaros**. Xardíns Campo da Feira.

20:00h **Novena** e misa na Capela do Carme.

21:30h **Procesión nocturna** á igrexa parroquial, co acompañamento das Bandas de Música das Pontes, e de Gaitas da Escola Municipal das Pontes. Na praza do Hospital, **espectáculo piro-musical** na honra á Virxe do Carme.

23:00h Concerto: **Tanxugueiras**. Avenida 8 de Marzo.

00:30h Verbena coas orquestras **Miramar e París de Noia**. Praza do Carme.

Realización da **alfombra floral**.

## martes 19

19:00h Parque@ctivo. **Circo Chosco**. Espectáculo *Oh-pera*.



## xoves 14

16:30h Festival de música clásica **Son As Pontes**. Concurso de Música de Cámara. Casa Dopeso.

## domingo 17

12:00h Pasacalles co grupo **Os Trevillas**.

12:30h Eucaristía na igrexa parroquial, cantada pola Agrupación Coral Endesa e procesión de **subida da Virxe do Carme** co acompañamento das Banda de Música Cultural e Recreativa de As Pontes e o Grupo Canavella. Ofrenda floral.

14:00h Sesión vermú coa orquestra **Foliada**. Praza do Carme.

18:00h Parque@ctivo concerto infantil **Magín Blanco** e a Banda das Apertas. Xardíns Campo da Feira.

19:00h **Pasacalles** das bandas participantes no certame de bandas.

19:30h XXIII **Certame de bandas** no Auditorio Cine Alovi. Asociación Musical Charamela de Pontedeume; Sons e Soños de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol e Banda de Música Cultural e Recreativa de Pontedeume.

22:00h Actuación de **Sabela**. Avenida 8 de Marzo.

23:30h Verbena con **Foliada e Coleguitas**. Praza do Carme.



## mércores 20

19:00h Parque@ctivo. **Pistacatro**. Espectáculo *Oh Olimpiadas*.



sábado 23

**Festival Folk da Fraga**22:00h Concerto **Andrés Penabad**.23:30h Concerto **Muxarega**.00:30h Concerto **Os D'abaixo**.01:45h **Andrés Penabad Dj Set**.

domingo 24

**Festival Folk da Fraga**12:30h Pasacalles **Os Carapaus** e **A Ferriña Furtiva**.18.00h Pasacalles cos grupos tradicionais: **Os Feroce**  
**da Galgueira** e **No Cómbaro**.19:30h **Xabier Díaz** e **Aldufeiras do Salitre**.22:30h **Lilaina**.23:45h **Xisco Feijoo**.01:45h **La Duendeneta, DJ Kris Set**.**outros eventos****Solemne novena na honra á virxe do Carme**. Do venres 8 ao sábado 15 de xullo ás 7:40h e 20:00h na carpa sita diante da Capela do Carme.**Exposición: Mulleres que fixeron as pontes**. Situada no Parque Municipal desde o 15 de xullo ao 15 de agosto.**Exposición: Unha foto un poema**. Data : do 14 ao 31 de xullo. Patio de Santa María. Exposición de fotografías de creación colectiva de fotógrafos e fotógrafas pontesas e do Grupo Poético Alalá.**Parque@ctivo**. Desde o 16 ao 20 de xullo, en horario de mañá de 11.30 a 14.00 e de tarde de 17.30 a 20.30. Nos xardíns Campo da Feira.**Campus Multideporte**. Do 1 ao 14 de xullo de 9:30 a 14:30 horas nos pavillóns A Magdalena, IES Castro da Uz e IES Moncho Valcarce. Entidade organizadora: Club Patín As Pontes.**XXV Torneo de Tenis Festas do Carme 2022**. Do 24 ao 29 de xullo a partir das 16:00 horas nas pistas municipais de tenis do Canal IV. Entidade organizadora: Club Tenis As Pontes.**Concentración Moteira Tribu Mohican Club**. O sábado 6 de agosto a partir das 10:00 horas na pista do CEIP Santa María. Entidade organizadora: Tribu Mohican Club.

luns 25

**Romaría da Fraga**

Festa declarada de Interese Turístico.

13:00h **Misa** de Santiago Apóstolo.  
Capela do Carme.13:30h Sesión vermú coa orquestra **La Ola**.Ao longo da xornada, na carballeira, actuación das charangas **Louband**, **Bb+**, **Dgt** e **Celtas**.22.00h Actuación da orquestra **La Ola**.+ info: [www.aspontes.org](http://www.aspontes.org)

# MÚSICA PARA TODOS

## Dende o máis moderno...

O Concello pon en marcha un intenso programa musical con propostas para todos os públicos

### TANXUGUEIRAS

O Concello das Pontes anunciou a presenza do trío galego Tanxugueiras nas festas patronais cun concerto o día 16 de xullo no Canal IV a partir das 23.00 horas. Sabela Maneiro, Aida Tarrío e Olaia Maneiro son Tanxugueiras, tres cantadeiras para unha nova década. Só elas son capaces de reinterpretar os sons dunha tradición milenaria fusionándoa con ritmos urbanos, máis próximos ao trap ou á electrónica. O trío recolle o legado das pandeireteiras, as mulleres que traballaron por manter viva a música tradicional galega, para revisionalo e lanzarlllo de novo ao mundo nunha explosión de modernidade, contando cun estilo épico e unha forza ancestral que xa as fixo triunfar en escenarios de varios países. Aválanas éxitos como *Midas*, *Figa*, *Averno* (colaboración con Rayden) ou *Terra*, tema co que se alzaron como as favoritas do público no Benidorm Fest. Todo formará parte do seu novo disco, que verá a luz neste 2022 e co que presentarán un potentísimo show.



### TU OTRA BONITA

Tu Otra Bonita é un grupo ecléctico, cun son diferente, que lles levou a países como Arxentina, México ou EEUU. Está formado por Héctor Lacosta, cantande; Félix Vígara, guitarra, e Alberto Vallecillo, na percusión. É unha das bandas máis singulares do panorama musical actual, que se gañou o recoñecemento grazas á súa fusión de ritmos e cancións, desde a mestizaxe indie ata a rumba, cancións ás que é imposible resistirse a cantar e bailar, pero tamén con letras que son poesía e caricias para a alma, moita constancia, traballo e fé en si mesmos.

### SABELA

O seu posto como finalista na edición de OT2018 permitiulle darse a coñecer no panorama



musical.

Tras sacar á luz o seu primeiro EP titulado *Despedida* en 2019 e virar en formato acústico e trío por Galicia, Sabela decidiu emprender un novo camiño para facer un desenvolvemento máis profundo da súa carreira. En 2020 o seu videoclip foi o máis visto en galego en Youtube. Ao escoitala, o cruce de sons ambientais e doces da súa voz e elementos electrónicos, serena a dureza das partes instrumentais na que as guitarras eléctricas e a batería cobran especial importancia na creación de emocións máis intensas.

### TRAVIS BIRDS

Travis Birds será parte da programación das Festas do Carme e da Fraga 2022, co concerto que ofrecerá sobre La Costa de los Mosquitos Tour, o venres 15 de xullo, ás 21.30 horas no Canal IV. En 2021, Travis Birds lanzaba *La costa de los mosquitos*, o seu segundo traballo discográfico. Con este disco podemos asomarnos á súa habitación, ao seu mundo interior; unha estancia chea de matices, de cores, de texturas... unha habitación que xerou un disco cheo de cancións que che removen por dentro dunha forma que consegue erizarte a pel. Tras o éxito alcanzado con *Coyotes*, cabeceira da serie *El Embarcadero*, a marabillosa versión xunto a Benjamín



Prado de *19 días y 500 noches* de Joaquín Sabina e formar parte da banda sonora de Sky Vermello -serie de Netflix- con *Thelma e Louise*, agora a artista madrileña lánzase á estrada coa xira de *La costa de los mosquitos*, na que leva ao directo todas esas emocións para transmitir todo o que o imaxinario de Travis Birds ofrece. Ademais, poderemos gozarnos dos novos singles que presentará ao longo de 2022, cancións coas que logrará alcanzar unhas dimensións nunca antes vistas na súa carreira.

### KRIS SET

A Duendeneta é unha furgoneta dotada con discoteca móbil que anima todas as festas que visita. Esta music truck está capitaneada por Carlos Crespo, DJ e crítico musical así como por e Kris K DJ, que será a encargada de animar a noite do domingo 24 aos asistentes á Festa da Fraga. A furgoneta fará un percorrido por todos os xéneros da música galega, desde os pioneiros do pop ata a actualidade con especial atención á música feita por mulleres.

### XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS

É un músico e compositor que acumula unha exitosa traxectoria de máis de 30 anos en diferentes proxectos de música tradicional galega, cos que logrou numerosos recoñecementos. Colaborou en discos e concertos de artistas como Kepa Junkera, Xosé Manuel Budiño, Amancio Prada, Luar na Lubre ou Uxía. As Adufeiras de Salitre son once mulleres que se encargan da percusión e as voces. Acompañan a Xabier Díaz desde o seu álbum de 2015 *The Tambourine Man*.

As festas  
contan cun  
surtido número  
de grupos  
procedentes das  
Pontes de todos  
os estilos

 **Centro de Estudios  
ENSINO**  
Avda. da Habana, 119 - 15320 AS PONTES (A Coruña)  
Telf./Fax: 981 44 02 01 - e-mail: info@ensino.es

 **RESTAURANTE  
CERVECERÍA**  
Calle Alexandre Bóveda nº 1  
15320 Puentes de García Rodríguez  
T. 881 090 441 

# ... a algo máis tradicional e local

## OS TREVILLAS

Este grupo formado por uns amigos das Pontes, aos que lles gustaba a música, comezaron a aprender a tocar a frauta alá polo ano 1993 no baixo dunha carpintería, da man do músico autodidacta Manuel Seijo. Logo ensinolles a tocala gaita, e co paso do tempo decidíronse a formar un grupo, que naceu no ano 1995. O seu primeiro disco presentouse o 22 de outubro do 2005 no Cine Alovi das Pontes, e chamouse *Dalle Dalle*, está feito de pezas tradicionais galegas, e tamén inclúen nel unha canción que lles ensinou o sacristán das Neves.



## NO CÓMBARO

Este grupo de música galega formouse no ano 2003, empezando a súa traxectoria como cuarteto tradicional con dúas gaitas, tambor é bombo. Co transcurso dos anos fóronse incorporando outros instrumentos como son a zanfoña, a frauta traveseira, o clarinete, acordeón e voz ata completar a formación actual composta por oito membros.



Os inicios das súas actuacións foron coas alboradas e os pasacalles, recorrendo as comarcas do Eume, Terra Chá e Ferrolterra. Participaron tamén en festivais na localidade e arredores. Con este pequeno proxecto, ademais de desfrutar tentan divulgar, dignificar e manter viva a esencia da música tradicional, dándolle un xeito propio con pezas da súa propia creación pero tamén mantendo e conservando o repertorio dos antigos gaiteiros.

## MUXAREGA

O grupo de folk Muxarega naceu en 1995 como resultado da xuntanza dun grupo de amigos que tiñan a inqueda de facer este tipo de música a partir de pezas tradicionais galegas. Estes amigos proviñan de varias asociacións musicais das Pontes de moi distintos estilos: do Grupo Xuvenil de Gaitas, da Rondalla Vila de As Pontes e da Charanga Os Ponteses. Muxarega estreouse coma conxunto no Auditorio Cine Alovi o 5 de maio de 1995. Dende

os seus inicios definiu o seu estilo apoiándose na música tradicional galega como base do mesmo, collendo ós poucos retazos de músicas de culturas relativamente afíns como a portuguesa, bretona ou a irlandesa. Incluso algunha tarantela italiana chegou a soar no noso repertorio. Coa madurez do grupo, as voces, as pezas de composición propia (aínda que non moitas) tamén empezaron a agromar; e os arranxos de pezas tradicionais se empezaron a complicar e a volver máis esixentes. Nestes tempos a voz tamén é un elemento importante e case a metade do repertorio son pezas cantadas, dende coplas tradicionais ata algún clásico do rock 'n' roll, pasando por pezas do repertorio popular galego.

## CORAL ENDESA

Fundada en 1974 e formada case na súa totalidade por traballadores de Endesa estivo dirixida por Alfonso de la Torre Piñeiro desde a súa fundación ata 2001. Actualmente a súa directora é Miriam Fernández-Parella Marín.

No seu extenso repertorio, con preto de 100 obras, atópanse partituras

de polifonía clásica, semiclásica, panxoliñas, habaneiras e cancións populares de toda a xeografía española.

Obtivo diversos galardóns entre os que figuran o Premio Especial de Polifonía Rexional no XXX e XXXI Certame de Habaneras e Polifonía de Torrevieja nos anos 1984 e 1985 e participou nun ciclo de Música Nacional e Internacional durante a Expo '92 en Sevilla.

## CANAVELLA

Este grupo creouse con membros da Escola Municipal de Música Tradicional das Pontes arredor do ano 2009, e nos seus comezos estaba formado por 3 gaitas, 2 tamborís e 1 bombo. Actualmente está composto por 3 gaitas, 1 tamboril e 1 bombo pero o seu repertorio está formado por todo tipo de pezas tradicionais como son os pasodobres, as muiñeiras, as rumbas ou as xotas.

## ANDRÉS PENABAB

É xa un acordeonista de traxectoria que recibiu varias Master Class co catedrático de acordeón de San Petesburgo Oleg Sharov, e dos

concertistas Iñaqi Diéguez e Anxo Luís Castaño, ademais de cursar na Escola de Música Moderna Estudo de Compostela. Actualmente imparte clases de acordeón na escola que leva o seu nome. Estivo nunha orquestra e no grupo de folk Muxarega, e despois axudoulles na produción do disco, *8 sueños*. Colaborou na gravación do disco Xan e Sabela co grupo Folk Avelaiña de Pontevedra, no audio-libro de poemas da escritora Gabriela Rodríguez de Betanzos.



## OS FEROCES DA GALGUEIRA

Este é outra das formacións locais que amenizará as festas. Son unha agrupación de música tradicional das Pontes con moito ritmo formado por sete rapaces, Marcos Freire, Carolina Leal e Sara López coas gaitas, Antonio Tuimil co acordeón, Ana Vilaboy coa pandeireta, Luís Pita e Miguel Ferreiro co bombo e platillo. Este grupo comezou a súa andaina en maio do 2009 cando tocaron por primeira vez no Cine Alovi doce pezas moi elaboradas e matizadas. O seu nome provén da Galgueira, unha parte do monte que da cara As Pontes.

CONSIGUE LA CERTIFICACIÓN MÁIS DEMANDADA POR LAS EMPRESAS DEL SECTOR DE LA ENERGÍA EÓLICA

**GWO BST**

TRABAJO EN ALTURA | EXTINGUICIÓN DE INCENDIOS

PRIMEROS AUXILIOS | MANIPULACIÓN DE CARGAS

Formación

**NEWTON**

RUA MACIÑEIRA PARCELA 32, POLIGONO SETE  
PONTES 27800 VILLALBA  
TLF: 982 52 32 38

INFORMACION@NEWTONACADEMIA.ES  
WWW.CURSOSGWO.COM

**GWO**

CERTIFIED TRAINING PROVIDER | 2021

# PATRIMONIO

## As Pontes, a única localidade galega con apelidos

### A historia da vila pontesa pódese desfrutar en cómic

Coincidindo coa celebración das Letras Galegas, o Concello das Pontes presentou o cómic *Venturas e desventuras do Cabaleiro García Rodríguez, o das Pontes*

Unha iniciativa posta en marcha, co apoio da Deputación da Coruña, co obxectivo de divulgar a historia da vila con motivo do 650º aniversario da doazón real das Pontes de Eume a García Rodríguez e narra a chegada de García Rodríguez á vila medieval das Pontes de Eume, á que cabaleiro dará nome, no período que vai de 1367 a 1371.

A proposta está deseñada para chegar a todos os públicos, en particular ao público xuvenil, para lograr que as novas xeracións coñezan dunha forma didáctica e amena unha parte importante da historia da Vila das Pontes.

A empresa local Cultureume foi a encargada de realizar os traballos de documentación histórica, investigando as fontes bibliográficas e documentais para lograr que o cómic fose fiel á historia de García Rodríguez e que os ambientes debuxados estivesen ben recreado. No marco destes traballos pediuse a colaboración da Real Academia de la Historia que cedeu unha copia do documento de doazón da Vila das Pontes feita por Luis de Salazar. Coa documentación histórica na man fíxose unha adaptación a un guiión didáctico a cargo de Ismael Blanco, Delio Rodríguez e Lois Gómez e Delio foi o debuxante encargado de dar

vida á Vila das Pontes do século XIV, recreando arquitecturas pontesas e ambientes dunha época moi complexa pero moi determinante na historia do noso país, clave para entender o noso pasado pero tamén para entender o noso presente. Todo o que aconteceu naquela época cambiou o devir dunha pequena vila aos pés do Eume.

**A HISTORIA DAS PONTES.** En setembro de 2021 cumpriuse o 650 aniversario do acontecemento que dá orixe ao nome da vila das Pontes, un feito tan relevante como descoñecido. É preciso remontarse ata o ano 1371 para comprender o motivo polo cal As Pontes é a única vila galega que posúe apelidos. En setembro de 1371 o rei Henrique II convoca as Cortes na cidade zamorana de Toro. As Cortes son unha asemblea que

preside o monarca asistido polo consello real e no que están representados os diferentes grupos sociais da época: nobreza, clero e estamentos cidadáns (ciudades e vilas).

As Cortes prolongáronse durante varios días e o 30 de setembro o rei asinou a doazón da Vila das Pontes de Eume ao cabaleiro García Rodríguez, como recoñecemento á lealdade mostrada.

O contexto desta lealdade hai que situalo no conflito acontecido trala morte temperá de Afonso oncenno, que será sucedido polo seu fillo Don Pedro (Pedro I) e a quen lle disputará o trono o seu irmán Henrique de Trastámara (Henrique II). En apoio de Don Henrique acudirá o nobre García Rodríguez, que participará na batalla de Nájera. Este é un importante episodio bélico no que participarán ingle-

ses e franceses, que xa estaban enfrontados nun longo conflito. Nesta importante batalla Henrique de Trastámara é derrotado, pero consegue escapar, cuestión que será decisiva. García Rodríguez é preso nesta batalla, polo que ten que pagar unha importante suma de diñeiro para ser liberado. Un par de anos máis tarde, Henrique de Trastámara gañará a guerra contra o seu irmán e farase, de forma definitiva, co trono de Castela e León. Co novo rei García Rodríguez recibirá a vila das Pontes de Eume e o seu couto, un enclave situado no norte do Condado de Trastámara.

O rei Don Henrique realiza unha doazón "pura y perpetua y non revocable" para García Rodríguez e os seus descendentes, da vila das Pontes e do seu alfoz, con tódolos seus dereitos e rendas.

Ademais, xunto a esta doazón, o rei Henrique II concede a García Rodríguez autoridade para nomear alcaldes e alguacil así como escribáns públicos e calquera outro oficio necesario para lograr o bo funcionamento da vila.

A carta de privilexio rodado da doazón das Pontes de Eume que se conserva é unha copia feita por Luís de Salazar (1658-1734) do privilexio orixinal que estaba no Arquivo do Conde de Lemos. O privilexio rodado orixinal non se conserva e a copia consérvase na Colección Salazar y Castro da Real Academia de la Historia.

O privilexio rodado é nome que se lle dá aos documentos legais nos que un monarca outorga unha concesión ou un privilexio a unha persoa ou a un grupo, e o documento contén unha roda, signo do rei, que daba validez ao documento como auténtico. Está datado seguindo a Era Hispánica, que empeza no ano 38 a.C. Por tanto á data do documento (era de 1409) hai que lle restar trinta e oito anos para o noso calendario actual.

As orixes do nome do Concello remóntanse a cando o cabaleiro García Rodríguez tomou posesión das terras do val



**CLINICA VETERINARIA GARFIELD**

Servicios veterinarios  
Servicio de urgencias  
Peluquería canina  
Autoservicio lavado de mascotas  
Consulta a domicilio  
Recogida de cadáveres  
Tienda especializada  
Seguros de mascotas

Tfno.: 981 451 926 - URGENCIAS (24h) 610 360 068  
Avda. de Lugo, 3 Bajo - 15320 As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)

Comer, Beber, Falar...

**Los Pies**

Mesón · Vinoteca · Tapería · Carta

Parla do Cima, 6  
Telf. 982 51 07 80  
Vilalba - Lugo

# A salvagarda da historia local xa ten dono

## O investigador e mestre José María López Ferro é o novo cronista oficial

José María López Ferro vén de ser distinguido como Cronista Oficial da localidade, unha figura que ten unha gran tradición no municipalismo e que ten como principal labor a investigación histórica, folclórica e de recuperación e difusión das tradicións e costumes do patrimonio local.

“Fai xa case un ano que xurdiu a idea de recuperar a figura do Cronista Oficial das Pontes, nese momento de procura da persoa que puidese representar a esa figura, todas as miradas e pensamentos se dirixiron a quen, desde había décadas, xa estaba exercendo ese traballo, estudando, investigando e difundindo temas relacionados co noso municipio. Miles de horas empregadas en recuperar, preservar e difundir todo o noso patrimonio material e inmaterial e as que segue empregando en perpetuar todo este inmenso legado” salientou Vicente Roca, concelleiro de Cultura, durante a exposición de motivos que levaron a esta elección.

José María López Ferro, nado en As Pontes en 1954, mestre e apaixonado da etnografía galega, estudou Maxisterio na Escola Normal da Coaña e tivo o seu primeiro destino

no Cepo-Cumbras, unha aldea de Sobrado dos Monxes, no ano 1976. Outros lugares nos que exerceu foron: O Ramo (Maniños), Barallobre (Fene), Mouriscos (A Fonsagrada), A Capela e As Pontes onde exerceu como docente dende o ano 1983 até o 2015, no CPI Monte Caxado. Foi neste centro pontés onde no curso 1984-1985 iniciou o proxecto do Museo Etnográfico Monte Caxado, como ferramenta pedagóxica dirixida ao alumnado co fin de dar a coñecer o patrimonio cultural etnográfico galego. Ademais foi socio fundador da Asociación de Estudos Históricos e Sociais HUME das Pontes, á fronte da que estivo como presidente. Nas revistas desta asociación publicou diferentes artigos relacionados co patrimonio e a etnografía das Pontes e a súa bisbarra.

Como etnógrafo e investigador colaborou na revista das festas locais ao longo dos anos con diferentes artigos relacionados co patrimonio local (museo etnográfico, hórreos, reloxos de sol, cruceiros, expresións na fala...). Asemade ten publicado na revista Cátedra de Pontedeume un artigo no seu número 10 titulado *Os reloxos de sol no concello de As Pontes de*



*García Rodríguez.*

No ano 2011 recibiu o primeiro premio Fero Caaveiro, do Museo Etnográfico da Capela, polo artigo *Os hórreos do Concello de A Capela*. No ano 2012 publicou dous artigos, un na revista EDUGA, Nº 63 e outro, en *Cadernos do Ateneo Eumés*, de Pontedeume. Neste mesmo ano participou cunha semblanza sobre o cronista oficial das Pontes Enrique Rivera Rouco, nunha edición facsímil da súa obra *Historia de Puentes de García Rodríguez*.

No ano 2014 publicou o libro *Don Enrique Rivera Rouco, a súa vida e a súa obra* promovido polo Liceo Recreativo e Artístico das Pontes e o Concello. No ano 2019 recibiu o premio *Pedra do Destiño* da man da Asociación de Amigos dos Museos de Galicia, pola súa labor de defensa e salvagarda do patrimonio cultural de Galicia no eido da etnografía.

Na actualidade é presidente da Fundación Museo Etnográfico

Monte Caxado, xestionando a colección museística do CPI Monte Caxado e acompañando a cantos veciños e visitantes se achegan a ver este museo. Como parte do seu traballo na Fundación, inicia a publicación duns cadernos, dos cales xa van tres edicións, o vindeiro venres presentará o número 4, coa finalidade de transmitir ás futuras xeracións o noso pasado a través das actividades que levaban a cabo os nosos antepasados. O concelleiro de cultura, Vicente Roca, durante a exposición de motivos que levaron a que estas tarefas recaian, a partir de agora en José María López, lembrou a Don Enrique Rivera Rouco, cronista oficial das Pontes desde o ano 1981 ata o ano 2002 e “artífice da recuperación do noso pasado e de darnos identidade como pobo e comunidades, ensinándonos a valorar o pasado que nos rodeaba” e amosou a súa satisfacción, alegría e orgullo persoal por este nomeamento.

Miles de horas empregadas en recuperar, preservar e difundir todo o patrimonio material e inmaterial

### EXPOSICIÓNS HISTÓRICAS

**MAN A MAN.** As Pontes acolle una mostra Man a Man, un percorrido pola historia do noso territorio a través dos obxectos que mulleres e homes fabricaron ou usaron coas súas propias mans. Inicia a súa andaina hai aproximadamente oito mil anos con obxectos aparecidos en medoñas do noso concello, e vai camiñando ata achegarse aos vestixios deixados polas persoas que viviron na confluencia dos ríos Eume e Chamoselo a finais do Imperio Romano, hai aproximadamente mil seiscentos anos. O percorrido polas pezas está posto no contexto de diferentes etapas históricas: Neolítico (a Idade da Pedra Pulida), o Calcolítico (a Idade de Cobre), os Galaicos e Roma. A exposición está elaborada por Cultureume e está apoiada con ilustracións de Laura Decibreiro, que recrea

coa súa mirada escenas cotiás das diversas épocas da nosa historia. A exposición estará aberta ata o 15 de outubro. É preciso concertar cita previa no número 673240434 ou a través do correo electrónico turismo@aspontes.org.

**MULLERES QUE FIXERON AS PONTES.** Os xardíns municipais do Campo da Feira acollen este mes unha mostra sobre as mulleres, anónimas moitas delas, que forxaron o pasado da vila. É unha viaxe a través de vellas fotografías que abren unha xanela ao pasado máis recente, dende a que ollalas tempo atrás. Entre os paneis que o público visitante poderá contemplar, atópanse rostros xa descoñecidos da nosa vila que marcaron un antes e un despois en eidos sociais como o deporte ou a cultura.

**OPTICALJA CALLAO**

- Más de 45 años trabajando por tu salud visual y tu imagen...
- Estudios optométricos avanzados
- Graduación
- Biomicroscopía (examen con lámpara de hendidura)
- Tonometría (tensión ocular)
- Retinografía
- Audiología
- Garantía de adaptación
- Financiación gratuita

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA  
www.opticaljacallao.com

# PAISAXE

## O lago cumpre dez anos como centro de ocio

### Unha mina reinventada nunha solución económica, social e ambiental única con bandeira azul

O 20 de agosto cúmprese 10 anos da inauguración do Lago das Pontes, un espazo que desde as súas orixes converteuse nun importante exemplo de restauración ambiental. Nas terras que hoxe ocupa o lago artificial de Europa antes, e durante seis décadas, estivo operativa a maior mina ao descuberto da Península Ibérica. Primeiro baixo a dirección de Encaso, que ata mediados dos 70, utilizou o lignito pardo pontés para combustibles e fertilizantes. A súa substitución foi para Endesa, que entre 1976 e o 2007, utilizou este material para alimentar as caldeiras da central térmica. Rotopalas e apiladoras de grandes dimensións e un complexo sistema de cintas de transporte permitiron a extracción de máis de 260 millóns de toneladas de carbón e case 700 millóns de metros cúbicos de material estéril, ao longo destes anos, ata que o 26 de decembro de 2007 a mina botou o peche, debido á entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 2008, da Directiva europea sobre Grandes Instalacións de Combustión, que imposibilitaba o emprego do lignito local debido ao seu contido en xofre.

Tras de si quedou un enorme oco de 865 hectáreas, cunha profundidade de máis de 200 metros e 18 kms de perímetro, equivalente á superficie que ocupa a cidade da Coruña.

Un espazo que volveu á vida coa creación do lago, outorgando ao oco ocupado antes pola mina unha solución económica, social e ambiental única.

No ano 2008 arrinca o proceso de enchido con augas de choiva e de escorrentía ás que se sumaron as achegas dos ríos Eume, Meidelo e Illade. Tapízanse as paredes da antiga mina para evitar arrastres, e engádesse cal para transformar un



lago acedo nunha lámina azul, cunha calidade da auga excelente. Tras catro anos de traballos, o 20 de agosto de 2012 ábrese ao público o que agora é un dos principais reclamos turísticos das Pontes; a praia do lago.

O carbón deu paso á auga cristalina, á vida e á biodiversidade. A paisaxe negra tornou en verde e azul e só as fotografías antigas permítenos confirmar que o que hoxe en día é unha paraxe natural cun ecosistema propio no pasado foi un páramo ermo.

Un areal de case medio quilómetro de lonxitude, custodiado por unha masa de 547 hectómetros cúbicos de auga. Un lago que pese a súa breve historia xa é un referente, en toda Europa, de recuperación paisaxística de espazos destinados á industria da minería e tamén nun

exemplo de como a rehabilitación dun espazo reservado a unha única actividade pódese diversificar, converténdoo nunha contorna sostible centrada, no lecer, no medio ambiente e no deporte.

Nestes dez anos, o antigo xacemento mineiro non só converteuse nun novo ecosistema para máis de 200 especies de flora e fauna senón que tamén, ao amparo desta paisaxe natural, está a desenvolverse unha nova actividade económica grazas ao movemento que xeran en torno ao turismo e o deporte.

E todo isto, desde o ano 2021 baixo o emblema da Bandeira Azul e que converteu ao Lago das Pontes no segundo espazo de augas continentais de Galicia e o primeiro na provincia da Coruña en recibir este galardón, outorgado pola Fundación Europea de Educación Ambiental

(FEE) e que é o símbolo, máis recoñecible e recoñecido polos millóns de persoas usuarias de praias e portos, en case medio centenar de países, dun estándar mundial de ecolocalidade turística.

Unha mina que vive a súa segunda vida e que deixa atrás o negro carbón que a fixo famosa no século XX, para ser todo un exemplo de rexeneración ambiental do século XXI, chamada a converterse un destino de excelencia turística.

**BANDEIRA AZUL.** O Concello logrou, por segundo ano consecutivo, a bandeira azul para a praia do Lago, un distintivo que concede cada ano a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac) e que recoñece, novamente, a calidade ambiental do areal pontés.

Elena López, concelleira de Turismo, amosa o orgullo que para o Concello das Pontes supón revalidar esta distinción xa que “era un reto ao que nos enfrontábamos tras acadar, por primeira vez, a bandeira azul no ano 2021. Implicaba cumprir cuns estritos criterios ambientais, educativos, de seguridade e accesibilidade e manter uns estándares de calidade. Obter de novo a bandeira azul avala todo o traballo realizado desde diferentes áreas do concello para manter esta distinción e facer da praia do lago un símbolo de calidade turística”.

A concelleira tamén fixo fincapé en que “esta bandeira azul, de novo, nos sitúa no mapa internacional do turismo, converténdonos nunha das sete praias de augas continentais en toda España que este ano reciben o galardón e sendo a única da provincia da Coruña”.

O 20 de agosto de 2012 abriuse ao público o que agora é un dos principais reclamos turísticos das Pontes

#### INVENTARIO AMBIENTAL

Comezou a elaboración do inventario ambiental do lago co obxectivo de coñecer, conservar e protexer a biodiversidade existente na zona e a súa contorna. O inventario incluír a recollida de información sobre as comunidades faunísticas, de vexetación e hábitats naturais, focalizado en especies e grupos faunísticos co obxectivo de determinar as áreas sensibles (zonas de reprodución, alimentación ou descanso de aves acuáticas, charcas naturais de importancia para anfibios, ...) existentes no lago das Pontes. Os traballos postos en marcha permitirá realizar unha mostraxe ambiental, de ciclo anual, con visitas quincenais, a través de tres

estacións de observación de aves acuáticas e rapaces, localizadas en distintos sectores do lago, co obxectivo de identificar e facer un cálculo das especies existentes para o que se empregarán telescopios e prismáticos.

A mostraxe completaráse con catro transeptos a pé de 500 metros cada un deles, tamén en diferentes sectores do Lago, para a observación, directo ou de ouvido, e cálculo de aves de pequeno tamaño.

Tamén se realizará un inventario dos peixes e invertebrados existentes no lago a través da observación directa e a mostraxe dos diferentes hábitats da área de estudo.



# CULTURA

## As actividades recuperan presenza e público

### O departamento pechou o 2021 con preto de 8.500 espectadores en 70 citas

O Concello consolidou a súa aposta cultural durante o ano 2021, con máis de 70 actividades que lograron congrega a máis de 8.500 persoas espectadoras.

O concelleiro de Cultura, Vicente Roca, amosa a súa satisfacción co balance do ano 2021 "a pesar da incerteza dun ano marcado pola pandemia da covid19 e as restrición dos aforos que nos levou a apostar por outros formatos e outros espazos para seguir garantindo o acceso a unha programación cultural de calidade a toda a veciñanza"

A oferta cultural incluíu un amplo programa de actividades entre as que destacaron as representacións teatrais, os concertos, os espectáculos de maxia e de danza, axustadas a todos os gustos, pensadas para o público de todas as idades con prezos alcanzables co obxectivo de facilitar á veciñanza o acceso a unha programación de calidade, estable e variada.

O espectáculo *Magic Dreams* foi a actividade que logrou atraer a un maior número de persoas espectadoras. Foron 694 as persoas que acudiron ás dúas sesións programadas. Outro espectáculo que gozou do favor do público, con 459 espectadores enchendo o patio do Colexio Santa María, foi Orballo Cultural, un ciclo de concertos de recoñecidos artistas galegos e nacionais, pero con oco tamén para a música local. A estrea do espectáculo de danza, *Credo*, da compañía Nova Galega de Danza liderada por Jaime Pablo Díaz, director da escola municipal de baile de As Pontes, congregou a máis de 400 persoas.

O Concello durante o ano 2021 continuou apostando polo teatro galego coa representación das obras *Despois das Ondas*, *Dreaming Juliet*, *a Lingua das Bolboretas* ou *Curva España*, dirixidas e interpretadas por figuras destacadas do panorama teatral da nosa comunidade autónoma. O teatro dirixido ao público infantil ocupou un lugar destacado dentro da programación cultural con obras como *Ris Ras*, *Os tres porquiños* ou *Carapuchiña Vermella* que lograron atraer a 475 persoas. Os concertos tiveron un importante poder de convocatoria. Preto

de 4.600 persoas asistiron ás 30 actuacións musicais programadas durante o ano 2021, entre as que destacaron as de Leilía, Malevaje, María José Llergo, De Vacas, Pedro Pastor, Mr. Kilombo Carmen Boza, León Benavente, La Portaña Tango, Técanela ou as orquestras Marbella e Los Satélites con Sito Sedes.

Por outra banda, os espectáculos de maxia de Jorge Blass e de Dani Polo foron dous dos grandes triunfadores da tempada con máis de 338 espectadores e 250 asistentes, respectivamente.

**ALMANAQUE HISTÓRICO.** Nove meses despois de terse iniciado o proceso de participación veciñal, o Concello presentou o Almanaque histórico e comunitario 2022, composto por preto de medio millar de acontecementos locais en temas tan diversos como a cultura, o deporte, a industria, a política, a relixión, o



asociacionismo, o medio ambiente, o ensino, a ciencia, a saúde ou curiosidades do universo local.

No acto, a concelleira de medios locais, Lorena Tenreiro, resaltou que "para a elaboración do almanaque, foron fundamentais as aportacións veciñais a través de encontros e entrevistas coas asociacións e persoais a título particular, que facilitaron os feitos que consideraron de maior interese e impacto para as súas vidas. A todas elas queremos agradecer o seu tempo e dedicación, sentindo moito que non todas as súas achegas poidan estar incluídas no almanaque, principalmente por motivos de falta de espazo".

Na presentación lembrouse que o

almanaque é unha iniciativa municipal, que xurde como proxecto cultural pensado para divulgar doutro xeito a historia local e a activa vida social e sociolóxica dos habitantes das Pontes. Recóllense en cada un dos 365 días do ano, un feito acontecido no municipio dende o século XIII ata o ano 2021, producidos o mesmo día pero en anos anteriores. O calendario está deseñado non só é para ler, se non tamén para desfrutar das fotografías históricas que ilustran cada mensuralidade. As trece imaxes, forman parte do álbum municipal *Daquela As Pontes*, é reflicten escenas dunha sociedade en continua transformación e moi diferente á actual.

A oferta cultural durante todo o ano é moi ampla e inclúe teatro, os concertos, os espectáculos de maxia, danza ou contacontos

### PROMOCIÓN DA LECTURA

**CASIÑAS DE LIBROS.** Co obxectivo de continuar fomentando a lectura entre a veciñanza instaláronse de instalar 16 novas casiñas de libros no municipio. Un proxecto a través do que o goberno local quere promover o intercambio de libros mediante o sistema coñecido como "bookcrossing", unha práctica que consiste en liberar libros para que poidan ser atopados e leídos pola veciñanza. As casiñas, instaladas nas proximidades dos locais sociais das Asociacións Veciñais das parroquias pontesas e no Lago das Pontes, recibirán, nos próximos días, libros pertencentes ao fondo da Biblioteca Municipal Rivera Rouco. Obras de literatura infantil, xuvenil, novelas, libros de poesía, arte,

ensaios ou clásicos da literatura que serán liberados para que calquera veciño ou veciña poida botar man deles, leelos, quedar con eles ou a libéralos, deixándoos nas casiñas de libros para que poidan ser lidos por outras persoas.

**XOVES NA BIBLIO.** Durante o ano 2021 os ponteses participaron nesta iniciativa para fomentar a lectura e achegar á cultura ao público infantil do municipio. Desde a súa posta en marcha ofreceu á poboación máis nova da vila espectáculos de contacontos, de títeres, obradoiros, concertos, actividades de divulgación científica, orientados a promover o gusto pola lectura, prestando

especial atención á promoción da lingua e da literatura galega, ofrecendo, ao mesmo tempo, actividades con perspectiva de xénero e promovendo os valores da igualdade e do respecto ao medio ambiente.

**RETO LECTOR.** A través da Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco, púxose en marcha O Reto Lector destinada a fomentar a lectura entre os usuarios de Biblioteca e entre toda a veciñanza. Os veciños que desexen unirse a esta iniciativa, deberán ler, no caso do público infantil, 12 títulos mentres que o público adulto deberán ler 14 libros do catálogo de fondos bibliográficos.

DESEÑO WEB E GRÁFICO

**eumenet**

626 096 107 eumenet.es

VIAXA SEGURO E TRANQUILO

Experiencia e profesionalidade desde 2005

Arda. de Galicia, 38 · 15320 As Pontes  
Telf. 981 45 22 45 · barboltravel@barboltravel.es

**BARBOLTRAVEL.COM**

# RUTA DE SENDEIRISMO

## As sendas da Ribeira e as Fragas do Lostegal

### Impulso aos roteiros, nos que calquera estación é boa para facer sendeirismo polo concello das Pontes

#### FRAGAS DA RIBEIRA E O LOSTEGAL.

Este roteiro é ideal para facelo en verán ou en outono e é un itinerario circular de percorrido esixente que conta con desniveis pronunciados e unha lonxitude de 19 km, polo que é máis adecuado para un sendeirista habitual que conte cun nivel mínimo de destreza, especialmente en inverno.

Pode percorrerse en calquera sentido, pero se se comeza en sentido contrario ás agullas do reloxo afrontárase a máxima pendente ao inicio e con plenuidade de forzas.

Comezando no Parque da Fraga subirase ata o monte Alto da Carballeira, a 667 metros, den-

de onde pode divisarse unha magnífica paisaxe da vila e do recentemente formado lago das Pontes.

Xa no descenso, a verea penetra na Fraga do Lostegal e unha densa mata de carballos, acivros e loureiros que acompañarán a fermosa ruta ata o encoro.

Dende aquí, a paisaxe silenciosa alcanza o seu apoxeo xunto ás ruínas anegadas do lugar de Chao do Habanero. Despois, atravesarase a exuberante natureza da Fraga da Ribeira, con húmidos recunchos plenos de verdor todo o ano.

Resalta que a seguridade do sendeiro varía segundo a época do ano e das condicións meteorolóxicas xa que co chan mollado as superficies de rocha son moi escorregadizas sendo necesario extremar as precaucións.

RIBEIRA. A senda arrinca xunto á emblemática Ponte de García Rodríguez, que data do ano 1376, tamén coñecida como Ponte Vella ou Ponte dos Ferros. Esta construción recibe o nome do cabaleiro García Rodríguez de Valcárcel, o señor destas terras, que a mandou levantar en agradecemento á axuda prestada na guerra contra o seu medio irmán, o rei Pedro I de Castela, O Cruel. Tras cruzar un pasadizo, o roteiro transcorre por un paseo de madeira xunto ao río Eume e á igrexa de Santa María do século XVI.

Ao chegar á ponte de Isabel II, construída en 1862, o carreiro cruza o río por unha ponte metálica e continúa pola marxe esquerda, ascendendo augas arriba, ata situarse debaixo do muro da presa.

Unha curta subida en zigzag alcanzará a área recreativa da



Ribeira, o lugar máis alto do roteiro. Logo crúzase a presa e descéndese por un paseo peonil, xunto á área recreativa da Ribeira Nova. O percorrido entra na vila novamente a través do Parque do Eume, pasando previamente xunto ao muíño da Ribeira. Xa chegando ao final do traxecto pódese admirar o muíño de Alende, do ano 1805. Este itinerario ten un trazado fácil e atractivo que enlaza varias veces co carreiro PR-G 147.

Durante o outono e a primavera destacan o contraste de cores e as temperaturas agradables



Rúa Campo de Puente 27-29 Entr. B  
VILALBA

T. 982 510 300  
www.tarasesores.com

AIRADOBELLO  
AVOGADAS  
PERITO CALÍGRAFO

Rúa Bolaño Rivadeneira, 9-3º B  
LUGO

Rúa Campo de Puente 27-29 Entr. B  
VILALBA

T. 982 244 546 · 982 878 594  
www.airadobelloabogadas.com



## Castro Ribeiras de Lea e Castro de Rei preparan as súas festas patronais

Castro Ribeiras de Lea prepara xa as súas festas patronais que volverán á normalidade tras dous anos sen festexos trala incidencia da covid. Estas terán lugar a primeira fin de semana de agosto, que nesta ocasión corresponden aos días 5, 6, 7, e 8.

Novamente a localidade contará con algunhas das orquestras máis destacadas do panorama musical. Abrirá o venres coa actuación de Furia Joven, de Canarias e DJ David Expósito de Radio Líder. O sábado será a vez das orquestras Miramar e Trébol deixando para o domingo a actuación de Panorama xunto á orquestra Stereo Music-Show.

Pechará a programación musical Alabama Show e Combo Dominicano o luns. O pregón, que se lerá o domingo despois de misa, estará a cargo do periodista Xoán Carlos Vidal e tamén haberá sesións de pirotecnia.

**CASTRO DE REI.** Tamén está lista a programación das festas de Castro de Rei, na honra de San Xoán, que



terán lugar a partir do 15.

A programación comezará o venres cunha churrascada popular amenizada polo dúo Os Adrianos, que arrancará ás 22.30 horas.

O sábado destará a actuación de M3 en dobre sesión á que se sumará á noite de novo Os Adrianos. O domingo haberá tamén dobre cita musical coa orquestra Galaxia nas dúas ocasións. Tanto sábado como domingo haberá misa solemne seguida de procesión ás 13.30 horas.

## Volve en xullo a Rozas o Criterium Aeronáutico

O Real Aeroclub de Lugo recupera este ano a celebración do Criterium Aeronáutico de Galicia e a Volta Aérea a Galicia, que terá lugar durante os días 22, 23 e 24 de xullo. Trátase de dous eventos aeronáuticos nos que se darán cita no aeródromo de Rozas unha multitude de aeronaves, pilotos e curiosos.

O Criterium Aeronáutico, que se consolidouse como un dos eventos aéreos máis importantes no panorama nacional, nace fai 15 edicións co obxectivo de achegar o mundo aeronáutico a todo aquel que queira ver as distintas exposicións ou a participar nas diversas actividades. Como sempre, haberá paracaidismo (imprescindible reservar praza), os voos de introdución, avións acrobáticos, simulador de voo e todo tipo de exposición de aeronaves (históricas, contemporáneas, institucionais, drones, RPAS e un longo etcétera).

A Volta Aérea a Galicia alcanza



este ano a súa edición número 37, tradicional rallye aéreo galego-portugués onde todos os pilotos que queiran participar poderán medir as súas habilidades aos mandos das súas aeronaves. Trátase dunha proba incluída no calendario deportivo de 2022 da CTNULM, aprobado pola Real Federación Aeronáutica Española. A inscrición está aberta e pode facerse no Real Aeroclub de Lugo.

## O Castro de Viladonga organiza un campamento orientado á igualdade

O Castro de Viladonga organiza este verán un campamento para nenos de 6 a 12 anos destinado a favorecer a conciliación das familias desde un enfoque de igualdade entre mulleres e homes. Denomínase campamento castrexo, é totalmente gratuito.

O prazo de inscrición é dende o 4 ao 15 de xullo e hai tres quendas, do 18 ao 29 de xullo, do 1 ao 12 de agosto e do 15 ao 26 de agosto.

O horario será de mañás, de 9.30 a 14.00 horas, e realizaranse actividades moi interesantes e divertidas ao tempo que culturais para coñecemento do pasado como coñecemento do museo e do xacemento, obradoiros de natureza e ocio, visitas culturais, xogos, contos e lendas, etc.

Por outra banda, o Concello de Castro está a realizar este mes un campamento urbano de conciliación con grupos en Castro de Rei e en Castro Ribeiras de Lea. Hai dúas quendas, do 1 ao 15 e do 18 ao 31 en horario de mañá para nenos de 3 a 14 anos. O prazo de inscrición xa rematou.

# XXVII FEIRA DA CANTERÍA, CALLOS E ARTESANÍA

Parga • Domingo 17 de Xullo 2022



ORGANIZA:



Concello de Guitiriz



Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Santa Estevo de Parga

COLABORA:



ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CAMPO DA FEIRA DE PARGA



DEPUTACIÓN DE LUGO



**08:15h.** Chegada dos canteiros e elección de pedras.

**8:30 h.** Lanzamento de Bombas e apertura do XXIV Certame de Cantería.

**10:00 h.** Apertura da mostra de artesanía.

**11:30 h.** Charanga Os Trileiros

**12:30 h.** Actuación do **Grupo de gaitas Municipal de Guitiriz**

**12:30 h.** Comezo da venda dos callos na Carballeira.

**14:00 h.** Peche do certame de Cantería.

**16:00h a 19:00 h.** Inchables gratuítos.

**17:30 h.** Fallo do Xurado e entrega de premios certame de cantería.

**18:00 h.** Peche mostra de artesanía.

Fin de festa có **Dúo CAMELO**



**Calle Nova 18, Vilalba**  
Casa / Chalet Adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 124m<sup>2</sup> 90.000€

En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar a reformar, la casa tiene una superficie, repartida en dos plantas, de 124 metros cuadrados, a mayores hay un almacén de unos 90 metros cuadrados más y la parcela tiene un total de 414 metros cuadrados. La propiedad tiene salida a dos calles.

**Calle Freires Moureux 3, Vilalba**  
Terreno / Urbano (solar) | 1.800m<sup>2</sup> 45.000€

En Vilalba (Lugo), en la zona de los Freires, cerca del paseo fluvial, se vende parcela edificable de 1800 metros cuadrados. Se puede construir vivienda unifamiliar de planta baja y piso.

**Campo de Puente, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 115m<sup>2</sup> 67.000€

En Vilalba (Lugo) ofrecemos en venta un piso de tres habitaciones y sala, dos baños y cocina amueblada. La vivienda tiene una terraza amplia, calefacción y ascensor. Tiene muy cerca un supermercado.

**Portobarroso 35, Vilalba**  
Casa / Chalet Independiente | 5 Dorm | 4 Baños | 320m<sup>2</sup> 250.000€

Se vende chalet de 5 dormitorios, dos de ellos en planta baja, sala, 4 baños, cocina, comedor, garaje muy amplio y una finca 3.480 m<sup>2</sup>. Toda ella cerrada. La casa está situada a 1 kilómetro del casco urbano de Vilalba (Lugo).

**Pravia, Vilalba**  
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 100m<sup>2</sup> 75.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, en calle de la Pravia, en el que hay cuatro habitaciones y sala, cocina y dos baños. La vivienda dispone de calefacción individual de gas ciudad, ascensor y un trastero en el bajo cubierta.

**Camino Praia Fluvial 15, Vilalba**  
Terreno / No urbanizable | 3.481m<sup>2</sup> 7.500€

En Vilalba, lindando con el río Magdalena, se vende terreno rústico de 3.418 metros cuadrados, que dispone de acceso desde la carretera..

**Alcalde Fraga Bello 3, Vilalba**  
Edificio Residencial | 788m<sup>2</sup> 220.000€

Se vende edificio en Vilalba (Lugo), calle Alcalde Fraga Bello 3, integrado por un bajo de 220 metros, acondicionado como garaje, un sótano de noventa metros y tres viviendas. La del primero tiene ciento ochenta metros, incluida la terraza, y las otras dos, una es de 125 metros y otra de 121. Las dos últimas se encuentran alquiladas. A mayores de las viviendas hay un desván, en el espacio bajo cubierta, de 44 metros.

**Herrería 25, Vilalba**  
Casa / Chalet Adosado | 3 Dorm | 1 Baños | 153m<sup>2</sup> 55.000€

Se vende vivienda unifamiliar, con placa echada. En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.

**Mato Vizoso 6, Vilalba**  
Edificio residencial | 183m<sup>2</sup> 69.500€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende casa unifamiliar formada por planta baja, dos plantas y bajo cubierta, en la que hay tres dormitorios, un baño y un aseo, sala y cocina. A su vez, en la planta baja tiene dos dependencias amplias que se les puede dar distintos usos. La vivienda se encuentra en las proximidades de la torre de Vilalba.

**Chao Ledo 1, Vilalba**  
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m<sup>2</sup> 77.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 min. de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.

**Santa Cristina, Cospoite**  
Casa Rural | 2 Dorm | 1 Baño | 60m<sup>2</sup> 20.000€

La casa esta dividida pero sin acabar. Dispone de pozo y tiene un poste de luz al lado de la casa.

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles  
Comunidades - Penal**

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)

Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)

Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

[www.rocaabogados.info](http://www.rocaabogados.info)

[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)

## A Deputación cede a propiedade da rúa Música Crisanto ao Concello

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou xunto ao alcalde de Rábade, Xosé Fernández Montes, a cesión da institución provincial ao Concello da rúa Música Crisanto, situada nun treito da LU-P-5102 ao seu paso pola vila. No acto, celebrado xunto á propia vía, tamén participaron o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, e o tenente de alcalde, Alejandro Martínez.

José Tomé subliñou que a institución provincial entrega esta vía, que é unha arteria importante para as comunicacións da vila e con moita actividade comercial, despois de investir 150.000€ para o seu acondicionamento e mellora. "Actuamos así porque entendemos que é o lóxico entre institucións. Cando a Deputación lle cede unha vía a un Concello, debe entregala en boas condicións de uso e aproveitamento polos veciños e



veciñas", sinalou o presidente.

Entre as actuacións levadas a cabo estivo a renovación do firme, de beirarrúas, de zonas peonís e de zonas de aparcamento, así como das redes de abastecemento e de saneamento, da rede de baixa e media tensión, do alumeadado público e da rede de telecomunicacións. Este tramo da vía, na viven uns 500 veciños e ve-

ciñas, conta cunha gran actividade comercial e linda con infraestruturas básicas como o campo da feira ou a pista polideportiva.

Outras das actuacións importantes que se fixeron nos últimos meses grazas ao investimento da Deputación de Lugo foi a renovación completa da Rúa José Pardo Montenegro, cunha achega de 131.000 euros.

## Doazón ao colexio de libros sobre educación en igualdade

Esta semana, e pechando as actividades financiadas a través do Pacto do Estado Contra a Violencia de Xénero realizadas (obrairos de igualdade, Concerto de Rockeamos todas con Pakolas, entre outras) o Concello de Rábade realizou unha aportación de libros á biblioteca do Ceip Otero Pedrayo co fin de dar continuidade no centro a esta labor educativa enmarcada na educación para a igualdade.

M<sup>a</sup> Jose De Arriba Redondo, Concelleira de Servizos Sociais e Cultura do Concello de Rábade fai a entrega do material a Remedios González Cabarcos, directora do centro.

Entre os exemplares entregados inclúense libros adaptados para infantil e para primaria co fin de cubrir todas as idades do centro educativo. As historias e os contos son unha excelente ferramenta para o traballo dende o profesorado así como para que o alumnado descubra e asente valores dun xeito lúdico e atractivo.

## O certame de Pintura Rápida reparte 3.400 euros en premios



O sol e as altas temperaturas foron as protagonistas este sábado do XIV Certame de Pintura Rápida organizado polo Concello de Rábade e no que o madrileño Andrés Gabarri Cagiao fíxose co primeiro premio, dotado con 1.200 euros ofrecidos polo Concello.

O segundo, dotado con 800 euros patrocinados por Finsa, foi para Raúl Gil Burés, de Taragona. O terceiro, de 600 euros, a cargo de Mercontrol, recaeu en Abraham Pinto Mendoza, procedente da localidade sevillana de

Utrera.. Finalizou a listaxe con Néstor López Casás, de Xixón, que se levou os 500 euros doados por Sariago do cuarto.

Así mesmo outorgáronse tres accésit de 100 euros que foron para Manuel Ángel Serantes Morán de Ponferrada, Isabell Seidel de Amoeiro e Pablo Caurrel Abael de Cacabelos. En total, repartíronse 3.400 euros en premios.

O xurado destacou a gran calidade e diversidade de estilos das obras así como a importante afluencia de pintores.

### José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



# “Rábade debe o seu desenvolvemento á súa posición xeográfica e de comunicacións”

Manuel Lage escolleu a súa vila natal para presentar o seu libro ‘Rábade Comercial. Calzada, camino y vía’

Manuel Lage Marco é natural de Rábade, nado en 1949. É doutor enxeñeiro Industrial pola ETS de Bilbao e a de Madrid, e enxeñeiro de Motores pola École Supérieure des Moteurs de París. Desenvolveu toda a súa traxectoria profesional no sector de automoción en Chrysler España, Pegaso e Iveco; en España, UK e Italia. É cofundador e secretario xeral da Asociación Española de Profesionais de Automoción (ASEPA) e profesor dos máster de Automoción do INSIA e da UEM. Como historiador do automóbil en España é autor dos varios libros de investigación.

## Cóntenos un pouco o contido deste novo libro.

Teño que empezar dicindo que desde moi pequeno interesáronme moito os coches e os camións, ata o punto que aquilo determinou en min a decisión de estudar enxeñería industrial para “traballar nos coches”. Eu lémbrome perfectamente de todos os coches e camións que había por Rábade nos anos 60, que tampoco eran moitos. Estudiei a carreira en Bilbao. Despois aínda fixen un ano de especialización en motores na Escola Superior de Motores de París. A partir de aí tiven a gran sorte de empezar a miña vida profesional na Chrysler España (antiga Barreiros), despois na Pegaso e na Iveco. Podo dicir que profesionalmente cumprín o desexo de pequeno: traballar no mundo dos motores e dos camións. Nos meus primeiros anos na Pegaso tiven acceso a documentación antiga que se remontaba aos tempos da Hispano Suiza e que estaba abandonada e con perigo de ir todo a parar no lixo. En paralelo co meu traballo na Enxeñería de Motores, fun recopilando e ordenando moita documentación e tamén restaurando motores antigos que ían ser achatarrados. Aquello foi o inicio do que logo sería o Centro histórico Hispano Suiza-Pegaso, baixo a miña responsabilidade. O meu grande interés era rescatar unha parte importante da nosa historia industrial e deixala escrita para que no se perdese. Ao longo dos anos escribí varios libros sobre a historia dos camións Hispano Suiza e Pegaso, a historia do automóbil en España, os motores de aviación Hispano Suiza e outros, sempre centrados na nosa historia motorística, non ben coñecida polas novas xeracións.

## Como xurdiu a idea de escribirlo?

A idea de escribir sobre Rábade non foi algo que me viñera de repente, porque cando escribía a historia dos camións Pegaso, víñame á mente aqueles camións que eu recordaba que tivera a Frigsa de Lugo e a entón

Empresa Nacional Calvo Sotelo de Puentes de García Rodríguez, como se chamaba no tempo, que traían o Nitramón Cálculo (el abono del campo gallego) á estación de ferrocarril de Rábade. Aqueles eran os primeiros camións novos que se vían porque a maioría eran moi vellos, de antes da Guerra Civil, aos que se lle ían cambiando os motores de gasolina polos novos Barreiros Diésel. Entón pensei en rebuscar datos e fotos dos coches e camións que habían en Rábade nos anos 50 e 60, con idea de ter eu un pequeno arquivo daquilo que lembraba. En paralelo con esto eu tamén estaba buscando de recompoñer a historia familiar, porque meu avó materno viñera da provincia de León a establecérase en Rábade en 1902 como maestro botero, facendo e reparando botas e pelexos de viño. Isto levoume a estudar un pouco máis un feito casi esquecido que foi o establecemento dos comerciantes maragatos en Galicia, unha vez que o ferrocarril puxo fin ao transporte a lomos de mulo e en carretas de bois, que era unha actividade dominada polos arrieiros maragatos, que logo se foron asentando e establecendo nos distintos pobos nos que facían os seus negocios. Entón falei co noso alcalde Quico e conteille o que estaba facendo, inmediatamente díxome que a edición sería a cargo do Concello de Rábade e que completara os traballos incluído todo o que tivera do comercio de Rábade nos anos 50 e 60. E tamén remontándome no tempo coa idea de ter un libro o máis completo posible da nosa historia.

## Como cambiou a vila de Rábade nos últimos anos?

O título do libro responde en parte

ao percorrido histórico, porque Rábade debe o seu desenvolvemento á súa posición xeográfica e de comunicacións. No tempo dos romanos, a Calzada XXI unía Astúrica Augusta (Astorga), Lucus Augusti (Lugo), Brigantium (Betanzos) a Coronium (Coruña) pasando por Rábade, e deste tempo data a ponte Vella, que sería ampliada en séculos posteriores. O plan de Caminos Reales establecido en 1752 polo Marqués da Ensenada, contemplaba o Camino Real de Galicia pasando por Rábade, que sería a primeira versión das estradas radiais. Finalmente o ferrocarril Palencia-A Coruña, inaugurado en 1883 tamén pasou por Rábade, aínda que a estación non se construíu ata 1904. O título Rábade comercial. Calzada, camino y vía pretende ser a síntese desta historia das vías de comunicación que pasan por Rábade.

## Non é o seu primeiro libro. Ten publicacións sobre a historia do automóbil. Como desperta este aspecto da historia o seu interese?

Como autor eu considérome historiador do automóbil, centrado nas marcas españolas, con varios títulos publicados. Teño que dicir que tres deles conseguiron o premio internacional Nicolas Cugnot Award da Society of Automotive Historians americana como mellor libro escrito en lingua non inglesa, nos anos 2009, 2017 e 2019. O meu interese no pasado automobilístico español foi sempre deixar escrita e documentada unha historia que foi tan importante coma a de calquera outro país da nosa contorna, pero que hoxe resulta moi descoñecida para as novas xeracións. Xa queda dito que este libro sobre Rábade ten a orixe no meu interés en documentar o parque au-

tomobilístico rabadense dos anos 50 e 60, que eu tiña na memoria.

## Que vinculación ten Galicia con a historia do automóbil?

A presenza de Galicia na historia do automóbil en España é importante. Barro-Chavín, unha empresa que segue viva, pero con outro nome e dedicada a outras actividades foi o representante da francesa De Dion Bouton e nos anos 10 e despois da Guerra civil construíu turismos e camións coa marca De Dion-Barro. En paralelo foi un dos máis prestixiosos carroceiros de autobuses de luxo nos anos 60 e 70. En Santiago nos anos 30 existiu a Empresa Bruzos, que tiña liñas de autobuses e construíu os seus propios vehículos. Algo moi pouco coñecido é o primeiro automóbil argentino, construído en 1907 por Manuel Iglesias López, un emigrante galego de Vila de Cruces que traballaba nos talleres do ferrocarril argentino na vila de Campana. O seu mérito no é só ter feito o Mataperros, nome que lle quedou por ter atropellado un can, senón porque antes de facer o seu coche, primeiro tivo que construír a ferramenta, incluído un torno. Hoxe en día, a primeira empresa por tamaño é a Citroën de Vigo, pero temos outros importantes exemplos como as Carrocerías Castrosua de Santiago e a UNVI de Ourense. Outra historia curiosa foron as carrocerías da Pontonova, nadas transformando as autocarretas OM que viñeron coas tropas italianas á Guerra Civil e que logo deron lugar á fábrica MAFSA, máis tarde IPV. Aínda que a gran fábrica construíuse en Villaverde, non cabe duda que o máximo exponente da industria automobilística galega foi o ourensán Eduardo Barreiros, crea-



dor da súa propia marca de camións, que logo fabricou tamén coches Simca e Dodge, ata a compra da empresa pola americana Chrysler. Quero apuntar aquí que o meu último libro é Barreiros. Historia completa, que teño terminado pero aínda non publicado. Pero o exemplo máis significativo da iniciativa industrial no automóbil en Galicia é sen dúbida a empresa Urovesa de Santiago de Compostela.

## Nado en Rábade pero leva moitos anos fóra. Rábade segue presente na súa vida?

Hei de dicir que teño casa en Rábade e que máis ou menos regularmente imos por alí. Para definir a presenza de Rábade na miña vida direi o que me dixo o meu fillo hai algún tempo: “Tú saliste de Rábade, pero Rábade no salí de tí”.

## Cal é o seu próximo proxecto?

Falando de Rábade hai que dicir que no 2025 cumprirase un século da creación do Concello de Rábade en maio de 1925. A publicación de Rábade comercial. Calzada, camino y vía despertou un gran interese por recuperar documentos, fotos e referencias antigas da nosa vila. Unha idea que estamos considerando é a de reunir toda a nova documentación que vaia aparecendo nestes próximos tres anos e facer unha edición facsímil para o centenario.

VEN A LIBRERÍA CAMPUS Y TENDRÁS UN 15% DE DESCUENTO EN PAPELERÍA TODO EL CURSO

ACEPTAMOS VALES DE COMPRA DE LAS AYUDAS PARA LIBROS Y MATERIAL ESCOLAR

RESERVA YA PARA EL PRÓXIMO CURSO TUS LIBROS DE TEXTO Y CUADERNOS

**LIBRERÍA CAMPUS**  
Nuestros años de experiencia nos avalan

Ronda Mercedes 45-47 LUGO (Zona Escola de Idiomas)  
Telf.: 982 284 705 / libreriacampus@librosmil.es

**erika pilates center**

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto  
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo  
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es  
[www.erikapilates.es](http://www.erikapilates.es)

## Convocada unha nova edición do premio Xermade na Historia

Un ano máis, o Concello de Xermade convocou o Premio de Investigación Xermade na Historia, a IX edición, que organizan conxuntamente o Concello, a asociación de veciños de Cabreiros e a Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, co patrocinio da Deputación de Lugo.

Xa está aberto o prazo para presentar os traballos e este manterase ata o 24 de marzo de 2023. Así mesmo, mantense un premio de 2.000 euros para o primeiro e un segundo galardón dotado con 1.000 euros. Os interesados en participar poderán facelo tanto de xeito individual como colectivo e con cantos traballos queiran presentar, sempre que estes versen sobre temas relacionados co patrimonio etnográfico e cultural de Xermade:



tradicións, ritos, festas, arte popular, memoria histórica, costumes, arquitectura, etc.

A organización establece tamén unha extensión mínima de 50 folios e un máximo de 400 e deberán estar escritos en galego.

## Solicitan axudas para crear un centro da torneiría na reitoral

A Xunta de Goberno Local de Xermade acordou solicitar unha axuda por importe de 373.196,48 euros ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, ao abeiro da Orde TMA/178/2022, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O anteproxecto foi redactado pola doutora en arquitectura Luz Paz Agradas e a arquitecta contratada pola Universidade da Coruña Marta Marcos Maroño, en base ao convenio de colaboración coa UDC aprobado pola Xunta de Goberno Local na mesma sesión, que ten por obxecto impulsar a rehabilitación das reitorais de Xermade e Roupas.

A rehabilitación da Reitoral de Xermade permitirá destinar este in-



moble a un uso público de carácter cultural, cun espazo adicado a exposición permanente da torneiría, oficio tradicional de grande importancia no municipio, que celebra un encontro internacional no mes de setembro cada ano.

Porén, o convenio asinado coa UDC abrangue tamén a solicitude de axudas para a posta en marcha do

proxecto Casa da Veciñanza de Roupas, o que permitirá a rehabilitación da Reitoral de San Pedro Fiz e a súa ampliación para uso asistencial, partindo do prototipo de equipamento dotacional para maiores no rural galego realizado por unha equipa multidisciplinar de docentes da UDC para a Deputación de Lugo en outubro do ano 2021.

## O Pleno respalda a petición á Xunta da delimitación do Camiño Real

Na reunión do último Pleno xermadino destaca na parte resolutiva a solicitude á Xunta de Galicia de aprobación da delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago, tamén chamado Camiño Real, recollendo a petición do denominado Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba-Betanzos).

Por outra banda, tamén se aprobou o Plan de Medidas Antifraude, que vai permitir ao Concello de Xermade garantir que os fondos corres-

pondentes ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que vai xestionar e executar se empreguen de conformidade coas normas aplicable á prevención, á detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. Será a Secretaría-Intervención municipal o órgano encargado da implantación e control deste plan.

Na parte de fiscalización e control, deuse conta dos envíos realizados á Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais,

entre o que destaca o Período Medio de Pago do primeiro trimestre: 13,75 días.

Tamén se deu conta do informe-resumo dos resultados do control interno no exercicio 2021, e do Plan Anual de Control Financeiro do exercicio 2022, así como das resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos efectuados pola Intervención no exercicio 2021.

O Pleno reunírase novamente en sesión ordinaria o segundo xoves de agosto.

## Os afiliados reelixen a Antonio Riveira como presidente do PP

Antonio Riveira foi reelixido presidente do PP de Xermade por aclamación dos afiliados participantes no congreso local da formación celebrado este xoves. Á localidade chairga tamén se achegou a presidenta, Elena Candia -acompañada tamén polo coordinador xeral, José Manuel Balseiro e o secretario de organización, Javier Vázquez Prado- para trasladar o seu apoio á agrupación local e á nova directiva que se completa con Isabel Campello Ares como secretaria e Andrés Ares Ameijide, María Isabel Barro Millor, Laureano

de Bernardo Paz, Mario Félix García Prieto, José Antonio González Alvaríño, Arsenio José Paz Cibreiro, Alberto Pena Criado e Marta Rodríguez Criado como vogais.

Elena Candia agradeceu á nova directiva "a súa implicación" e púxose a disposición do novo equipo para que no 2023 "Xermade volva ter un goberno do Partido Popular, comprometido cos seus veciños e coas súas necesidades do día a día". Para iso, a presidenta provincial defende que "o PP conta cun equipo que representa aos veciños de Xermade e con capacidade e vontade de traballo, sen dúbida, unha cualidade básica para defender o interese público". Antonio Riveira, pola súa banda, comprometeuse a seguir traballando por Xermade xunto aos compañeiros da directiva local "dende o diálogo e con humildade". como é dixo, "a importante suba de impostos que aplicou o actual alcalde".

O voceiro popular lamenta os numerosos proxectos paralizados en Xermade como é o caso do "PXOM aprobado inicialmente no 2015 por un goberno do PP, un inventario de camiños deficiente que non hai que facer de novo porque non ten revisión posible, a estrada da Deputación Momán-Piñeiro aínda sen acabar a pesar de dez anos de promesas ou unha casa do maior anunciada sen contar coa Xunta e tamén paralizada. Xermade é un Concello sen goberno que, ademais, nos últimos tres anos fixo pagos con reparos".

# RENTA CAR

ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

**Aluguer de:**  
**AUTOCARAVANAS**  
**VEHÍCULOS INDUSTRIAIS**  
**TURISMOS**

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa Castiñeiro P-11. Pol. Industrial Sete Pontes - Vilalba - Lugo

**CARTA MENÚ DO DÍA BANQUETES**

**TORRE - VILALBA Tel.: 982 511 201**

## A Xunta declara firme o acordo para a parcelaria en San Estevo

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, vén de declarar a firmeza do acordo da zona de concentración parcelaria de San Estevo de Pol, no Concello lugués de Pol.

Así, dáse un paso máis cara á finalización desta reorganización territorial, que afecta a unha superficie de 354 hectáreas distribuídas en 151 predios de substitución pertencentes a 89 propietarios, resultantes de reestruturar as 511 parcelas iniciais. Esta mellora permítelle ás explotacións da zona reducir os seus custos de produción. Tras esta firmeza do acordo, só

queda pendente aprobar a acta de reorganización, o que suporá o remate administrativo deste proceso, que quedará finalmente terminado coa posterior entrega dos títulos de propiedade.

Con esta zona serán un total de sete os procesos de concentración parcelaria que se desenvolveron no concello de Pol. Ao de San Estevo de Pol agora a piques de rematar, súmase a reordenación da propiedade xa levada a cabo en Balonga, Caraño, San Andrés de Ferreiros, San Martín de Ferreiros, Silva-Eirón e Torneiros. Todos eles representan un total de 4.912 hectáreas que supoñen o 36,21%

do territorio do municipio de Pol. Cabe engadir que o impulso ás reestruturacións parcelarias é unha das principais liñas de traballo da Consellería do Medio Rural. Para esta finalidade, o departamento que dirixe José González destina só este ano un orzamento total de 12 millóns de euros, co fin de pechar administrativamente os 94 procesos que a día de hoxe están abertos.

Nesa dirección, cómpre sinalar que desde o ano 2020 se entregaron a preto de 10.000 titulares case 23.300 títulos de propiedade no marco de 21 procesos de reestruturación parcelaria.



## A CHMS traballa na conservación do Azúmara

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, continúa traballando na limpeza de leitos e marxes dos ríos de Lugo. Cinco brigadas destinadas na provincia de Lugo executaron actuacións de mellora da capacidade de desaugadoiro nos ríos Támoga, Miño, Ferreira, Rego Guimarans e Azúmara, nos municipios de Cospeito, Lugo, Portomarín, Castro de Rei e Pol.

Máis concretamente, no río Azúma-

ra, ao seu paso por Pol, a actuación comprendeu unha lonxitude total de 8 km de leito. Os traballos consistiron na mellora da capacidade hidráulica e na retirada dos tapóns illados que se atopan ao longo de todo o tramo, así como, árbores caídas e con perigo de caída.

“Estas actuacións, proxectadas despois da inspección da nosa gardería fluvial, son a clave para mellorar a capacidade de desaugadoiro do río e evitar danos ás persoas e os seus bens en momentos de intenso caudal” matizou Quiroga.

## begonte

### A Deputación aproba a cesión dun treito de estrada ao Concello

O Pleno da Deputación tamén aprobou a cesión de dous treitos de dúas estradas de titularidade provincial aos concellos de Begonte e Guntín. Unha decisión que foi acordada logo de que as dúas administracións locais solicitasen a titularidade.

No caso do Concello de Begonte, aprobouse o cambio de titularidade do tramo da estrada provincial LU-P-0801 dende o punto quilométrico 0,000 ao 0,475.

E no caso do Concello de Guntín, a Deputación cede un treito da estrada LU-P-2405 entre os puntos quilométricos 8,433 e 9,004.

## Cultura organiza viaxes á praia todos os domingos dos meses de verán

O Concello de Begonte recupera a súa actividade Domingos á praia, que deu comezo o día 10 coa visita a San Cibrao. A actividade consistirá en organizar visitas dun día aos distintos areas das provincias de Lugo e A Coruña con saída ás 10.00 horas fronte á oficina de Abanca e regreso ás 19.30 horas.

Para participar é necesario

inscribirse a semana anterior a cada viaxe, que ten un prezo de 3 euros.

Nos seguintes domingos as visitas serán ás praias de Foz, Benquerencia e Ares.

En agosto o programa establece a primeira visita o domingo 7 á de Covas, en Viveiro, seguida das de Riazor, Cabanas e rematarán en Foz.

## Os populares conforman a xestora de Nicole Grueira

O Partido Popular vén de constituír a xestora que preside Nicole Grueira. Acompañan a Nicole Grueira (presidenta), Mónica Rielo Monasterio (secretaría xeral), e Enrique Rodríguez Rodríguez (vicepresidente). Como vogais: María Angelina Fernández Fernández, Javier Rego García, Margarita Fernández

Yebrá, María Méndez Luna, María Isabel Pasaro Vila, María Remedios Castedo Carballo, Raúl Rodríguez Fernández, Camilo Rancaño Carballo, Artemio Gustavo Carballés Fernández, Antonio Fernández Díaz, José Manuel Cedrón Castriellón e María Angelina Fernández Calaza.

# MOBELRIAS

OS MOBLES QUE A TUA CASA NECESITA

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

# charanga

LUGO

Avda. de la Coruña 39. Lugo

648.739.473

## ACEA Meira repite este ano a Festa dos Coches polo San Cristovo

A Asociación de Comerciantes, Empresarios e Autónomos (Acea) de Meira, en colaboración co Concello, repetirá este ano a Festa dos Coches polo San Cristovo, que terá lugar o 16 de xullo.

Esta festa levaba varios anos sen celebrarse, concretamente dende 1969, e recuperouse o ano pasado para dárle un impulso á hostalaría e o comercio local, a iniciativa da parroquia de Santa María.

O programa da Festa arrincará ás 13.00 horas cun pasarrúas a cargo de Os Caliqueños e ás 14.00 está previsto que se inicie a bendición de vehículos. Durante todo a mañá haberá máis pasarrúas e música que rematarán ás 15.30 horas, cando se fará un sorteo de 300 euros e a entrega de premios.



Entre os premios figuran tres vales de 100 euros para gastar en combustible canxeables na estación de servizo O Granxeiro. Ademais, durante a xornada haberá exposición de carrilanas e un stand da asociación CTNNB1.

## O PP critica a ubicación do novo aparcadoiro público

O portavoz popular na Deputación, Javier Castiñeira, manifestou o seu descontento coa ubicación do novo aparcadoiro público. "Pola falta dun planeamento urbanístico actualizado e axeitado, unha vez máis, un investimento considerable de fondos públicos, esta vez procedentes da Deputación, non será rendible socialmente e, o que é peor, xerará incomodidades a moitas persoas maiores. A obra en cuestión e un

aparcadoiro, que, por decisión do goberno local, sitúase a uns seiscientos metros do centro urbano e comercial, cando podería estar ao lado do mesmo, porque hai terreos baleiros".

Castiñeira explica: "Trátase dun aparcadoiro, que ten un orzamento de cerca de 300.000 euros, e que, segundo os veciños e o PP de Meira, queda moi lonxe do centro urbano e vai ter pouca utilidade para os veciños".

## O IES local bautiza o laboratorio co nome de Sonia Villapol

O IES Pedregal de Irimia de Meira bautizou o segundo espazo do centro co nome dunha referente feminina internacional no mundo da investigación científica. Trátase da neurocientífica Sonia Villapol, que pasará a ser o nome do laboratorio de bioloxía e xeoloxía do centro de ensino. Sonia, nacida no 1977 en Bretoña, foi alumna do instituto de Meira e formaba parte do Consello Escolar cando este pasou a denominarse Pedregal de Irimia. Durante a súa estancia como alumna no centro promoveu o baloncesto feminino e fundou a revista Latexos, que neste curso 2021-2022 cumpre 29 números.

A xornada comezou na Casa da Cultura de Meira ás 11:15 h onde Sonia impartiu a conferencia denominada De Meira a Houston e os laboratorios na andaina para todo o alumnado do centro. A continuación a comunidade educativa, xunto co Xefe Territorial da Consellaría de Presidencia (Gerardo Criado), arroupou a Sonia na descuberta da placa no laboratorio co seu nome.

A mañá rematou cun encontro de Sonia Villapol co alumnado de 4º da ESO e de Bacharelato interesado no campo da investigación científica. A neurocientífica presentoulles o programa de mentorado denominado Latexos pola ciencia co fin de acompañar nos seus comezos a todo o alumnado do instituto que queira levar a cabo unha carreira investigadora tanto no Estado como no estranxeiro.

**MURAL.** O IES Pedregal de Irimia de Meira ten novo mural no seu patio traseiro. A profesora de Debuxo Ali-



Arriba, Sonia Villapol no IES e, abaixo, o novo mural

cia Merino e o seu amigo Alberto Molino elaboraron a idea e plasmárona nesta parede que xa pode ser visitada por todos.

A través dunha nena berrando e rompendo unhas cadeas que simbolizan o descoñecemento, a ignorancia e os prexuízos: Quero expresarme libre é un mural que reivindica a liberdade de elección da xente nova; centrándose en potenciar as súas fortalezas e dirixindo a súa vida cara algo que verdadeiramente os encha.

## Un estudante recibe a primeira bolsa da Fundación Caixa Rural

A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas resolveu a primeira convocatoria de bolsas para Estudos de posgrao coa concesión dunha bolsa a Alexandre Rico Fernández, un estudante de Meira de 25 anos que actualmente se atopa cursando un programa de intercambio en Estados Unidos sobre a análise de diferentes estratexias de tratamento de enfermidades, así como a implementación e manexo de datos en explotacións gandeiras.

Alexandre graduouse en Veterinaria na Facultade de Lugo da Universidade de Santiago e decidiu ampliar a súa formación viaxando a Estados Unidos, concretamente a Minnesota para un programa de intercambio.

Decatado da convocatoria da Fundación Caixa Rural, presentou a súa solicitude para obter unha beca dotada cun máximo de 40.000 euros para cursar un Máster en Medicina Preventiva Veterinaria impartido pola Universidade de California en Davis.

A vocación polo mundo gandeiro vénlle de neno xa que naceu no seo dunha familia de veterinarios e gandeiros da Terra Cha, sendo por iso perfecto coñecedor do ambiente rural e da comunidade láctea.

## Acordo para a Torre de Caldaloba

**Ao abeiro desta nova alianza, garantírase a recuperación, conservación e mantemento deste BIC, un dos máis de 700 cos que conta Galicia**

A Xunta de Galicia e o Concello de Cospeito asinaron un convenio de colaboración para que a Torre da Caldaloba sexa de titularidade municipal, o que supón que se garantirá a recuperación, conservación e mantemento deste BIC, un dos máis de 700 cos que conta Galicia. O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, formalizou hoxe o acordo, dotado con 100.000 euros.

Como expresou o titular de Cultura da Xunta, o Goberno autonómico continúa así apostando pola conservación do patrimonio histórico do rural galego “a través duns investimentos que permiten a súa posta en valor e traballar de xeito coordinado cos concellos para manter viva a nosa historia”. Neste sentido, referiuse ao caso concreto da Torre de Caldaloba, por cuxa conservación vén apostando a Xunta, cuns primeiros traballos para a consolidación da estrutura e reducir o ritmo de de-



gradación e, máis recentemente, cunha campaña arqueolóxica que puxo de manifesto o seu valor histórico ao constatar que puido estar asentada nun asentamento castrexo.

**COMPRA.** O acordo asinado dá resposta ao interese do Concello de Cospeito por adquirir a Torre e parte de parcelas ocupadas polos fosos e murallas co fin de poñer en valor este elemento sin-

gular da historia deste municipio lucense e de Galicia. A torre foi declarada BIC en 1949. Tamén coñecida como Castelo de Vilaxoán, está na parroquia de San Martiño de Pino. É de época medieval e está datado nos séculos XIV-XV, período do que se conserva en pé unicamente a Torre da Caldaloba. Ten unha importante significación histórica debido a súa relación coa revolta dos Irmandiños e co Mariscal Pardo de Cela.

## Cospeito loce novo mural e remata a obra do Concello

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, visitou xunto co delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, a Casa do Concello de Cospeito para coñecer as actuacións desenvolvidas no edificio ao abeiro da Orde de infraestruturas de uso público da Xunta. As obras realizadas supuxeron unha achega de 35.000 euros para a redistribución de espazos a prol dunha mellor atención á cidadanía, así como para a eliminación de humidades.

Así, trasladouse a área técnica de arquitectura e urbanismo do segundo andar ao baixo, de xeito que se puido reorganizar o espazo superior destinado á administración xeral. A división garantiu tamén a iluminación natural e a ventilación, ademais de permitir habilitar unha entrada desde o exterior que lles facilita o acceso ás persoas de mobilidade reducida.

A maiores, mellorouse o arquivo de documentación en papel, tanto de carácter xeral coma os propios da área de arquitectura, urbanismo e medio ambiente. A intervención centrouse tamén na impermeabi-



lización exterior do edificio e na subsanación das deficiencias existentes na pintura co obxectivo de mellorar a imaxe das instalacións.

**DIEGO AS.** A Feira do Monte conta xa cun mural realizado polo artista Diego As e que representa a Constanza, filla do Mariscal Pardo de Cela, que resistiu ás forzas dos Reis Católicos no castelo de Vilaxoán.

O mural foi pintado nunha parte de 250 metros cadrados situada no lateral dun edificio entre as rúas Cidade Veria e Valverde.

# Inviste en Friol



CONCELLO  
DE FRIOL

**Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol**

## O servizo Coidados porta a porta visita a localidade este mes

O Concello en colaboración coa Consellería de Política Social da Xunta informa que nos días 18, 19 e 20 de xullo estará na praza de Gontán unha unidade móbil dentro da campaña Coidados porta a porta.

Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. Ofrecerá tres servizos principais. Por unha banda, un servizo de podoloxía. Faise unha consulta básica de podoloxía; unha valoración do estado xeral do pé; un corte e limpeza de uñas; eliminación de durezas, calos e helomas.

No servizo de audioloxía faise unha valoración e exploración funcional da audición e prevención da perda auditiva. E finalmente no de estimulación da memoria, un profesional realizará unha valoración cognitiva e achegará as pautas desde unha perspectiva terapéutica.

## O Goberno local quere mercar unha motoniveladora

O Goberno local de Abadín vén de sacar a licitación a compra dunha motoniveladora nova co obxectivo de subsanar varias deficiencias detectadas na xestión medioambiental do municipio, mellorando a prevención de incendios forestais e inundacións e a xestión de residuos de poda.

A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A adxudicación do contrato realizarase atendendo a unha pluralidade de criterios de adxudicacións en base á mellor relación calidade-prezo.

A licitación faise cun valor estima-



do de 252.890 euros, ive incluído en base aos prezos habituais do mercado.

O presente contrato finánciase integramente coa aportación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (antes Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo) na cantidade de 252.890,00 euros do Fondo de Compensación Ambiental 2022.

## Licitan as obras de tres camiños en Vilarente

O Concello de Abadín sacou a licitación as obras de mellora de camiños en A Pedrosa e Cabaza na parroquia de Seivane de Vilarente, con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais de accesos a parcelas agrícolas 2022-2023 Agader, que teñen un orzamento de 88.959 euros.

Estes atópanse en mal estado de conservación debido a súa antigüidade, ao uso intensivo e ás incoherencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo.

Os camiños sobre os que se proxectan as actuacións son, por unha parte o Camiño a Pedrosa 1, un viario que une A Pedrosa coa igrexa de Seivane de Vilarente, parroquia de Seivane de Vilarente (San Xoán), cuxo pavimento actual está formado por aglomerado de-

teriorado. Ten unha lonxitude de 1.216 metros.

No mesmo lugar actuarase sobre un segundo camiño, que une o anterior coa LU-P0102 en A Pedrosa cunha lonxitude de 155 metros.

Hai un terceiro camiño a traballar, que parte do que une A Pedrosa coa igrexa de Seivane de Vilarente (C1), co núcleo de Cabaza de 730 metros de lonxitude.

Os traballos a realizar serán o estendido dunha capa de mestura asfáltica en quente tipo AC16 SURF 50/70 D de 5 cm de espesor. Tamén se proxecta a limpeza de foxos para facilitar a circulación das augas de escorrentía e evitar que produzan danos no pavimento do camiño.

O prazo de execución das obras é de tres meses tendo data de finalización o día 3 de outubro.

## O CEIP de Riotorto presenta o programa Pasaporte Solidario



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, coñeceu as iniciativas solidarias realizadas polo alumnado do CEIP Plurilingüe de Riotorto no marco do programa Pasaporte Solidario da Xunta de Galicia. Alí destacou a importancia desta iniciativa para trasladarlle aos máis novos valores e para realizar actividades que fomenten o seu espírito solidario.

No programa, que se enmarca dentro do Plan Proxecta+, participou todo o alumnado de primeiro a sexto de Primaria. As sete actividades

incluíron unha visita de membros do parque eólico experimental Sotavento, a recollida de produtos para Ucraína, a gravación de música en lingua de signos, unha carta aos nenos da Palma que quedaron sen colexio ou unha cadea conxunta de todas as súas boas accións polo Día da Paz. Os rapaces recollían cada unha destas actividades nunha folla do seu pasaporte solidario.

Cristina Pichel agradeceu aos nenos o seu esforzo solidario e o traballo de profesores e equipo directivo promovendo este tipo de actividades.

## O Concello recupera a súa Festa Celta

O Concello de Riotorto celebrará a súa tradicional Festa Celta o vindeiro 6 de agosto no lugar da Croa, recuperando unha das citas máis seguidas.

Esta celebración terá lugar a partir das 21.30 horas con diferentes actuación a cargo dos Gaiteiros de Riotorto, Rivendell Folk de Valladolid, Carapaus de Santiago de Compostela e Leirabuxo de Boimorto.

Ademais haberá servizo de comida a partir das 14.30 horas para os que queiran desfrutar da festa xa desde a mañá, así como, animación durante toda a tarde para que os asistentes disfruten.

Como todos os anos, o Concello agradecerá a colaboración veciñal para a súa realización. Gracias a esta colaboración a festa será todo un éxito como todos os anos. Para máis información deberán achegarse as oficinas do Concello.

Ao abeiro desta celebración, o Concello de Riotorto vén de informar que para a súa organización é neces-



saria a colaboración veciñal.

Para iso piden persoas dispostas a facer comida variada como empanadas caseras, bolos preñados, tortillas, etc. E persoas para os stands de venda de tickets, bebidas, camisetas, etc.

Aquelas persoas que estean interesadas deberán comunicalo ao Concello antes do día 15 de xullo.

Poderán tamén comunicar a súa disposición para colaborar por whatsapp aos teléfonos 982 346 222 ou 680461 131.

## Veciños de Santa Comba reúnen para falar sobre o estado dos montes conveniados

A Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea, dentro do Concello de Riotorto, vén de comunicar que o sábado 16 de xullo celebrarán unha reunión sobre a situación dos montes cedidos en convenio á Administración autonómica e sobre a posibilidade de recuperalos.

Este encontro, que se celebrará na Escola da Órrea ás 18.00 horas, contará con asesoramento do experto da zona Óscar Fernández, responsable da empresa Xelda, Eido Rural.

Na reunión tratarase a situación actual das leiras cedidas á Xunta, as razóns polas que non as explota nin as devolve ou as iniciativas que se están poñendo en marcha na comarca para recuperar os montes.

Esta cita esta aberta a todas as persoas interesadas sexan veciños ou non.

**O gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo  
27800 Vilalba (Lugo)  
Telf. 982516150

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**  
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL  
Novas oficinas:  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba  
Tlf 982 523 649 - 982 523 601  
619 41 53 56 - 650 61 12 60  
ALÉN



# TERRA CHÁ

## O GDR aprobou concorrer aos fondos Leader 2023 – 2027

O GDR Terra Chá composto polos 10 concellos do territorio e máis de 140 asociacións do territorio aprobou na asemblea do 4 de xullo concorrer á nova convocatoria de fondo Leader 2023 – 2027.

Esta nova convocatoria implicará que se realice, durante os próximos meses, unha estratexia local participativa. Na elaboración desta estratexia contarase coa participación de todos os actores públicos e privados do territorio de actuación do GDR para que entre todos realícese achegas e elabórese unha estratexia territorial para os próximos anos.

Así mesmo na asemblea aprobouse a incorporación ao GDR de tres novas asociacións, Asociación de veciños de Vale, asociación amas de casa Santa Isabel da ilusión e a asociación veciñal e cultural Gueimonde. As dúas primeiras son do concello de Riotorto e a terceira é da Pastoriza.

Por último, desde o GDR animou



ás asociacións, organizacións profesionais, entidades de economía social (SAT, cooperativas, S.L.L.), comunidades de montes que realicen as súas actividades no territorio do GDR asíense ao mesmo. Para iso poden solicitar a información e a documentación nas oficinas do GDR ou na web.

**NÓ RURAL.** O 30 de xuño tivo lugar en Vilalba, a presentación do proxecto Nó Rural, un proxecto que ten como obxectivo o retorno

e a inserción laboral dos mozos coa creación dun portal de emprego na súa propia páxina web ([www.norural.gal](http://www.norural.gal)), onde tamén se poderán consultar noticias sobre o sector primario.

Na reunión debatéronse temas como a introdución da mocidade no sector primario ou as distintas maneiras de potencialo. Así mesmo participou, contando a súa experiencia, unha promotora que veu de fóra do territorio do GDR e instalouse nel para montar unha pequena empresa.

A través desta iniciativa búscase animar a incorporación de persoas no sector primario, fomentarse o emprendemento e a mellora da empregabilidade, sendo unha ferramenta que conecta as empresas das áreas rurais e o talento de mocidade, mellorando a coordinación e o traballo en rede das administracións públicas mellorando a coordinación e o traballo en rede.

## Adamo arrinca as obras para levar a fibra óptica a máis de 7.200 vivendas de 8 concellos

Os traballos de enxeñería para dotar de fibra óptica a máis de 7.200 vivendas de 8 concellos lucenses xa están en marcha. En concreto, serán diferentes áreas de Abadín, Castroverde, Chantada, Friol, Guitiriz, Monforte de Lemos, A Pontenova e Riotorto as que contarán a finais de verán coa conexión a Internet máis rápida que existe hoxe no mercado (1.000 MB), que fornece o operador.

**GOBERNO.** A subdelegada do Goberno na provincia, Isabel Rodríguez, recibiu na sede da institución que lidera a David Llano, responsable de Adamo en Galicia, quen lle explicou os detalles sobre o novo equipamento, así como sobre o conxunto de despregamentos previstos para o terceiro e o cuarto trimestre. Neste último período, Adamo engadirá unha cifra similar ao anterior, cuns 7.000

fogares conectados por medio da súa fibra óptica.

**AXUDAS PÚBLICAS.** Este crecemento apóiase, por unha banda, nos fondos propios de Adamo (leva investidos máis de 20 millóns de euros en Lugo). Por outro, a expansión é posible grazas ás subvencións do Programa de Banda Ancha de Nova Xeración (PEBA) do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que está cofinanciado pola Unión Europea (UE). Así, preto de 6 millóns xa se destinan ao desenvolvemento desta infraestrutura na provincia, cantidade que facilitará a conexión de máis de 26.500 fogares lucenses. É dicir, que a colaboración público-privada, o traballo conxunto entre Adamo e o Goberno, é a fórmula que está a permitir o desenvolvemento da fibra óptica no territorio lucense.



## Os sete alcaldes do Camiño do Bispo únense para pedir a distinción de ruta xacobeá

Os alcaldes dos sete concellos polos que discorre o Camiño do Bispo, catro lucenses (Mondoñedo, Abadín, Muras e Xermade) e tres coruñeses (As Pontes, San Sadurniño e Neda), asinaron un convenio de colaboración para potenciar e conservar este Camiño Real entre Mondoñedo e Ferrol, e que é ademais roteiro de conexión entre os camiños francés e inglés; ademais de buscar o recoñecemento do itinerario como camiño cultural e como Camiño de Santiago. O acordo chega despois da concesión da Compostela por parte do coengo delegado de Peregrinacións do Cabildo da Catedral de Santiago. A través do citado convenio, os sete concellos comprométese a presentar a candidatura do Camiño do

Bispo para a súa inclusión no rexistro de Camiños Culturais da Consellería de Cultura, previa elaboración dos estudos da traza histórica de cada municipio.

Esa declaración, xunto ao recoñecemento eclesiástico xa logrado, abriría as portas á consideración do Camiño Real como roteiro xacobeo. Así mesmo, levarán a cabo traballos de conservación e mellora do trazado, ademais dunha maior difusión do itinerario, con mencións específicas nas webs municipais ou redes sociais.

O convenio, cunha vixencia de catro anos prorrogables por outros dous, contempla tamén a posta en marcha dunha comisión de seguimento, vixilancia e control.

## Invisten na mellora das estradas LU-861 e AG-64

Comezaron as obras de rehabilitación do firme nun treito da estrada autonómica LU-861 ao seu paso polos concellos de Vilalba e Xermade. A Xunta destina 56.200 euros a esta actuación co fin de mellorar aquelas partes da calzada que o precisan entre os puntos quilométricos 4+00 e 11+00.

As obras consisten na limpeza previa do firme, a realización de reparacións localizadas do pavimento con formigón bituminoso e a reposición da sinalización horizontal nos treitos afectados.

Para garantir a seguridade dos usuarios mentres duren as obras, habílanse carrís alternativos de circulación e sinalización provisional. A estrada LU-861 conecta Vilalba con Igraxafeita, onde enlaza coa AG-64 (autovía Ferrol-Vilalba).

**AG-64.** Por outra banda tamén se executan obras de rehabilitación do firme en 3 km da autovía AG-64, que une Ferrol e Vilalba, ao seu paso polo municipio de Xermade. Os traballos contan cun orzamento de 75.500 euros, con cargo ao contrato de conservación de estradas para a zona Norte de Lugo.

As actuacións consisten en rehabilitacións localizadas do pavimento mediante o fresado das capas do firme deterioradas e a substitución por novas mesturas asfálticas en quente nunha superficie aproximada de 3.600 metros cadrados, dende o límite da provincia da Coruña ata o enlace de Cabreiros -conexión coa estrada LU-540-. Posteriormente, procederase á reposición das marcas viarias afectadas.

## A Deputación aproba investimentos en Pol e A Pastoriza

Na Xunta de Goberno da Deputación aprobáronse dous convenios de colaboración con concellos de Pol e da Pastoriza “para que poidan prestar máis e mellores servizos aos seus veciños e veciñas”, explicou Pilar García Porto, “co que respondemos á función esencial da Deputación, que é a cooperación cos concellos”.

No caso do Concello de Pol, aprobouse unha achega económica por un importe de 273.000 euros para melloras en vías públicas municipais, no campo de fútbol, e para completar e mellorar a rede de abastecemento de auga. En total, faranse 12 actuacións.

Na Pastoriza, aprobouse unha colaboración da Deputación por importe de 20.000€, destinados ao equipamento das vivendas habilitadas nas antigas escolas unitarias das parroquias de Vián e Reigosa.



**CHAIREGOS**  
SERVICIOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS**

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

**URXENCIAS**  
24  
HORAS

# DEPUTACIÓN

## Asoporcel recibe unha axuda de 39.000 euros



O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou co presidente de Asoporcel, José Barreira Alonso, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega 38.000 euros á entidade. O acordo ten como obxectivo impulsar un plan de fomento da produtividade, competitividade e rendibilidade das granxas de porco celta. José Tomé Roca explica que este proxecto de Asoporcel impulsado pola Deputación ten como obxectivo facilitar aos gandeiros e gandeiras as ferramentas necesarias para que as súas granxas acaden a máxima rendibilidade e que a produción teña a mellor saída comercial. “Estamos a falar dun conxunto de ferramentas, como o asesoramento e formación dos gandeiros e gandeiras, o control da xestión dos aspectos sanitarios de produción, o control das medidas de bioseguridade, o mantemento das insta-

lacións, o control da trazabilidade da produción e tamén aspectos comerciais e publicitarios”, subliña o presidente.

A finalidade do convenio é, polo tanto, avanzar na profesionalización do sector, asentar as ganderías existentes e atraer á xente nova para iniciar unha actividade gandeira que resulte atractiva como xeito de vida. Tomé Roca engade que “con este convenio tamén se contribúe a incrementar os servizos de Asoporcel na súa función de dinamizador da raza porcina galega, conservando moitos postos de traballo existentes na actualidade relacionados directa e indirectamente co porco celta”. Nese sentido, para a implantación do programa engadiuse un novo técnico veterinario ao cadro de persoal da asociación no 2020 e neste 2022 incorporouse un enxeñeiro agrónomo.

## Nova edición das Actividades Fluviais da Deputación

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, presentou no paseo do río Rato o programa de Actividades Fluviais que a institución provincial ofrecerá de maneira gratuíta en 10 concellos da provincia dende o vindeiro sábado, 2 de xullo, ata o 15 de agosto. No acto tamén participou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, xunto a alcaldes, alcaldesas e representantes municipais das localidades nas que terán lugar estas propostas de lecer. A programación, que chega á súa terceira edición, está dirixida a un público familiar, podendo anotarse maiores de 6 anos de idade no propio lugar da actividade ou a través do teléfono 636.504.155. Entre as actividades ofertadas, os participantes poden realizar kiai, paddle surf

ou inchables, ademais doutros xogos nas contornas fluviais. No Concello de Begonte será na praia fluvial o17 de xullo de 16.00 a 19.00 horas e no Concello de Vilalba será na área recreativa da Madalena o6 de agosto de 16.30 a 19.30 horas. “Con esta programación de Actividades Fluviais, ofrecemos ós veciños e veciñas do noso rural unha alternativa de ocio activo, ao aire libre, que pon en valor os espazos naturais, e que axuda a dinamizar a vida social e económica dos concellos”, sinalou o mandatario provincial, quen, explicou, ao mesmo tempo “seguimos consolidando un turismo de calidade e sostible, un turismo de experiencias, con capacidade para atraer xente durante todo o ano, que se apoia en elementos moi diversos”.

## Reclama axudas ás ganderías para paliar o impacto da guerra

A Deputación urxe á Xunta a que convoque canto antes unha liña de axudas para o sector gandeiro co fin de paliar o impacto da guerra de Ucraína. Así se acordou por unanimidade no Pleno ordinario do mes de xuño celebrado este martes, a raíz dunha proposta presentada polo Goberno provincial.

A voceira socialista, Pilar García Porto, expuxo que a Deputación reclama “unhas achegas directas ao sector agrario, complementarias e da mesma cantidade que as dedicadas polo Estado aos produtores de Galicia, e destinadas aos subsectores gandeiros de carne, tanto de vacún, ovino e cabrún, como avícola e cunícola”. A institución provincial tamén insta a que o Goberno galego poña en funcionamento un Observatorio de Prezos que evite que os produtores cheguen a vender a perdas, e tamén a creación dunha Axencia autonómica de Información e Control Alimentarios como ferramenta para axudar a

conseguir os obxectivos fixados pola Lei da Cadea Alimentaria.

García Porto puxo de manifesto que, “mentres a Xunta aínda non ten achegado nin un só euro en axudas ao sector, o Goberno de Sánchez duplicou a solicitude de fondos que lle pedira o ex presidente Feijóo”. Lembrou, nese sentido, que o pasado 30 de maio, 6.434 gandeiros e gandeiras galegos de leite percibiron xa 55M€, dos que 25 millóns corresponden ás 2.835 explotacións leiteiras da provincia de Lugo.

Especificou, así mesmo, que o sector cárnico está na mesma situación. “Nin un só euro da Xunta, mentres que o Ministerio de Agricultura xa se moveu e ten en trámite as achegas”, manifestou a Deputada no Pleno. “Hai que falar de que hai uns meses os prezos do leite estaban en 29 e 30 céntimos, e hoxe están en 40 e 41 céntimos, e dende logo este resultado non foi froito da loita do Partido Popular nin das súa implicación alí

onde gobernan”, dixo.

A Deputada lembrou que a proposta vai na liña da iniciativa aprobada por unanimidade o pasado 17 de xuño no Parlamento de Galicia a instancia do PSdeG para reclamar tamén unha liña de axudas ao sector agrogandeiro con fondo propios. “Naquel momento estivemos de acordo, pero é necesario lembrar tamén que Feijóo cando aínda era Presidente lle reclamaba ao Goberno do Estado 65 millóns de euros, a mesma cantidade que aportaba a Unión Europea”. Así mesmo, afirmou que dende aquel momento, ademais das medidas xerais de bonificación dos carburantes, o Goberno de España aprobou un paquete de axudas para o sector duns 360 millóns de euros, 169 deles de xeito específico para o sector lácteo; e concretou, que no caso dos sectores agrogandeiros, o Goberno “duplica a axuda europea de 65 millóns de euros, aportando outros 128 ata chegar a un total de 193”.

## A Deputación, anfitriña da Copa de España Creativa 2022



A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presentou xunto á presidenta de España Creativa, Belén Elisa Díaz, as bases e a convocatoria para optar a unha nova edición da Copa de España Creativa, que reconece iniciativas innovadoras para promocionar o desenvolvemento sostible do territorio.

Como gañadora da pasada edición deste certame de ámbito nacional, a Deputación acollerá a final do concurso este ano coa celebración do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España 2022, que terá lugar entre os días 10 e 12 de novembro baixo o título de Experiencias Lugo 2022 – Turismo, creatividade e innovación para o

desenvolvemento sostible.

A Copa de España Creativa inclúe catro modalidades: para cidades ou municipios de máis de 50.000 habitantes; para administracións de menos de 50.000 habitantes; para diferentes territorios, como rexións, illas, comarcas, provincias ou mancomunidades; e para empresas e outras entidades que dialoguen co territorio e impulsen proxectos de ámbito local ou rexional.

Os proxectos deberán abarcar dúas áreas diferentes, como urbanismo, medio ambiente, transporte, enerxías renovables, saúde, tecnoloxía, deporte ou educación, pero será requisito imprescindible que a cultura e a innovación sexan parte do mesmo.

## Publicada a concesión de axudas para actividades culturais

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia a concesión provisional de axudas de concorrencia competitiva para a organización de actividades de interese cultural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Máis de 175 colectivos e asociacións culturais das distintas comarcas resultaron beneficiarias da convocatoria, que conta cun orzamento total de 200.000 euros.

A través das achegas, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo financia clases de música e baile tradicional, obradoiros de teatro, narración oral ou pintura, actividades de formación no eido das artes escénicas, a produción de documentais, a celebración de festivais, certames, xornadas relacionadas coa historia ou patrimonio, así como outras actividades de posta en valor das tradicións e do patrimonio inmaterial organizadas por asociacións en todo o territorio.

A vicepresidenta Maite Ferreiro sinalou que “con esta convocatoria renovamos o noso compromiso coas asociacións distribuídas polas parroquias, concellos e comarcas, que facilitan o acceso á actividade cultural en todo o territorio e xeneran un dinamismo moi necesario para o sostemento do tecido económico vinculado a creación e á produción cultural”.

## DEPORTES

### Copa Deputación para o Vilalbés, Outeiro de Rei e Friol veterano

O Vilalbés fíxose coa Copa Deputación nas categorías xuvenil e infantil na mesma xornada. Pola mañá, o campo da Reigosa en Friol acolleu o partido da final infantil entre o Polvorín e o Vilalbés, no que a vitoria foi para o conxunto da Chaira, que deste modo fai dobrete, xa que tamén logrou o título de Liga e o ascenso á categoría Galega.

O conxunto chairego superou en semifinais ao Residencia B e en cuartos ao Becerreá, nos dous casos por resultados moi axustados.

E pola tarde, vitoria tamén contundente do Vilalbés B, que se fai coa Copa na categoría xuvenil ante o Ribadeo B cun amplo resultado de 1-5 no campo da Mina, na Pontenova. Malia a facilidade coa que gañaron na final, a dificultade estivo nas semifinais, nas que conseguiron a clasificación na quenda de penaltis



ante o Milagrosa e tras empatar 2-2 o duelo. En cuartos tamén chegaron ata o 2-5 ante o Pol.

Na categoría de Preferente e Primeira a vitoria foi para o Outeiro de Rei, que venceu ao Chantada Atlético por 2-3 na Medela.

Por outra banda, o Campo da Veiga, en Muras, acolleu o último partido da Copa Deputación de fútbol ve-

terano no que o AD Veteranos Friol fíxose co galardón tras vencer á Comercial por 2-1.

O equipo vencedor chegou á final de forma axustada e tras empatar o anterior partido contra o Restaurante Picato a 1 e lograr o pase á final na quenda de penaltis. En cuarto o rival que bateu foi o Sancobade e pola mínima (0-1).

### Alvariño faise co ouro na final do Campionato de Europa de Múnic

O deportista das Pontes Miguel Alvariño colgouse unha nova medalla de ouro tras gañar a final do Campionato de Europa, que se celebrou en Múnic, cun triplo dez no último set. Ademais, levou unha medalla de prata por equipos.

O seteiro galego está nun gran estado de forma, que confirma co seu gran palmarés: este novo título logrouno despois gañarse en individual unha medalla de ouro e outra de bronce nas dúas últimas Copa do Mundo, disputadas en Turquía e Co-



rea do Sur. Co título europeo, Alvariño subirá postos no ranking mundial. Actualmente é cuarto, curiosamente

tras o turco Mete Gagoz, campión olímpico que arrebatou a medalla de bronce ao tamén pontés Dani Castro —prata por equipos—. Os arquiros ponteses porán rumbo á terceira Copa do Mundo, en París, desde onde se desprazarán a Alxeria para competir nos Xogos do Mediterráneo. E quedaría por diante a cuarta Copa do Mundo, que se disputará en Colombia. Alvariño, ao ser gañador dunha cita mundial, ten a súa praza asegurada na final, que terá lugar en México en outubro.

### Dous ouros para a Escola de Movemento

A Escola de Movemento de Vilalba rematou a súa participación no Mundial de Danza con dous ouros máis no seu palmarés.

O primeiro foi para *Terra*, na categoría Mini National Dance e a segunda para *Maxia*, de Mini Acro Dance. A estas dúas posicións súmanse un bo rexistro para as outras dúas coreografías que participaron tras superar a fase de semifinais. A *roda da vida* foi quinta na categoría Children National Dance e *I AM* sexta dentro de Mini Lyrical Dance. Un total de 40 pequenas e pequenos viaxaron ata San Sebastian



para defender as súas cores vilalbesas tras superar a semifinal con 12 das 24 que presentaron. Aínda

así, acudiron á cita con 4, que foron as que reuniron todos os requisitos.



### A Northwest Triaman remata con récords

A Northwest Triaman chegou ao seu final esta fin de semana nas Pontes con dous novos récords e algunha que outra anécdota como unha perda de mano ademais dunha alta participación.

O campión deste ano na de longa distancia foi Ramón Ejeda Medida que completou a proba en 8 horas, 44 minutos e 39 segundos, recuritando en 15 minutos o rexistro do ano pasado e 19 por diante do segundo clasificado, Luis Fernández Zapico, protagonista da xornada pola pedi-

da.

Na feminina o récord foi para a gañadora, Cristina Roselló, do Tri Infinity Mósteles, que parou o crono en 10 horas, 18 minutos e 59 segundo rebaixando a marca do ano pasado en algo menos dun minuto.

En media distancia, o gañador foi Mikel Faber con 4 horas, 16 minutos e 4 segundos, que estivo acompañado por Pablo Ernesto Gómez e Pablo Marcos Pazos. En féminas a vitoria foi para Beatriz Lalaguna, que repite triunfo.

### Abre a inscrición para a carreira popular de Meira

O Concello de Meira convoca a terceira edición da Carreira Popular Vila de Meira que terá lugar o sábado 13 de agosto na vila a partir das 17:30 horas e con chegada á praza do Concello. A proba cambia para ter dúas carreiras absolutas, para maiores de 16 anos, que percorrerán 4 ou 8 quilómetros.

Ademais, establécense tamén carreiras para as distintas categorías para os menores, que van dende os pitufos, para os nados entre 2018 e 2020, ata a de cadete, para os de 2007 e 2008.

A competición de adultos ten a súa saída ás 18.30 para os de percorrido curto e ás 19.00 para os do largo.

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, s. l.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpenelas@bosch-bcs.com

# Comeza o mes das carrilanas

As localidades de Ribeira de Piquín, A Pontenova e Meira acollen en xullo as baixadas, que rematan en Alfoz en setembro

As carrilanas son o deporte de inercia máis antigo que existe. Basicamente trátase de descender portos de montaña en vehículos de 3 ou 4 rodas equipados con dirección e freos e, por suposto, sen ningunha propulsión. Córrense desde hai moitos anos nas festas patronais pero nos últimos anos teñen evolucionado combinando a competición, o bo ambiente para ser converter nunha sinal de identidade cultural da zona. Nos últimos anos convertéronse nun verdadeiro xerme de pilotos para as disciplinas do bobsleigh, skeleton e luge sobre xeo pola gran cantidade de puntos que teñen en común.

Este deporte está baixo a normativa da Federación de Deportes de Inercia ou FDI, que é unha organización sen ánimo de lucro, de ámbito nacional, que engloba, normaliza e regula a práctica deste deporte de descenso.

A provincia de Lugo empeza a ser un centro importante da práctica deste deporte, axudado sen dúbida pola súa orografía e empuxado tamén polo elevado público que acude a estas citas, que se están a contaxiar entre concellos veciños.

Agora mesmo, na provincia de Lugo dispútase ao ano sete probas deportivas e quitando a de San Clodio, en Ribas do Sil, o resto teñen lugar en concellos próximos a Abadín, que foi o xerme da iniciativa.

Das sete, cinco teñen lugar no mesmo mes, xullo e son precisamente todas en concello veciños.

O circuito comezou en Ribas do Sil o pasado 25 de xuño, na que foi a primeira das edicións da baixada e continúa este mes todas as fins de

semanas seguidas comezando por Ribeira de Piquín (o 9). A de Abadín, prevista para o 17, acordouse non celebrarse finalmente pola alta incidencia da covid. Continuarán coa Pontenova, Riotorto e Meira. Finalmente, en setembro é a vez de Alfoz, que pecha o calendario.

A tradición apórtaa Abadín e A Pontenova, esta última cita imprescindible no calendario dos deportes da inercia xa que as súas puntuacións son válidas para o Campionato e a Copa de España.

## RIBEIRA DE PIQUÍN

A Asociación Carrilanas Os Meiregos organiza a segunda baixada de carrilanas no concello de Ribeira de Piquín. A Asociación de Carrilanas os Meiregos é un club formado por veciños e amigos de Meira e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudas aos negocios.

## ABADÍN

Abadín non acollerá finalmente o descenso de Carrilanas, unha actividade que se celebra na localidade desde hai dezasete anos e que rompeu a súa progresión a pandemia. Nesta ocasión, a competición que fa ter lugar o domingo 17 de xullo con percorrido de 3.600 metros desde A Corda ata o centro de Abadín, non terá lugar.

Esta baixada decana xurdiu como complemento das festas patronais que teñen lugar en setembro pero



pouco a pouco foron agrandando a súa competencia e na cuarta edición cambiaron xa a data para xullo tendo a súa propia identidade no programa de actividades municipal.

## A PONTENOVA

O vindeiro sábado 23 e domingo 24 de xullo as carrilanas volverán á Pontenova, da man do Campionato de España dentro da Federación de Deportes de Inercia.

Esta proba deportiva comezará o sábado coas verificacións dos vehículos participantes na proba e os adestramentos. Xa o domingo 24 de xullo será o día da carreira e acto seguido a entrega de premios seguida dunha sesión vermú.

Para participar será necesario inscribirse antes do 20 de xullo. E para calquer dúbida haberá que enviar un email a motoreopontenova@gmail.com.

É a competición máis importante do ciclo lugués, xa que ademais da Copa Galicia, é puntuable para as dúas competicións nacionais.

## RIORTORTO E MEIRA

Os concellos veciños de Riotorto e Meira comparten moitas actividades e non podía ser menos neste caso. Na mesma fin de semana en días consecutivos terá lugar unha baixada de carrilanas en Riotorto o

sábado e o domingo en Meira.


Ambas as dúas están organizadas pola a Asociación de Carrilanas os Meiregos, a mesma que fai a de Ribeira de Piquín. Para a vila do Miño será tamén a segunda edición mentres que a de Riotorto terá lugar por primeira vez este ano.

## ALFOZ

Pecha o calendario a localidade de

Alfoz, que volverá ter carrilanas o 17 de setembro de 2022, un pouco lonxe do resto.

A actividade está organizada pola Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo, un club formado por veciños e amigos de Alfoz e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudas aos negocios. Sen dúbida, será o colón do verán.



DATA	CONCELLO	COPA GALICIA	COPA DE ESPAÑA	CAMPIONATO DE ESPAÑA
25 de xuño	Ribas de Sil			
9 de xullo	Ribeira de Piquín			
17 de xullo	Abadín	Suspendida		
23/24 de xullo	A Pontenova			
30 de xullo	Riotorto			
31 de xullo	Meira			
17 de setembro	Alfoz			

# Éxitos do fútbol sala comarcal

As xuvenís do FSF Castro proclámanse campioas de España e o Vilalba FS ascende a Segunda B

O Castro FSF volveuno facer. O equipo xuvenil, que se proclamou campión galego durante o curso chegou á final do Campionato de España para facerse co título por un axustado 4-3 ante o Caldes na competición que se desenvolveu en Andalucía, na localidade malagueña de Frigiliana. O equipo de Castro quedou exento de xogar os cuartos tralo sorteo polo que chegou á semifinal para enfrontarse ao Muslera, ao que derrotou implacable por 5-0. Máis difícil foi de superar o rival da final pero ao final o título veu para a comarca.

Este non era o único equipo do Castro que participaba nos campionatos de España, xa que tamén acudiron á cita o cadete e o alevín, xa que ambos os dous tamén foron campións galegos.

O cadete caeu en cuartos na quenda de penaltis ante o César Augusta tras empatar o duelo 2-2.

Mellor fortuna tivo o alevín, que na fase de cuartos derrotou ao Alcorcón por 1-2 e posteriormente caeu en semifinais ate o Pavía por un apabullante 6-1. Gran traballo para todos os equipos femininos do Castro que remataron unha tempada histórica.

**SECCIÓN MASCULINA.** O Castro FSF pon en marcha un novo



proyecto para a ampliación do club no sector masculino para a próxima tempada. Polo tanto mantén aberta a inscrición para sumarse ao equipos en todas as categorías.

Polo momento anunciou que haberá equipos dende biberón a xuvenil debido á alta demanda recibida no club que conta xa cun equipo masculino na sénior.

Os interesados en anotarse poden poñerse en contacto co club no 647 803 507 preguntando por Carmen ou de luns a venres de 17 a 19 horas no 982 096 770. Tamén poden enviarse un correo a [futbolsfcastro@gmail.com](mailto:futbolsfcastro@gmail.com). O prazo manterase aberto ata o 4 de xullo.

O club, que este ano volveu bater un récor ao acadar 3 campionatos Galegos, nas categorías alevín, cadete e xuvenil e as maiores lograron facerse ademais co título nacional. As xogadoras, que tamén acumularon a Copa Deputación na categoría cadete, foron recibidas polo equipo de Goberno trala finalización da tempada.

**VILALBA FS.** O Grupo Forma-T Vilalba logrou finalmente certificar o seu ascenso a Segunda B, tras disputar un dobre partido co Manzaneda CD de Oviedo.

O conxunto vilalbés vibrou amparado polo seu público nas dúas sesión. Na primeira, disputada en Vilalba, os xogadores remtaron cun 7-1 no

marcador facendo valer o factor campo. O segundo duelo disputado este sábado na localidade asturiana deu de novo a vitoria aos chairegos, nesta ocasión máis axustada, cun 3-4 aínda así non deixa marxe de erro e envía ao equipo de Quini dereito á Segunda B.

O Vilalba logra o ascenso tras quedar segundo na liga regular e súmase na categoría ao Ribeira e o Lugo Sala, que ascendeu este ano como campión de Liga.

**CAMBIOS NO BEGONTE.** O Concello de Begonte FS presentou ante a afección a quen ocupará o cargo de adestrador do primeiro equipo na tempada 2022/23.

Trátase de Félix Julio Novo, o que foi o técnico do CD Lugo Sala na liga Preferente e de Terceira División e que levaba xa un ano sen adestrar tras deixar o cargo por motivos persoais. Félix Julio substitúe a David Pena, quen comunicara xa ao principio da tempada que vén de terminar a súa intención de deixar a dirección do primeiro equipo para centrarse nos labores de coordinación do club e na xestión dos equipos da base.

Ademais, Noa Pires chega tamén ao club como adestradora para impulsar o fútbol sala feminino.

## O viveirense Ánxel Vizoso gaña o Volante Deputación

O viveirense Ánxel Vizoso López foi o vencedor do premio Volante Deputación, que se disputou no circuíto da Pastoriza e no que se puxo en xogo unha praza para competir na vindeiro Rally San Froilán.

O mozo viveirense foi o máis rápido na proba final (1.43.103), por diante de Pablo Núñez Fernández (1.49.130), Jesús Amor Vidal (1.52.257) e Salvador Carreira Lamas (1.52.997), que completaron o cadro de finalistas tras dúas xornadas de intensa actividade no circuíto pastoricense.

As persoas participantes na proba, organizada por PTC Escuela co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e do Concello da Pastoriza, recibiron formación en condución deportiva e tiveron a oportunidade de iniciarse na competición automobilística coas probas cronometradas que se realizaron durante a fin de semana.

O gañador poderá seguir perfeccionando a súa destreza ao volante nos próximos días, nos que recibirá formación específica para competir de forma gratuíta no Rally San Froilán, aos mandos dun Dacia Sandero Cup con asistencia do equipo Trs Racing Team.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ABADÍN**  
Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

**A PASTORIZA**  
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

**AS PONTES**  
Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

**BEGONTE**  
Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

**CASTRO DE REI**  
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

**COspeito**  
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

**FRIOL**  
Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa 982 37 10 05

**GUITIRIZ**  
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

**MEIRA**  
Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

**MURAS**  
Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

**OUTEIRO DE REI**  
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

**POL**  
Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

**RÁBADA**  
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**VILALBA**  
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

**XERMADE**  
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)

**TELÉFONOS DE INTERESE**

📞 Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

📍

**TERRACHAXA**

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507

# COLABORACIÓN

## Traballar para o inglés

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**A** todos nos resulta familiar esta expresión, polo que non precisa de moita explicación. O que ven significando, é que un se esforza en algo para que lle saquen proveito outros e non un mesmo, quen realmente fixo o traballo. Unha frase esta escoitada a cotío e quen a pronuncia en primeira persoa non pode evitar sentirse como un parvo.

Porque a ver que impresión podemos ter cando lemos novas nos xornais onde nos contan que

un país como Noruega seduce a titulados en Enfermería galegos - e tamén aos que están a camiño - con ofertas salariais de tres mil euros mensuais, así como aloxamento e formación gratuítas. Xa polo miúdo, o ofrecemento noruegués inclúe viaxes pagadas e unhas condicións laborais e profesionais do máis atractivas. Como dicir que non a tal ofrecemento, a pesares de que durante meses non se vexa aparecer o sol e as temperaturas invernales sexan moito máis baixas que na Serra do Xistral, ou que unha vez asinado o contrato, o enfermeiro/a poda ser trasladado dunha localidade a outra en función das necesidades do momento.

Un hándicap este que lles produ-

ciría risa incontrolable a aqueles profesionais autóctonos que precisan metros de papel para imprimir a súa vida laboral, con innumerables contratos, algúns non superando o día de duración. Entón, volvemos á expresión inicial e de contado deducimos o que se pretende transmitir. Aquí no País, investimos na educación de centos e centos de mozos e mozas, desde a súa etapa inicial ata a universidade, que unha vez graduados fan as súas maletas para ocuparse alén das nosas fronteiras, ante as pésimas expectativas que atopan na súa propia Terra en comparación con tentadoras propostas como a sinlada. Establecendo un símil futbolístico, somos como aqueles equipos

que traballan concienzudamente cos seus deportistas máis novos, que os forman, cuidando deles en toda a súa evolución, pero cando chegan á idade adulta e triunfan, de contado ven un clube grande e a golpe de talonario arrampla con eles, sen que se poda facer nada contra esa realidade. Pois mellor comparación, un non pode atopar.

Seguimos, como desde tempos pasados, sendo terra de emigrantes. Xa no século XIX e principios do vinte, asistimos a ese fenómeno, que se repetiría décadas despois, con diferentes destinos. Daquela, unha Galicia pobre e atrasada que non era quen de facilitar traballo de abondo aos seus fillos, polo que moreas deles

optaron por marchar. Hoxe é diferente; vemos como parte da xeración que se di a máis preparada, estudada nos colexios, institutos e universidades das nosas vilas e cidades, prepara os bártulos para exercer a súa labor profesional moi lonxe de aquí. Temos un problema e dos grandes, porque resulta que tampouco se cubren postos de traballo nun campo tan elemental, a sanidade, co que iso significa nunha sociedade avellantada como a galega. Así vemos que nalgunhas localidades, en períodos de vacacións ou baixas, médicos e enfermeiros non son substituídos.

En fin. Todo un desafío por diante, pero se seguimos traballando para o inglés, mal imos.

## Ser ou non ser

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

**E**n 2013 mantivemos un entrañable encontro con Romà Gubern, na Casa de Velázquez en Madrid, poucas semanas despois de ser distinguido coa Creu de Sant Jordi, outorgada pola Generalitat de Catalunya. Ramón Chao exercía de mestre de cerimonia aquela tarde, tras lembrar nunha conferencia previa a súa amizade co filósofo Agustín García Calvo. "Coñecino despois da revolta do 1968 en París, onde se estableceu cando a ditadura franquista o separou da súa cátedra na Universidade Complutense por apoiar as protestas estudiantís de 1965, xunto a Tierno Galván, López Aranguren e Santiago Montero, que correran a mesma sorte. O exilio levouno ao país galo, e alí exerceu como profesor na Universidade de Lille e no Collège de France. Tamén traballou de tradutor para a editorial Ruedo Ibérico. Na capital francesa coordinaba un faladoiro político no café La boule d'or, no Barrio Latino, ao que íamos todos", afirmou Chao.

A conversa posterior seguiu con García Calvo como protagonista, pois aínda estaba recente o seu pasamento, en novembro de 2012, debido a unha doenza cardíaca. Aquele singular parladoiro (do que formabamos parte Chao e máis eu, con Romà Gu-

bern e Gonzalo Abril, entre outros) rescataba da memoria o intre no que o profesor fora restablecido na súa cátedra madrileña, tras a morte de Franco, e na que ficaría até a súa xubilación en 1992.

"Durante a etapa final como docente universitario moderou unha interesante tertulia política no Ateneo da capital, á que tiven a sorte de acudir como oínte nun par de ocasións. Alí era fácil atopar a Félix de Azúa, Javier Marías ou Amancio Prada, quen se inspirara na súa obra poética para crear varias versións musicais", apuntei eu, que era o máis novo na xuntanza intelectual, onde tivemos a oportunidade de presentar o proxecto cultural de 'Amigos de Prisciliano', moi ben acollido polos asistentes.

Mais regresemos á pasaxe inicial desta crónica, cando Ramón Chao recuperaba a personalidade polifacética de García Calvo: gramático, poeta, dramaturgo, ensaísta, tradutor e pensador necesario. Contounos os detalles da entrevista surrealista que lle fixera en París, a raíz da publicación do seu poemario "Sermón de ser y no ser" en 1972. "O primeiro que me sorprendeu foi ver que o libro era totalmente inclasificable e non tiña ningunha relación coa



poesía española do momento, ao que me respondeu que el tampouco sabía moi ben o que era, e que coa súa publicación cometera unha especie de pecado, por contribuír ao torrente da industria cultural. E que por ese motivo quería que o libro se independizase del o máis cedo posible", ironizaba Chao, quen sempre amosou unha especial complicidade e simpatía polo personaxe.

De seguido, Ramón referiuse ao pensamento político de García Calvo, empeñado en dar voz a un sentir anónimo, popular, que rexeita os manexos do poder. "Dicía que na Democracia, con maiúscula, o Estado e o Capital son en realidade a mesma cousa. E que a loita popular debe dirixirse contra ambos, sen converterse nunha reivindicación, xa que iso supón recoñecer lexitimidade ao Poder, nin tampouco nunha alternativa de goberno. E afirmaba tamén

que esa loita non podía ser individual, pois o individuo -construído a imaxe e semellanza do Estado- é esencialmente reaccionario e constitúe o primeiro inimigo do pobo". As sucesivas reflexións sobre a figura do desaparecido filósofo fixeron que Romà Gubern, máis interesado pola cultura audiovisual ca pola metafísica, cambiara inmediatamente de rexistro, traendo a

colocación as súas estadías en París, cando coñecera a Chao mentres asistía ás asembleas organizadas pola Association française pour la recherche sur l'histoire du cinema.

Os estudos de Gubern sobre a cinematografía mundial, a guerra civil española, a linguaxe do cómic e a pornografía, foron totalmente pioneiros nos anos da transición. É un verdadeiro referente para a xeración de xornalistas que nos formamos nas aulas de Ciencias da Información a finais da década de 1980, tanto en Madrid como en Barcelona. Nos estertores do franquismo militar no Partit Socialista Unificat de Catalunya, de ideoloxía marxista, sendo un destacado membro da "gauche divine" barcelonesa. A piques de cumprir 88 anos (o vindeiro 8 de agosto), na súa traxectoria destaca o seu labor como investi-

gador no Massachusetts Institute of Technology e como profesor de historia do cinema na University of Southern California.

A admiración por Romà Gubern arranca da miña etapa como estudante na Universidade Complutense. Descubríno na biblioteca da Facultade, consultando a colección da revista Bang!, centrada no estudo do mundo do cómic. Naqueles anos fora un dos asinantes dos manifestos "Ante un conato de degradación del significado cultural del cómic" e "Contra la exposición Tintín y Hergé". Neste último, reivindicase a banda deseñada como forma de arte adulta e exprésase a preocupación polo confucionismo ao que inducía a devandita mostra, programada na Fundación Joan Miró da capital catalá. Aínda que non discutían a importancia do fenómeno Tintín, os autores afirmaban que "nas nosas latitudes -onde os cómics aínda non conseguiron o merecido prestixio oficial e popular que alcanzaron noutros países cultos- resulta sumamente perigoso para o recoñecemento da novena arte que esta entidade elixa, para a súa primeira exposición monográfica de cómics, unha obra con destinatarios infantís e sen o rango estético suficiente". A existencia destas reivindicacións culturais foime revelada unha fría tarde en Vilalba, no Nadal de 1989, por Agustín Fernández Paz, outro gran amante do universo da historieta; pero esa xa é outra anécdota.

## Correspondencia entre Manuel María e Gabriel Aresti (II)

### FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**O** 29 de maio de 1970, Gabriel Aresti escribelle:

“Amigo Manuel María: Espero que che escribiría o amigo Carlos Martínez. Por si se lle pasou explícame o asunto que, anque é unha pequena bobada sen demasiada transcendencia, téñolle cariño e creo que ti tamén lle collerás cariño.

Falando en prata; existe unha terrible antipatía mutua entre vascos e galegos. Non me meto a analizar as razóns neste momento, anque algún día quizá me meta a facer un estudo. Nestes momentos o único que che podó dicir é que me doe moitísimo esta situación e que nosoutros os intelectuais debemos contribuir en todo e en cada cousa para que desapareza e na vez de odios e rancores exista mutua colaboración, comprensión e respecto entre ambos pobos. Por esta razón

é o terceiro ano que, quebrando a miña norma de non ser xurado en ningún concurso e en xeral non aparecer publicamente senón polos froitos da miña pluma, vou sendo xurado do concurso de contos Breogán do Centro Galego de Baracaldo, ademais, para este ano pedíronme unha colaboración para o programa de festas nunha entrañable carta que neste momento che paso a transcribir:

Esta comunidade considera que estando mesturada como está co pobo de Euskadi, inda que conservando os seus valores e respectando os alleos sería de lecer contar no programa cunha mostra representativa dese pobo. Eís a causa de dirixirnos a vostede.

Un programa de festas é pouca cousa, pero creo que estas manifestacións da cultura na súa mesma base son as que teñen verdadeira importancia. Por elo quixen facer unha cousa máis: Na vez de facer un artigo de mala morte, preferín facer uns poemas que aborden o tema abertamente. O primeiro sería unha mensaxe aos galegos que viven aquí e o segundo o mesmo ao pobo

vasco. Naturalmente, si quero que me entendan habería de facelo orixinalmente en castelán. Falando con Martínez xurdiu a idea de traducilos tanto ao vasco como ao galego. Para darlle máis realce pensamos que na vez de facelo ao galego el ou Domínguez o fixeras ti, que o farías mellor y ademais, co teu nome avalarías a miña mensaxe.

Entón ocorréuseme un terceiro poema para pedirche que ti tamén te dirixiras a ambos pobos, que é o que, como moi especial favor che pido; que me traduzas estes tres poemas en prosa galega e que me fagas un poema no mesmo sentido que os meus para que todo elo apareza no programa indicado e sexa una forte voz a dúo que clame contra esta inxustiza, que é o mutuo odio e desprezo que os vascos e galegos se teñen en Euskadi. Faría unha tirada aparte con una portadiña, cos teus poemas e os meus, e as súas respectivas traducións de uns douscentos exemplares para repartir, cen entre os intelectuais vascos e outros cen entre os galegos.

Faralo? Pero rápido, eh!, que Santiago acércase.

Recibín con periodicidade os libríños que publicades. Están moi ben”.

A continuación fai unha crítica moi sincera da poesía do poeta chairego:

“Das túas cancións hai algunhas que son estupendas, sobre todo as irónicas e as dramáticas:

O home protesta.

A muller baixa a texta e non contesta.

Las líricas baixan moito. Ti e mais eu temos iso en común: Fallo no lírico e superación no dramático. Quizá proveña das nosas inclinacións teatrais.

Eu sigo coa miña labor editorial gastando moitísimas horas, sen gañar un céntimo pero, cos meus camaradas, facendo a mellor obra editorial que nunca se fixo en éuscaro.

Non che mando os libros porque presumo que ao estar en éuscaro non che interesan. Si che mandarei, sen embargo, o libro da unificación do éuscaro que estou rematando de imprimir. Cando cho mande explicareiche todas as leas

que tivemos. Pódeche servir de orientación para o voso caso. Xa sei que que a voso Academia deua as normas ortográficas. A nosa é moito máis cemiterio, que é de cadáveres, e non fai nada. Entón reunímonos os escritores progresistas e conxuntamente coas organizacións das escolas vascas e dos da campaña de alfabetización de adultos chegamos a unha base firme do comezo de unificación da lingua, desde as normas ortográficas hasta un diccionario básico, pasando pola conxugación e a declinación. Máis dun 80% do asunto, para a miña desgracia, é obra miña; un 10% foime imposto contra razón e outro 10% con razón. Podo calcular que nestes momentos un 35% do pobo está con nós e dentro de 7 anos estará o 90%. Avance xigantesco, cando fai 7 anos soamente estábamos nesta liña, Mirande en París, eu en Bilbao e Krutwig no exilio roxo. Un abrazo do teu amigo”.

Non cabe dúbida que a profecía do poeta vasco está máis que cumprida, pois hoxe o éuscaro está unificado e non hai ninguén que se opoña a esa unificación.

## Covid e saúde mental

### O PUPITRE



Julio Díaz

**A** pandemia que vivimos acaba de poñer de manifesto, incluso de moda, todo o referido a saúde mental dos nosos rapaces e tamén de nos mesmos. De feito, permite que os temas referidos a esta cuestión, ocupen as primeiras páxinas da maioría dos medios de comunicación, sendo unha constante as continuas disertacións de boa parte de nosos dirixentes que, de forma aberta e directa, tratan sobre a saúde mental. Temos que recoñecer que dous anos de pandemia conseguiron mais que todo o esforzo de décadas de loitas e reivindicacións dos profesionais e das familias das persoas afectadas.

A saúde mental dos mozos españois de entre 15 e 19 anos sufriu un violento revés nos derradeiros dous anos. Os problemas relacionados ca saúde mental pasaron dun 9,5% no ano 2019 ao 17,7% no 2021. Hai que ter en conta que, antes da crise do Covid-19, neste sector da poboación era onde me-

nos se detectaba a idea de suicidio, pero agora, pola contra, encabeza o grupo que con maior frecuencia posúe este tipo de pensamento suicida, pasando dun 5,5% no 2019 ao 12,3% no 2021, no grupo de idade de 15-19 anos, e do 6,3% no 2019 ao 9,2% no 2021, no de 20 a 24 anos. Estes datos son algunhas das conclusións do Barómetro Xuvenil de Saúde e Benestar da Fundación Mutua Madrileña, realizado en España entre os mozos de 15 a 28 anos. Neste estudo constátase ademais a percepción que este grupo poboacional ten respecto o empeoramento da súa saúde física e mental nestes derradeiros anos. Este feito, debe espertar en nos, os docentes, unha alerta constante na vixilancia dos seus estados de ánimo.

Nestes últimos anos o deterioro da saúde mental que, por diferentes motivos, xa estaban sufrindo on nosos mozos, foi de repente incrementado e acentuado dun xeito notable pola chegada do Covid-19. Pero eles, ademais, víronse afectados por graves aspectos colaterais á propia pandemia como o peche dos seus centros educativos, o medo ao contaxio, as constantes noticias sobre falecementos, as en-

fermidades no entorno familiar e incluso mortes, a imposibilidade de actividade física no exterior... Todo isto provocou un cambio substancial nas súas vidas: excesivo tempo na casa, moitas delas diante da tele e das “maquiniñas”, sempre co móbil na man, con unha dependencia obsesiva das redes sociais e case nulo contacto co exterior e cos seus compañeiros.

Durante o confinamento desapareceu de feito o contacto directo con amigos, profesores, monitores deportivos, traballadores sociais... facendo que o número de consultas de saúde mental, mesmo de ingresos psiquiátricos, infantís e xuvenís, aumentaran de forma exponencial, acentuando e agravando os problemas que xa se sufrían antes do Covid-19.

Somos os propios docentes os que, a pesar da escasa preparación recibida para detectalos, observamos mais ansiedade, depresión, agresividade, estres e trastornos de conduta alimentaria nos nosos alumnos. Isto require unha urxente intervención das administracións educativas para lograr un amplo e consensado Plan de Saúde Mental Escolar que minimize os devastadores efectos da pandemia

### O RECUNCHO DE CANELINA



que voltou do revés o equilibrado, pero á vez fráxil quebracabezas, que intentamos manter nos nosos centros educativos no referente a saúde mental e a convivencia dos nosos rapaces. É por tanto indispensable deseñar e executar estratexias e programas baseados na prevención, avaliación e intervención nos avanzados trastornos mentais que os docentes observa-

mos como se agudizan día a día de forma incesante e alarmante. A pandemia visibilizou os retos os que debemos enfrentarnos respecto a saúde mental dos nosos alumnos. É imprescindible que adoptemos medidas e que establezcamos estratexias para proporcionar ó alumnado un benestar emocional adecuado que pouco a pouco borre as fendas que a pandemia xerou.

DE RUTA EN RUTA

# Friol: Ruta polos tesouros do municipio

Un roteiro que percorre os distintos vestixios históricos que se conservan no Concello dende a época megalítica

**A**demais da edificación do Concello e a fortaleza de San Paio de Narla, en Friol quedan aínda vestixios megalíticos e castrexos, os máis antigos que conserva este municipio. Esta terra foi tamén ocupada por romanos e visigodos.

Na Idade Media as familias Ulloa, Parga e Seixas repartíronse o poder neste termo e como boa mostra diso pódense ver as edificacións, torres e castelos, que ocupan o territorio: a torre de Friol, a fortaleza de San Paio de Narla, a torre de Miraz, o Pazo de Remesil e de Trasmonte.

A fortaleza de San Paio de Narla é de orixe descoñecida e foi reconstruída no século XVI por don Vasco de Seixas, señor da Casa Solar e Castro de Seixas e do Pazo de San Paio de Narla; fillo de Don Vasco de Seixas "o vello" e de María Álvarez de Sotomayor e neto de Don Vasco de Seixas, quen xa no século XIV era señor de San Paio, Osera, Chantada, Ferreira, Samos, Sobrado e Eiré. Participou na loita dinástica dos Trastámara en favor de Don Enrique. Naquela época quedou repartido o espazo señorial lucense entre apenas cinco familias: os Vázquez de Seixas, Ulloa, Lemos, Saavedra e Pardo.

Este roteiro pódese iniciar en Cotá por un carreiro entre árbores ata saír a un cruce de camiños cun curioso cruceiro que chama a atención porque

lembra aos cruceiros irlandeses, por non ter columna e capitel. Levántase sobre unha estrutura de triplo paso e pedestal rectangular cuxo lado maior coincide cos brazos da cruz e toda ela está percorrida por unha decoración de círculos con radios curvos, dez en cada lado, que lembran as esvásticas celtas ou ben aos bubones alusivos á peste que aparecen nas cruces de peste bretoas dos SS XVI e XVII.

Nese mesmo cruce existe unha casa de pedra antiga cuns pendellos encostados á fachada. Estes usábanse en días de mercado para vender produtos da zona. Seguindo o camiño, o roteiro transcorre por pistas de terra entre muros ata chegar a outro tesouro, o Dolmen de Muroxosa ou Forno dos Mouros. Esta construción funeraria, é unha

pequena entrada na que a súa cámara posúe unha estrutura poligonal tendente a circular cunha pedra cobertora monolítica. No seu interior atopouse un vaso campaniforme que se converteu nunha excepción nos xacementos megalíticos galegos.

O paseo continúa entre os muros, piñeiros, carballos, bidueiros, regatos e pistas que as veces cruzan o río Narla ata volver a Friol e o milario romano da vía XIX da época do emperador romano Antonino que indicaba as millas que faltaban ata chegar a Lugo e que está situado na praza do Concello, pero é unha copia xa que o orixinal consérvase no Museo Provincial de Lugo. Dende alí crúzase a estrada por unhas escaleiras cara ao río Narla e chégase ata o Muiño de Serén.





## CAP

### TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



formación integral de empresas

## Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
 Telf.: 982 51 36 05